Michael Kohlhaas

Heinrich von Kleist

Tradución de Xosé María García
e Elisabeth Schaible

ATG
asociación de
tradutores
galegos

Michael Kohlhaas

Heinrich von Kleist

Tradución de Xosé María García e Elisabeth Schaible

Dunha antiga crónica (1810)

Contra mediados do século 16 vivía a carón do Havel un tratante de cabalos chamado Michael Kohlhaas. Este home fóra do común podería ter personificado ata os seus trinta anos o modelo do bo cidadán. Nun lugar que aínda leva o seu nome posuía unha granxa da que vivía en paz da súa profesión. Educou ós fillos que a súa muller lle deu no temor de Deus, na laboriosidade e na fidelidade. Entre os seus veciños non había un só que non estivese satisfeito da súa bondade ou da súa rectitude; en poucas palabras, o mundo debería honrar a súa memoria se non se tivese excedido na súa virtude. Mais o seu sentimento da xustiza fixo del un ladrón e un asasino.

Cabalgaba nunha ocasión cara o estranxeiro, levando unha manda de poldros, todos ben mantidos e relucentes, mentres cavilaba sobre como investiría a ganancia que esperaba facer con eles nos mercados: en parte, á maneira dun bo negociante, en novas ganancias e, en parte, tamén no goce do presente. Ó chegar ó Elba, a carón dun impoñente castelo señorial, xa en territorio de Saxonia, encontrou unha barreira atravesada no camiño que nunca antes atopara neste percorrido. Parou os cabalos nun intre no que caía a choiva, mentres chamaba polo gardián da barreira, que, pouco despois, miraba pola fiestra con cara de xenreira. O tratante díxolle que lle abrise: “Que novidade é esta?”, preguntou en canto o empregado da fronteira, despois dun bo anaco

de tempo, saíu da casa. “É un privilexio señorial concedido ó señor morgado Wenzel von Tronka”, dixo, mentres abría a barreira. “Ah!, o señor chámase von Tronka?”, dixo Kohlhaas, botando unha ollada ó castelo, que coas súas espléndidas ameas dominaba o campo. “Morreu o vello señor?”, “Dun ataque de apoplexía”, respondeu o alfandegueiro, erguendo a barreira. “Vaia; que mágoa!”, dixo Kohlhaas. “Un honorable ancián que se alegraba polo tránsito da xente, que axudaba ó comercio na medida das súas posibilidades e nunha ocasión mandou construír unha calzada de pedra porque unha egua de meu, aló fóra onde o camiño entra no lugar, partira un ha pata. Ben; e logo, canto debo?”, preguntou e despois, sacando con moita dificultade da súa capa revolta polo vento os grosos que o alfandegueiro lle esixía e dicindo “si, señor, si” ó home que rosmaba “apura, apura!”, mentres maldicía o temporal. “Se o pau da barreira tivese quedado no bosque, sería mellor para min e para vostede”. Kohlhaas deulle o diñeiro e coa mesma xa quería seguir camiño cos cabalos. Mais aínda non pasara por debaixo do pau da barreira, cando detrás del resoou con desprezo unha voz desde a torre: “alto aí, negociante de cabalos!”, e Kohlhaas viu como o administrador do castelo pechaba unha fiestra e baixaba de presa cara o seu carón. “A ver; que novidade hai agora?”, preguntouse o Kohlhaas, parando os cabalos. O mordomo, mentres se abotoaba o chaleco sobre o seu vasto corpo e poñéndose de lado contra o vento e a auga, esixiulle o permiso de tránsito. Kohlhaas preguntou: “O permiso de tránsito?”, e, un pouco confuso, dixo que, polo que el soubese, non tiña ningún, mais que só con que lle explicasen que cousa de Deus era iso, entón sería posible que casualmente estivese provisto dunha cousa así. O mordomo do castelo, botándolle unha ollada de lado, replicoulle que sen un documento de autorización do señor daquelas terras ningún comerciante de cabalos sería autorizado a pasar a fronteira con cabalos. O tratante asegurou que el pasara a fronteira sen un documento así dezasete veces na súa vida, que el coñecía exactamente tódalas disposicións señoriais relacionadas coa súa profesión, que só se podía tratar dun erro e por iso el pedía que se recapacitase e que, por favor, non o retivesen alí máis tempo sen necesidade, pois a súa xornada aínda estaba lonxe de rematar. O mordomo contestoulle que se coaría unha décima oitava vez, que por iso a orde fora dada moi recentemente e que el tería ben que mercar o permiso de tránsito alí mesmo ou ben dar media volta e volver por onde viñera. O tratante, que xa se empezaba a amargar por aquela extorsión contraria a toda lei, despois de recapacitar un intre, desmontou do cabalo, que deu a un servente e dixo que desexaría falar diso persoalmente co mesmo señor von Tronka. E coa mesma dirixiuse ó castelo seguido

polo mordomo, murmurando contra os avaros acaparadores de diñeiro e do proveitoso que sería sangralos, e así entraron ámbolos dous na sala medíndose coa mirada. Deuse o caso de que o señor estaba sentado bebendo na compaña duns alegres amigos de seu e por efecto dunha historia divertida resoou unha gargallada inacabable no mesmo intre no que Kohlhaas se achegaba a eles para presentar a súa queixa. O señor preguntoulle que quería; os cabaleiros, en canto viron aquel estraño home, calaron. Porén, apenas este empezou a presentar a súa petición referente ós cabalos, todo grupo berrou: "cabalos?; onde están?", e correron ás fiestras para contemplalos.

En canto avistaron a magnífica recua baixaron nun voo ó patio. Parara de chover; o mordomo, o administrador e os serventes xuntáronse arredor dos cabalos, examinando ós animais; un loaba ó alazán coa mancha branca na fronte, a outro gustáballe o castaño escuro e todos eran da opinión de que os cabalos eran coma cervos e que en todo o país non se criaban mellores. Kohlhaas retrucou, animado, que os cabalos non serían mellores que os cabaleiros que os deberían montar e animounos a compralos. O fidalgo, ó que o poderoso alazán tostado o atraía fortemente, preguntoulle tamén a Kohlhaas polo seu prezo, o administrador aproveitou para animalo a comprar un par de cabalos negros que el pensaba poder empregar nos traballos dos campos, pois tiña escaseza de cabalos; mais en canto o tratante deu a súa explicación, ós cabaleiros pareceulles caro demais e o fidalgo díxolle a Kohlhaas que tiña que cabalgar até mesa redonda e procurar ó rei Arturo, se lle poñía tales prezos ós cabalos. Kohlhaas, que viu ó mordomo e ó administrador moumeando polo baixo un co outro, mentres lles botaban elocuentes olladas ós morcegos, movido por un escuro presentimento, non escatimou esforzos para venderlles os cabalos. Díxolle ó fidalgo: "Señor, os morcegos custáronme hai seis meses 25 floríns de ouro; dádeme trinta e serán vosos". Dous dos cabaleiros que acompañaban ó fidalgo dixeron con claridade que os cabalos seguramente valían iso; aínda así o fidalgo manifestou que polo alazán certamente que si, mais polos morcegos non quería gastar diñeiro e xa se dispuña a marchar cando Kohlhaas dixo que quizais a próxima vez que el pasase por alí cos seus facos faría algún negocio con el; presentou os seus respectos ó fidalgo e colleu as rendas do seu cabalo disposto a seguir viaxe; nese intre saíu o mordomo e dixo que acaba do oír que sen un permiso de paso non pode viaxar. Kohlhaas, dando a volta, preguntoulle ó fidalgo se esta circunstancia que estragaba todo o seu negocio era cousa de dereito. O fidalgo, con cara de desconcerto, respondeu, ó tempo que marchaba de alí: "Si, Kohlhaas, tes que mercar o permiso de

paso. Fala co mordomo e segue o teu camiño". Kohlhaas aseguroulle que de ningún xeito tiña a intención de saltar as disposicións que puidesen rexer alí con respecto á exportación de cabalos. Comprometeuse a pagar o permiso de paso en Dresde na chancelaría secreta ó atravesar a cidade cos seus cabalos e suplicou que por esta única vez se lle deixase seguir viaxe pois non soubera nada daquela esixencia. "Ben!", dixo o fidalgo, pois o temporal empezaba a erguerse de novo e o vento sacudía os seus secos membros, "deixade ir ó pobre home. Vamos!", dixo dirixíndose ós cabaleiros, dando media volta, mentres acenaba que entrasen no castelo. O mordomo, dirixíndose ó fidalgo, dixo que Kohlhaas debería deixar polo menos unha prenda como peñor de que abonaría o permiso de paso. O fidalgo detívose de novo na porta do castelo. Kohlhaas preguntou que valor debería deixar, entón, en diñeiro e en cousas como prenda por mor dos cabalos negros. O administrador, opinou, murmurando para as súas barbas, que podía deixar os propios cabalos."Certo —dixo o mordomo— iso é o máis conveniente; en canto teña pago o permiso poderaos recoller cando queira". Kohlhaas, baixo a impresión que lle causaba unha esixencia tan descarada, díxolle ó fidalgo, que, aterecido de frío, se protexía o seco corpo coa chupa, que quería vender os morcegos, mais este, no mesmo intre no que un golpe de vento metía polo portal unha gran carga de choiva e sarabia, para por remate a toda aquela historia, berrou: "Se non se quere desprender dos cabalos, botádeo fóra para o outro lado da barreira" e coa mesma foise. O tratante, vendo que estaba forzado a ceder ante a violencia, decidiu cumprir o que lle esixían, visto que non lle quedaba outro remedio; desenganchou os morcegos e levounos a unhas cortes que lle indicou o mordomo. Deixou con eles a un servente, ó que proveu con diñeiro, advertíndolle que atendese ben ós cabalos até a súa volta e seguiu viaxe co resto da recua cara a Leipzig, onde quería acudir á feira, mais non acababa de dar creto a que unha orde como aquela fose publicada en Saxonia, onde a cría de cabalos estaba nos seus inicios.

En Dresde, onde nun arrabalde da cidade tiña unha casa coas súas cortes, xa que desde alí adoitaba levar o seu negocio aos pequenos mercados da rexión, acudiu inmediatamente despois da súa chegada á secretaría particular, na que informou polos conselleiros, algúns dos cales xa lle eran coñecidos, de que a historia do permiso de tránsito era un conto fantástico, cousa que, por certo, xa fora a súa primeira idea. Kohlhaas, ó que os desgustados conselleiros lle estenderon, á súa petición, unha nota escrita sobre a carencia de fundamento daquela historia, riu polo baixo a brincadeira do

seco fidalgo, aínda que, con todo, non alcanzaba a comprender o que este pretendía realmente con ela.

Unhas semanas máis tarde, vendida para súa satisfacción a manda de cabalos que levara consigo e sen outra sensación de amargura máis que a miseria xeral do mundo, volveu ó castelo dos Tronka. O mordomo, ó que lle amosou a nota, non fixo ningún comentario ó respecto e, en resposta á pregunta do tratante sobre a posibilidade de recuperar agora os seus cabalos, díxolle que fixese o favor de baixar por eles a recollelos. Mais Kohlhaas xa ó atravesar o patio tivera de entrada a desagradable noticia de que o seu servente xa poucos días despois de que o deixara no castelo dos Tronka recibira unha malleira e fora expulsado de alí polo seu comportamento impertinente. Ó rapaz que lle dera a nova preguntoulle que fixera o criado para recibir aquel trato e quen coidara ós cabalos entre tanto, ó que o rapaz respondeu que non o sabía; despois abriulle a porta da corte na que estaban os cabalos ó tratante ó que xa o corazón non lle cabía no peito ante o que se aveciñaba. Mais, que grande foi o seu pasmo cando, en vez duns finos e ben mantidos cabalos negros, contemplou un par de mirrados e decaídos barrufeiros: ósos nos que poderían pendurar cousas coma en barrotes, crinas e pelo desatendidos, descoidados e amazocados: a auténtica imaxe da miseria no reino dos animais!

Kohlhaas, ó que os cabalos cun fraco xesto saudaron cun rincho, indignouse até o extremo e preguntou que lles sucedera ós seus facos. O mozo que estaba con eles dixo que non lles pasara nada especial, que tamén recibiran a súa parte correspondente de forraxe, pero, sendo tempo de seitura e habendo escaseza de animais de tiro, foran empregados un pouco no traballo dos campos. Kohlhaas maldiciu aquela violencia vergoñosa e produto da confabulación intencionada; mais, sabedor da súa situación de indefensión, enguliu a súa rabia e, ó non ficarlle outra posibilidade, xa se dispoñía a abandonar cos seus cabalos aquelas cova de ladróns cando, atraído pola conversa, apareceu o mordomo do castelo preguntando que pasaba alí. “Que que pasa?”, respondeu Kohlhaas. “Quen lle deu ó fidalgo von Tronka e á súa xente permiso para servirse dos meus cabalos, que deixei aquí, para traballaren os campos?”; e mentres preguntaba aínda se iso podería ser propio de xente, tentou estimular os facos cunha presa de cebada, facéndolle ver ó mordomo que non reaccionaban. O mordomo, despois de observalo durante un certo tempo, retrucoulle: “Mirade este pailaroco; non podería o

maleducado darlle grazas a Deus de que os barrufeiros polo menos aínda estean vivos?”. Preguntou quen os debería ter alimentado, pois o servente fuxira e se non sería xusto que os cabalos gañasen nos campos a forraxe que se lles dera e para concluír advertíndolle que se deixase de andrómenas se non quería que chamase os cans, cos xa sería quen de impoñer a calma no patio. Ó tratante de cabalos batíalle o corazón contra a chupa. Sentía o impulso de guindar na bosta a aquel indigno bazuncho regordete e chantarlle o pe sobre a súa faciana de bronce. Mais o seu sentido da xustiza, semellante a unha balanza de ourive, aínda oscilaba. Ante a barreira do seu propio peito aínda non estaba convencido de que a culpa cargase sobre o seu rival; e mentres el, engulindo o discurso insultante, se achegou ós cabalos, sopesando en silencio as circunstancias, e lles arranxaba as crinas, preguntou con voz abatida en virtude de qué falta fora afastado do castelo o servente. O mordomo contestou: “Porque o truán se portou con teimosía no curral: opúxose obstinadamente a un necesario cambio de corte e esixiu que os cabalos de dous señores novos que chagaran ó castelo dos Tronka pasasen a noite ó raso por mor dos seus facos!”. Kohlhaas daría canto valían os cabalos por ter o servente á man e poder comparar así a súa declaración coa do mordomo. Aínda estaba alí de pe, acariñándolles as patas ós cabalos, mentres cavilaba que cumpría facer naquela situación, cando de repente a escena cambiou e o fidalgo Wenzel von Tronka irrompeu no patio envolto nun enxame de cabaleiros, serventes e cans, de volta da caza; á súa pregunta sobre o que estaba pasando o mordomo tomou inmediatamente a palabra e, mentres, por unha banda, os cans, vendo a aquel estraño, empezaron a ouvearen desaforadamente contra el e os cabaleiros, por outra, lles ordenaban que calasen, amosoulle ó fidalgo, deturpando do xeito máis odioso a realidade, que clase de rebelión estaba argallando aquel tratante de cabalos polo feito de que os seus cabalos fosen empregados un pouco; dixo, entre risadas de burla, que aquel se negaba a recoñecer ós cabalos como seus. Kohlhaas berrou: “Señor, estes non son os meus cabalos. Eu quero recuperar os meus cabalos ben mantidos e sans!”. O fidalgo, momentaneamente demudado, dixo: “Se o señor H... A... non quere recuperar os cabalos, sexa! Ven Günther! —chamou— Hans! Veña!”, mentres se sacudía coa man o po das perneiras. “E traede viño!”, berroulles aínda, cando xa estaba cos cabaleiros debaixo da porta, entrando na casa.

Kohlhaas dixo que prefería chamar ó esfolador e mandar botar os cabalos na burata do esfoladoiro antes que levalos así como estaban á súa corte de

Kohlhaasenbrück. Deixou quedar os cabalos naquel sitio tal como estaban e xurando que sabería obter xustiza, montou no seu alazán e saíu ó galope.

Xa ía a uña de cabalo camiño de Dresde, cando, pensando no servente e na acusación que se lle fixera no castelo, empezou a cabalgar a modo e antes de andar mil pasos virou o cabalo e colleu polo camiño de Kohlhaasenbrück para, antes de nada, interrogar ó servente, como lle pareceu prudente e xusto facer, pois, en efecto, un sentimento de rectitude xa familiarizado coa fraca constitución do mundo, levábao á propensión de, malia as ofensas sufridas, aceptar a dor da perda dos cabalos como unha consecuencia xusta daquela culpa no caso de que ó servente, como pretendía o mordomo do castelo, se lle puidese cargar algún tipo de culpa. Porén, unha sensación igualmente xusta, e tratábase dun sentimento que botaba raíces cada vez máis profundas a medida que avanzaba cabalgando —e en tódolos lugares ande pousaba oíu falar das inxustizas que se cometían a diario contra os viaxeiros no castelo dos Tronka—, dicíalle que se todo aquel incidente, como tiña toda a aparencia, era unha simple intriga, el contraía con todas as súas forzas a obriga ante o mundo de obter satisfacción polo agravio sufrido e de garantirlles seguridade antes outros futuros ós seus concidadáns.

En chegando a Kohlhaasenbrück e unha vez abrazada Lisbeth, a súa fiel dona, e bicados os seus fillos, que saltaban de ledicia arredor das súas pernas, preguntou inmediatamente por Herse, o seu servente maior e se non se oíra nada del. Lisbeth dixo: “Si, meu querido Michael; ese Herse! Figúrate que ese malpocado hai uns quince días chega mallado da maneira máis lamentable; que digo?, tan desfeito que nin sequera pode respirar libremente. Levámolo á cama, onde bota sangue pola boca e, despois de moito insistir coas preguntas, conta unha historia que ninguén comprende: que foi deixado por ti no castelo dos Tronka cuns cabalos ós que no se lles permitira o paso, que foi obrigado a abandonar o castelo despois de sufrir os abusos máis aldraxantes e que lle sería imposible levar os cabalos consigo”. “Así que é iso. —dixo Kohlhass, sacando a capa— Xa está reposto?”. “Agás no cuspir sangue, vai medio curado. Eu quería mandar de inmediato un servente ó castelo dos Tronka para que mirase polo coidado dos cabalos negros até a túa volta. E, como o Herse sempre foi un home verdadeiro e tan fiel para connosco, de feito coma ningún outro, eu non era quen de dubidar nin no máis mínimo do que dixo, reforzada aínda nesta confianza por tantos pormenores, nin de pensar, por exemplo, que perdera os cabalos doutro xeito. Por

contra, el suplicoume que non permita que ninguén se deixe ver naquela cova de ladróns e que dea os cabalos por perdidos, se non quero sacrificar xente por eles". "Aínda está encamado?", preguntou Kohlhaas, sacando o pano do pescozo. "Xa anda polo patio desde hai uns poucos días. Xa verás —continuou ela— que todo encaixa e que este suceso é un dos abusos que desde hai pouco para aquí se permiten no castelo dos Tronka contra os forasteiros". "Isto aínda o teño que investigar antes de nada; —contestou Kohlhaas— chámao ó meu carón, Lisbeth, se está erguido". Ditas estas palabras, sentou na cadeira de repouso e a muller, moi contenta pola serenidade que el tiña, foi e trouxo ó servente.

"Que fixeches no castelo dos Tronka?" —preguntou Kohlhaas, cando Lisbeth entrou no cuarto co Herse— Porque eu non estou satisfeito contigo". Ó servente, oíndo estas palabras, fóiselle virando vermella por partes a súa pálida cara, permaneceu calado un momento e logo dixo: "Ten vostede razón, meu señor, pois a mecha que eu, por vontade de Deus, levaba encima para poñerlle lume á cova de ladróns da que fora expulsado, tireina ás augas do Elba ó sentir os choros dun neno que había alí dentro e pensei: que o reduza a cinzas o raio divino; eu non o quero facer!". Kohlhaas, conmovido, dixo: "Que fixeches para que te botasen do castelo dos Tronka?". Ó que Herse respondeu: "Foi por unha desafortunada trasnada, señor; —e secouse o suor da fronte— mais o sucedido non se pode cambiar. Eu non quería botar a perder os cabalos no traballo dos campos, porque dixen que aínda eran novos e non foran postos ó tiro". Kohlhaas corrixiu, tentando de ocultar a súa confusión, que Herse non dixera toda a verdade neste punto, pois os cabalos xa a primeiros do ano anterior estiveran un pouco tempo ó tiro: "Ti poderíaste ter amosado disposto alí no castelo, onde eras unha especie de hóspede, algunha vez ou varias, precisamente cando maior era a urxencia para gardar a colleita coa máxima rapidez", "E tamén o fixen, señor; —dixo Herse— eu pensei que, como me amosaban malas caras, iso non lles aproveitaría ós cabalos. A terceira mañá púxenos ó tiro e levei tres carretadas de herba seca". Kohlhaas, ó que o corazón lle fervía, deixou caer a mirada ó chan e dixo: "Disto non se me dixo nada, Herse". Este aseguroulle que era así, engadindo: "A miña descortesía consistiu en que eu a mediodía non quería poñer de novo os cabalos ó xugo, porque aínda non comeran case nada, e tamén en que ó mordomo e ó administrador, que me propuxeran proporcionarme forraxe de balde para os cabalos a cambio de botar no saco o diñeiro que vostede me deixara para gastos de mantenza eu lles contestei que iso non, pero a cambio faría

calquera outra cousa, despois dei media volta e funme". "Aínda así, por esta descortesía non fuches botado do castelo dos Tronka", dixo Kohlhaas. "Deus me libre! —dixo o servente— Foi por un delito de lesa divindade: aquela tardiña levaron á corte as monturas de dous cabaleiros que viñeran ó castelo dos Tronka e ataron os meus ás portas da corte e, como eu lle saquei da man os cabalos ó mordomo, que os levaba persoalmente, e lle preguntei onde ían quedar agora os animais, en resposta indicoume coa man un cortello dos porcos, feito de táboas e paus, que estaba arrimado á muralla". "Ti queres dicir —cortouno Kohlhaas— que era un acubillo tan malo para cabalos, que era máis parecido a un cortello de porcos que a unha corte". "Era un cortello de porcos, señor, —respondeu Herse— real e verdadeiramente un cortello de porcos no que os marráns entraban e saían e no que eu non me podía ter de pe". "Se cadra aínda era posible atopar un refuxio para os cabalos negros; —replicou Kohlhaas— os cabalos dos señores tiñan, en certo xeito, preferencia". "O sitio —respondeu o servente, baixando a voz— era estreito. Naquel momento paraban no castelo un total de sete cabaleiros. Se fose vostede, tería feito xuntar un pouco os cabalos. Eu dixen que quería buscar na aldea unha corte de aluguer, mais o mordomo replicoume que non quería perder de vista os cabalos e que eu non debería ter a cara de sacalos do curral". "Hm! —dixo Kohlhaas— Que decidiches facer entón?". "Como o administrador falou de que os hóspedes só pasarían alí aquela noite e na mañá seguinte continuarían a súa viaxe, decidín levar os cabalos ó cortello dos porcos. Mais o día seguinte pasou sen que se cumprise o dito e cando saíu o terceiro día dixeron que os señores aínda pasarían unhas semanas no castelo". "Finalmente a cousa non era tan mala no cortello dos porcos, Herse, —dixo Kohlhaas— como che parecera cando ó primeiro botaches o nariz dentro". "É certo —dixo aquel— Porque varrín un pouco aquel sitio e deste xeito a cousa foi indo. Á criada deille un groso para que metese os porcos noutra parte e ó longo do día tamén me apañei para que os cabalos puidesen estar de pe, apartando ou sacando táboas do tellado ó alborexar o día e volvendo a colocalas á noite; así sacaban a cabeza por encima do tellado como se fosen gansos e coa mirada buscaban Kohlhaasenbrück ou calquera outro sitio onde se estivese mellor". "Ben, mais agora, —preguntou Kohlhaas— por amor de Deus, por que razón te botaron?". "Señor, voullo dicir: —respondeu o servente— porque se querían librar de min; porque mentres eu estivese alí non poderían explotar os cabalos; en calquera sitio onde os criados se cruzaban comigo, no patio ou no cuarto dos serventes, púñanme caras de rabia e, como eu pensaba: retorcede os fociños até que rebenten, aproveitaron a oportunidade e botáronme fóra". "E o motivo?

—insistiu Kohlhaas— Algún motivo tiveron que ter". "Claro que si —respondeu Herse— e ademais o máis xusto. A noite do segundo día que pasei no cortello dos porcos collín os cabalos, que alí aínda se emporcaran máis e quería cabalgar con eles até o bebedoiro e no intre no que me atopo pasando por debaixo do portal do castelo e quero dar a volta oio ó mordomo e ó administrador que se precipitan detrás de min saíndo do cuarto dos criados, seguidos por serventes con cans e paus, mentres berran 'alto!, ladrón!, Alto!, pillabán!'. Parecían posuídos. O gardián do portal cortoume o camiño e, como lle preguntei a el e á manada desaforada que viña cara a min: "Pero, que pasa agora?, Que pasa?", respondeu o mordomo, collendo os meus dous cabalos negros polas rendas. "Ónde queres ir cos cabalos?", dixo agarrándome polo peito. "Eu digo: Ónde quero ir?; lóstregos do ceo! Quero cabalgar até o bebedoiro". "Este pensa que eu...?, ó bebedoiro? A ti, cazurro, quéroche ensinar a nadar pola camiño real cara a Kohlhaasenbrück". E cun malicioso pulo asasino, axudado polo administrador, que me agarrou por unha perna, tírame do cabalo, de xeito que eu, co longo que son, me vexo na estercada, berrando "Asasinos!, Raios e centellas!" Diante de min, no chan da corte están os arreos dos cabalos, as mantas e un vulto con roupa branca miña; mais el e os criados, mentres o administrador saca de alí os cabalos, bótanse sobre min con patadas, vergallos e paus de maneira que caio medio morto diante do portal do castelo. Eu berro: "Bandidos!" e "Ónde me levan agora os cabalos?" En canto me ergo, bérrame o mordomo: "Fóra do patio do castelo!" E tamén "Veña, Kaiser!, veña, Cazador!, veña, Spitz!" E unha manda de máis de dez cans bótase a min. Eu reacciono arrancando unha táboa, ou non sei qué, do cercado e deixo mortos á meu carón a tres cans, mais, cando, atormentado polos dolorosos esgaces da carne, me vexo forzado a recuar, soa o zunido dun chifre: Piiii! e os cans volven ó patio, as follas do portalón xúntanse, pasan o ferrollo e eu derrúbome sen coñecemento no medio do camiño". Kohlhaas dixo, demudado, forzando unha choqueirada: "E non sería tamén que querías escapar, Herse?" E vendo que este, coa cara ruborecida, baixou a mirada continuou: "Confésamo; non che gustaba estar no cortello dos porcos; ti pensabas que na corte de Kohlhaasenbrück se está moito mellor", "Lóstregos do ceo! —berrou Herse—: deixei no cortello dos porcos os arreos, as mantas e un atado de roupa branca. Por que non poñería no meu peto tres floríns que puxen no pano do pescozo de seda roxa que agachei detrás da comedeira? Raios!, por tódolos demos do inferno! Cando vostede fala desa maneira venme a gaña de prender inmediatamente a mecha que guindei". "Ben, ben; —dixo o tratante— non foi dito con mala intención. Mira, do que ti dixeches

créocho todo, palabra por palabra e, se é preciso, xúrocho polo máis sagrado. Lamento moito que non che fose mellor no meu servizo. Vaite deitar e tranquilízate; a ti háseche de facer xustiza!". Dito isto, ergueuse, redactou unha lista das cousas que o servente maior deixara no cortello dos porcos, especificando o valor das mesmas; preguntoulle tamén ó servente en canto valoraba o custo das súas curas e, despois de darlle outra vez a man, mandoulle que se retirase.

A continuación contoulle á súa dona Lisbeth todo o proceso e as conexións internas da historia e explicoulle que estaba decidido a esixir para si a xustiza pública e tivo a alegría de ver ela o apoiaba con toda a súa alma neste propósito. Lisbeth contou que algúns outros viaxeiros, ó mellor menos pacientes ca el, pasarían por aquel castelo e que sería a obra de Deus poñerlle freo a desordes coma aquel e que, ademais, ela xa quería facer fronte ós custos que lle produciría a el a xestión do proceso. Kohlhaas chamouna muller forte, aledouse por este día e polos seguintes no medio dela e dos seus fillos e, en canto os seus negocios llo permitiron, púxose en camiño cara a Dresde para presentar a súa demanda ante a xustiza.

Alí coa axuda dun xurista coñecido de seu redactou unha reclamación na que, despois dunha pormenorizada descrición do abuso que o fidalgo von Tronka cometera tanto contra a súa persoa como contra o seu servente Herse, solicitaba o castigo en norma de lei, a recuperación dos cabalos no seu estado anterior e a reparación do dano que sufriran tanto el como o seu criado. A causa era clara, efectivamente. A circunstancia de que os cabalos foran ilegalmente retidos proxectaba unha luz decisiva sobre todo o demais e mesmo na hipótese de que se quixese admitir o suposto de que os cabalos enfermaran por pura casualidade, a esixencia do tratante de cabalos de que se recuperase a súa saúde seguiría sendo xusta. Por outra parte, a Kohlhaas, mentres daba voltas pola residencia, tampouco lle faltaron amigos que prometeron calorosamente apoiar a súa causa; o extenso comercio que el desenvolvía cos seus cabalos proporcionáballe o coñecemento e a honradez coa que o levaba adiante gañáralle a simpatía dos homes máis significativos do país. Tamén comeu moitas veces e con moita confianza á mesa do seu avogado, que era home moi ben considerado, e depositou nas súas mans unha suma de diñeiro destinada a costear os gastos do proceso e, despois dalgunhas semanas, totalmente tranquilizado polo avogado sobre o desenlace do seu caso, voltou a Kohlhaasenbrück a carón de Lisbeth, a súa dona. Porén, foron pasando

meses e xa se estaba achegando o remate do ano antes de que el recibise de Saxonia nin tan sequera unha explicación sobre a demanda que el presentara alí e moito menos a resolución da mesma. Despois de achegarse varias veces ó xulgado preguntoulle ó seu asesor legal por medio dunha carta confidencial que causa sería a que provocaba un retraso tan grande e chegou así a saber que a demanda fora completamente esmagada baixo o efecto da intervención dunha persoa altamente situada na corte de xustiza de Dresde. Á pregunta do tratante sobre o fundamento deste feito o avogado comunicoulle que o fidalgo Wenzel von Tronka estaba emparentado con dous fidalgos, Hinz e Kunz von Tronka, sendo un deles copeiro e o outro camareiro da persoa do señor. Dáballe aínda un consello: na súa opinión debería tratar de facerse cos cabalos que tiña no castelo dos Tronka sen máis esforzos ante as instancias da xustiza, dándolle a entender ademais que o fidalgo, que nese momento se encontraba na capital, parecía terlle dado instrucións á súa xente de que entregasen os cabalos e concluía coa súplica de que, no caso de que non decidise calmarse con aquelas informacións, polo menos a el o deixase en paz con sucesivas encomendas neste asunto.

Naquel momento Kohlhaas atopábase casualmente en Brandemburgo, onde o gobernador, Heinrich von Geusau, dentro de cuxa circunscrición gobernativa se encontraba Kohlhaasenbrück, estaba naquel preciso intre ocupado en poñer en marcha varias institucións de beneficencia para enfermos pobres cun considerable volume de recursos que lle foran dados á cidade. O seu principal esforzo centrábase en preparar para o seu uso polos achacosos unha fonte de auga mineral que nacía nun lugar daquela zona e de cuxas propiedades medicinais se esperaba máis do que o futuro máis tarde confirmaría e, como Kohlhaas lle era coñecido por algunhas relacións que tivera con el no tempo da súa estadía na corte, permitiulle a Herse, o criado maior, ó que lle quedara no peito unha dor que sentía ó coller alento desde aqueles malos días no castelo dos Tronka, probar a virtude da pequena fonte medicinal provista de tellado e de cercado. Dábase a coincidencia de que o gobernador da cidade, que viñera a tomar unhas disposicións, estaba presente a carón do caldeirón no que Kohlhaas puxera ó Herse no intre no que Kohlhaas recibiu das mans dun correo que lle mandara a súa dona aquela esmagadora carta do seu asesor xurídico de Dresde. O gobernador, que, mentres falaba co médico, observou que Kohlhaas deixara caer unha bágoa sobre a carta que acababa de recibir e abrir, achegándoselle dun xeito amigable e afectuoso, preguntoulle que desgraza lle ocorrera e, como o tratante de cabalos, sen dicir palabra, lle entregou a

carta, aquel digno home, que coñecía a repugnante inxustiza que se exercera sobre Herse no castelo dos Tronka, causante de que este estivese alí tombado, ó mellor para toda a vida, deulle unha palmadas no lombo dicíndolle que non debía desanimarse, que el lle axudaría a obter satisfacción. Á tarde, como o tratante, seguindo a orde que lle dera, acudira ó pazo, díxolle que dirixise só unha súplica cunha breve descrición do acontecido ó príncipe elector de Brandemburgo, acompañándoa coa carta do avogado e que reclamase a protección do soberano pola violencia que se permitiran contra el en territorio saxón. Prometeulle levar o seu escrito de súplica incluído nun paquete que xa estaba disposto e que, polo que a el atinxía, cando as circunstancias o permitisen, o escrito chegaría con toda seguridade ó elector de Saxonia, dicíndolle que non se precisaba ningunha outra cousa máis que unha xestión coma aquela para obterlle xustiza ante o tribunal de Dresde, malia as artes do fidalgo e do seu séquito. Kohlhaas, vivamente satisfeito, deulle as grazas máis cordiais ó gobernador da cidade por aquela proba da súa simpatía; dixo que sentía non ter espertado o interese de Berlín pola súa causa sen ter dado antes ningún paso en Dresde. E, despois de redactar na escribanía do xulgado da cidade a demanda tal e como lle fora esixido e de entregarlla ó gobernador, colleu o camiño de volta a Kohlhaasenbrück máis tranquilo ca nunca con respecto á solución da súa historia.

Porén, poucas semanas despois tivo o desgusto de saber a través dun propietario con competencias xudiciais que fora a Potsdam por asuntos de negocios do gobernador que o elector lle pasara a súplica ó seu chanceler, o conde Kahlheim e que este non acudira directamente, como parecía oportuno, á corte de Dresde para proceder a investigar e castigar o acto de violencia, senón para acadar máis información provisional e máis directa achegándose ó fidalgo von Tronka. O propietario, que na súa carruaxe detida diante da casa de Kohlhaas parecía ter a misión de revelarlle esta información ó tratante de cabalos, non lle puido dar ningunha resposta satisfactoria á incómoda pregunta: Por que se procede dese xeito? Unicamente dixo aínda o seguinte: o gobernador da cidade mandou dicirlle que tivese paciencia. O propietario parecía ter présa por seguir viaxe e só ó remate da breve entrevista deduciu Kohlhaas dalgunhas palabras soltas que o conde von Kahlheim estaba emparentado coa casa dos von Tronka. Kohlhaas, que xa non sentía ningunha ledicia tanto coa cría de cabalos como coa casa e coa granxa e case tampouco coa muller e cos fillos, nun escuro presentimento do que estaba por vir, resistiu deica a lúa a seguinte lúa e, tal como o esperaba, ó remate deste

tempo, retornou de Brandemburgo Herse, ó que os baños lle proporcionaran algún alivio, traendo unha carta do gobernador da cidade anexo a un rescrito máis extenso, que dicía o seguinte: que sentía moito non poder facer nada na súa causa; que lle remitía unha resolución da chancelería dirixida a el e que lle aconsellaba retirar do castelo dos Tronka os cabalos que deixara alí e, polo demais, que deixase as cousas como estaban. A resolución dicía así: "que el é, segundo o informa o xulgado de Dresde, un querelante inútil; que o fidalgo xunta o que deixara os seus cabalos non llos retén en absoluto; que faga o favor de mandar a alguén ó castelo a recollelos ou, cando menos, que indique ó fidalgo o lugar ónde llos debería mandar; mais, en calquera caso, que lle aforre á chancelaría do Estado vexacións e intrigas como aquela". Kohlhaas, ó que os cabalos en si non lle importaban —tería sentido a mesma dor se tratase dun par de cans— botaba baba co xenio ó recibir esta carta. Cada vez que oía un ruído no patio miraba, na esperanza máis desagradable que nunca movera o seu peito, cara o camiño que levaba ó portal por se, ó mellor cunha desculpa, os homes de fidalgo lle trouxesen os enfraquecidos e decaídos cabalos: o único caso no que a súa ánima tan ben educada polo mundo non contaba con algo que se correspondía totalmente coa súa sensibilidade. Mais xa pouco tempo despois oíu por boca dun coñecido que pasou por alí que os facos seguían a ser empregados nos campos do castelo dos Tronka coma antes o mesmo que os demais cabalos do fidalgo; e no medio da dor producida pola contemplación do mundo nunha desorde tan inmensa, íase erguendo nel a satisfacción interior de sentir, agora xa si, a orde que reinaba no seu peito. Chamou ó seu carón a un alto funcionario, veciño seu, que desde había tempo lle estaba dando voltas á idea de ampliar as súas propiedades coa compra de terreos que lindaban con elas e, unha vez que este tomou asento, preguntoulle canto estaría disposto a dar polas súas propiedades tanto da banda de Brandemburgo como da de Saxonia, tanto pola casa como pola granxa, globalmente, en firme ou non. Lisbeth, a súa dona, ó oír estas palabras, demudou. Deu a volta e colleu nos brazos ó seu fillo máis novo, que estaba detrás dela xogando no chan. E a carón das roibas meixelas do neno, que se entretiña coa coleira do pescozo de súa nai, botaba sobre o tratante de cabalos miradas nas que estaba pintada a morte, mentres este poñía sobre a mesa un papel que tiña na man. O funcionario, sorprendido, preguntoulle que cousa o levaba a concibir tan estrañas ideas; ó que Kohlhaas, con tanta alegría como puido forzar, respondeu que a idea de vender a granxa que tiña á beira do Havel non era nada nova, que xa falaran en moitas ocasións daquel obxecto; a casa que el tiña nos suburbios de Dresde sería en comparación con aquilo un simple anexo que non merecía

consideración; e, se el quixese satisfacer a súa vontade e facerse cargo dos dous inmóbeis, el estaría disposto a pechar con el un contrato sobre os mesmos. E aínda engadiu cun humor algo forzado que Kohlhaasenbrück non era o mundo enteiro, que podían existir obxectivos que, en comparación, farían parecer secundario e indigno o goberno dunha casa dun pai responsable e, en breve, consideraba o seu deber dicirlle que a súa alma estaba pendente de cousas moi grandes, das que el posiblemente oiría falar nos próximos tempos. O funcionario, tranquilizado por estas palabras, dixo en ton alegre, dirixíndose á muller, que non paraba de darlle bicos ó neno, que o seu marido non iría esixir que lle pagase inmediatamente, puxo sobre a mesa o sombreiro e o bastón, que mantivera entre as pernas, e colleu o papel que o tratante tiña na man para lelo. Kohlhaas, achegándose a el, explicoulle que se trataba dun contrato de compra eventual e que vencía ás catro semanas, amosándolle que no mesmo non faltaban máis que as sinaturas e o aporte das sumas, tanto polo que se refería ó prezo de compra en si mesmo como ó rescate, é dicir a cantidade que el se compromete a pagar para o caso de que se quixese retractar nun prazo de catro semanas. Animouno vivamente unha vez máis a facer unha proposta, asegurándolle que el estaba disposto e que evitaría todo tipo de complicacións. A muller ía dun lado ó outro da sala, o seu peito oupeábase de tal modo que o pano do que o neno tiraba ameazaba caerlle dos ombreiros. O funcionario dixo que a el lle era totalmente imposible avaliar as propiedades de Dresde, ó que Kohlhaas respondeu presentando cartas que foran intercambiadas con ocasión da súa compra, engadindo que as avaliaba nuns cen floríns de ouro, malia que das cartas se deducía que a el lle custaran case a metade máis. O secretario, que volvía a ler unha vez máis o contrato de compra, no que encontrou estipulada para si mesmo, dun xeito estraño, a liberdade de retractarse, dixo, xa medio decidido, que non lle tiña ningunha utilidade a eguada que houbese nas súas cortes; ó que Kohlhaas contestou que tampouco tiña intención de vender os cabalos e que tamén quería gardar para si algunhas armas que estaban colgadas na armería da casa. Aínda así o funcionario non saía das súas dúbidas e finalmente volveu a facer unha proposta que xa lle fixera nunha ocasión pouco tempo atrás durante un paseo, medio en broma e medio en serio, moito por debaixo do valor real da propiedade. Kohlhaas achegoulle pluma e tinta para que escribise e, como o funcionario, que non daba creto ós seus sentidos, aínda lle preguntou unha vez máis se a cousa ía en serio e o tratante de cabalos, algo tocado na súa sensibilidade, lle retrucou se cría que todo aquilo non era máis que unha tomadura de pelo. Ante isto, o funcionario colleu a pluma con cara de preocupación, e escribiu.

Con todo, cancelou un punto no que se trataba da prestación que correspondería no caso de que o vendedor se arrepentise do trato. Comprometíase a un empréstito de cen ducados de ouro sobre a hipoteca da propiedade inmobiliaria de Dresde que en ningún caso quería adquirir, deixándolle liberdade total de retractarse completamente do trato no prazo de dous meses. O tratante, conmovido por este xesto, deulle a man con moita alegría e despois, cousa era unha das condicións principais, acordaron que a cuarta parte do importe da compra se tiña que pagar necesariamente de inmediato e o resto en tres meses no Banco de Hamburgo. O tratante mandou traer viño para celebrar con ledicia un negocio tan felizmente concluído. A unha criada que lle acababa de traer o viño díxolle que lle avisase ó servente Sternbald que lle enselase o alazán; tiña que saír inmediatamente para a capital, na que tiña xestións que facer, dando a entender que en breve, cando estivese de volta, se explicaría máis aberta e xenerosamente sobre o que agora tiña que gardar para si. Despois, mentres servía o viño nos vasos, interesouse polos polacos e polos turcos, que naquel intre estaban en guerra entre si e ensarillou ó funcionario cunha morea de conxecturas políticas sobre esta cuestión; concluíu brindando pola prosperidade do funcionario neste seu negocio e despediuse del.

En canto o funcionario abandonou a sala Lisbeth botouse de xeonllos diante de Kohlhaas, dicíndolle: “Se dalgún xeito nos levas no teu corazón a min e ós fillos que che parín, se non estamos repudiados de antemán, sexa pola razón que sexa, dime que sentido ten este terrible comportamento!” Kohlhaas díxolle: “Amadísima esposa, non significa nada que, tal como están as cousas, debese preocuparte. Eu recibín unha resolución na que se me di que a miña demanda contra o fidalgo von Tronka é unha intriga pestilente. E, posto que aquí ten que obrar un malentendido, tomei a decisión de presentar a demanda unha vez máis, persoalmente, ante o elector” “Por que queres vender a túa casa?” —berrou ela, poñéndose de pe cun xesto de desgusto—. O tratante, apertándoa con dozura contra o seu peito, contestoulle: “Porque eu, queridísima Lisbeth, rexeito permanecer nun país no que non se me quere defender nos meus dereitos. Se teño que ser esmagado a pisadas, antes ser can ca home! Estou convencido de que nisto a miña dona pensa coma min”. “Como sabes ti que non se te quere defender nos teus dereitos? Se te achegas coa túa súplica ó teu señor con humildade, como che corresponde, de onde sacas ti que esta será guindada a un lado ou respondida coa negativa a escoitarte?” “Non haberá que preocuparse —dixo Kohlhaas—; se o temor disto carece de fundamento, entón tampouco a miña casa está vendida. Eu sei que o

príncipe persoalmente é xusto e, se a través do circo dos que o rodean logro chagar até a súa persoa, non dubido que obterei dereito e volverei contento,antes mesmo de que remate esta semana, ó teu carón e das miñas ocupacións de toda a vida. Despois, o que máis quero —engadiu aínda, bicándoa— é estar ó teu lado até a fin dos meus días. Mais é razoable —continuou— que eu me dispoña para calquera eventualidade e por iso desexo que, se é posible, te afastes de aquí por algún tempo e que vaias cos nenos a Schwerin para xunto da túa tía á que, ademais, hai moito tempo que querías visitar". "Como?" —protestou a muller— "Que vaia a Schwerin? Máis aló da fronteira, cos nenos, a xunto de miña tía?" O espanto que sentía afogoulle a fala. "Por certo, respondeu Kohlhaas; e, se pode ser, isto halo de facer de inmediato, de xeito que eu non me vexa impedido por ningunha clase de consideración nos pasos que quero dar". "Ah! Eu compréndote, dixo ela, agora non pensas noutra cousa que non sexan armas e cabalos; todo o resto pódeo levar quen queira". Dito isto, ela deu a volta e deixouse caer nunha cadeira de repouso chorando. Kohlhaas, afectado, dixo: "Amadísima Lisbeth, que fas? Deus bendiciume con muller e fillos e con bens; debería eu hoxe desexar por primeira vez que iso fose distinto?", sentando, con expresión de ledicia, a carón dela, que, antes estas palabras, ruborizada, lle botou os brazos ó pescozo. "Dime, —díxolle, acariñándolle os rizos da súa fronte— que debo facer? Debo abandonar a miña causa? Debo coller o cabalo e ir ó castelo dos Tronka e suplicarlle ó fidalgo que me devolva os cabalos negros, sobrepoñerme e traelos aquí?" Lisbeth non ousou dicir "Si, si, si". Sacudiu a cabeza chorando e apertouno con forza contra si, cubrindo o seu peito de ferventes bicos. "E logo? —dixo Kohlhaas enerxicamente— se sentes que, no caso de que deba seguir na miña profesión, se me deba facer xustiza, entón concédeme tamén a liberdade que preciso para obtela por min mesmo" e, dito isto, ergueuse e díxolle ó servente que lle veu avisar que o alazán estaba enselado: "Mañá tamén han de ser preparados os castaños para levar a miña dona a Schwerin. Entón Lisbeth dixo que se lle ocorrera unha idea; púxose en pé, secou as bágoas dos seus ollos e preguntoulle a Kohlhaas, que sentara a un escritorio, por que non lle daba a ela a súplica e lla deixaba levar no seu lugar a Berlín para entregarlla príncipe elector. Kohlhaas, conmovido por máis dunha razón por este cambio, sentouna no seu regazo e díxolle: "Amadísima muller, iso, desde logo, non é posible! O príncipe está rodeado por varios círculos. Quen se achega a el está exposto a moitos desgustos". Lisbeth contestou que a unha muller lle era mil veces máis doado que a un home achegarse ó príncipe elector. "Entrégame o escrito de súplica —repetiu— e, se non queres nada máis que saber que o escrito está

nas súas mans, eu respondo diso! El ha de o recibir!”. Kohlhaas, que tiña moitas probas tanto do valor dela como da súa prudencia preguntoulle de que maneira pensaba levar aquilo adiante, ó que ela, baixando a vista, avergoñada, respondeu que o castelán do pazo do elector, noutros tempos, cando el estaba de servizo en Schwerin, fixéralle a corte; que este agora tiña moitos fillos, pero que a ela aínda non na tería completamente esquecida e, resumindo, que lle deixe a ela tirar proveito desta e dalgunha outra circunstancia que sería moi longo explicar. Kohlhaas bicouna moi contento, dicindo que aceptaba a súa proposta e advertíndolle que non precisaba de máis que dunha habitación a carón da muller daquel home para encontrar ó príncipe mo mesmo pazo; deulle o escrito de súplica, mandou enganchar os castaños e mandouna, ben abrigada, co seu fiel servente Sternbald.

Porén, esta viaxe foi, de entre tódolos pasos que el dera na súa causa, o máis desafortunado. De feito, xa ós poucos días volveu Sternbald á granxa, levando a carruaxe á paso lento; nela xacía a muller cunha grave mazadura no peito. Kohlhaas, que se achegou demudado á carruaxe, non foi quen de indagar nada coherente sobre o suceso que causara aquela desgraza. Segundo contou o servente, o castelán non estaba na casa, de modo que se viron obrigados a parar nunha pousada próxima ó pazo. No outro día Lisbeth saíu da pousada e deulle orde ó servente de que quedase cos cabalos aínda que mellor sería que non o tivese feito cando á tarde regresou no estado en que estaba. Polo visto, achegárase con moito présa á persoa do príncipe elector e, sen que este tivese nada que ver, polo simple sentido do deber da garda que o rodeaba, recibira un golpe no peito coa hasta dunha lanza; polo menos isto fora o que dixeran os que, contra a noitiña, a levaran inconsciente, pois ela mesma pouco podía falar a causa do sangue que lle chorreaba da boca. O escrito de súplica fóralle recollido despois por un cabaleiro. Sternbald dixo que a súa vontade fora montar inmediatamente a cabalo para traerlle a noticia daquel desgraciado suceso, mais ela, malia tódalas prevencións en contra do médico que fora chamado ó seu lado, insistiu en ser levada a carón do seu marido a Kohlhaasenbrück sen avisalo previamente. Kohlhaas púxoa, tal como estaba, completamente desfeita a consecuencia da viaxe, nunha cama na que, entre penosos esforzos por respirar, aínda permaneceu uns días en vida. Intentouse sen éxito que recuperase a consciencia para sacar algunhas conclusións sobre o que lle sucedera. Ela xacía coa vista fixa e xa perdida, sen dar resposta. Só recuperou a conciencia un pouco antes de expirar, pois, estando un clérigo de relixión luterana (fe que agromaba naquel

intre e á que ela, seguindo o exemplo do seu marido, adherira) a carón do seu leito, léndolle con voz alta e solemne un capítulo da Biblia, ela de pronto mirouno cunha expresión lúgubre e, collendo a Biblia das súas mans, como se non tivese que lerlle nada, púxose a pasar follas como buscando algo nela e co dedo indicoulle a Kohlhaas, que estaba a carón do leito, o versículo: "perdoa ós teus inimigos e failles ben tamén aqueles que te odian", mentres, cunha mirada que ía totalmente impregnada da súa alma, lle collía a man, e faleceu. Kohlhaas pensou: "que Deus nunca me perdoe como eu lle perdoo ó fidalgo". Bicouna, derramando abundantes bágoas, cerroulle os ollos e saíu da estancia. Colleu os cen floríns que o funcionario lle abonara para os gastos en Dresde e encargou un enterro que máis ca para ela parecía ordenado para unha princesa: un cadaleito de carballo con fortes ferraxes, coxíns de seda, borlas douradas e prateadas e un foxo de oito varas de profundidade forrado con cantos rodados e cal. El estaba tamén á beira da cova levando ó seu fillo máis novo nos brazos e observando o traballo. Cando chegou o día do enterro, o cadáver, pálido coma a neve, foi exposto nunha sala que el ordenara forrar en negro. Xusto cando o clérigo acababa de pronunciar un conmovedor discurso fúnebre ante o cadaleito, foille entregada a Kohlhaas unha resolución do elector sobre a súplica que lle transmitira a finada e que tiña o seguinte contido: Que retire os cabalos do castelo dos Tronka e que, baixo pena de ser botado no cárcere, debe absterse de facer ulteriores requirimentos neste materia. Kohlhaas gardou o escrito e ordenou transportar o cadaleito á carruaxe. En canto a tumba foi cuberta de terra, a cruz chantada enriba dela e os convidados que deran sepultura á finada foron despedidos, el foise prostrar unha vez máis ante o leito dela, agora deserto, e asumiu de inmediato a tarefa da vinganza. Sentou ó escritorio e redactou unha sentenza na que condenaba, en virtude do poder que lle ofrecía, ó fidalgo Wenzel von Tronka a levar a Kohlhaasenbrück e a dar de comer en persoa ós cabalos que lle retivera e estragara nos campos no prazo de tres días despois da vista. Remitiulle esta sentenza ó fidalgo por un correo montado e deulle instrucións a este de, unha vez entregado o papel, retornar rapidamente ó seu carón a Kohlhaasenbrück. Como pasaron os tres día sen que se efectuase o traslado dos cabalos, chamou a Herse, ó que lle revelou o contido do escrito que lle dirixira ó fidalgo sobre a alimentación dos cabalos e lle preguntou dúas cousas: se quería cabalgar con el até o castelo dos Tronka para capturar ó fidalgo e tamén se a este, unha vez traído, no caso de fose preguiceiro demais á hora de cumprir a sentenza nas cortes de Kohlhaasenbrück, lle querería administrar o vergallo. E, como Herse, na medida en que só el era quen de entendelo, exultaba de xúbilo dicindo "Señor, hoxe

mesmo!" e, botando a gorra ó aire, aseguraba que mandaría que lle fixesen unha correa de dez nós para ensinarlle a facer limpeza, ante isto Kohlhaas vendeu a casa e mandou os nenos, acomodados nunha carruaxe, máis aló da fronteira. Á caída da noite xuntou tamén ó resto dos serventes, sete en total, cada un deles fiel a el coma ouro; armounos, deilles cadanseu cabalo e saíu cara o castelo dos Tronka.

Con esta pequena tropa, xa a caída da terceira noite, irrompeu no castelo atropelando ó gardián do portal e ó alfandegueiro, que estaban de conversa debaixo do portal e, baixo o repentino chispear de tódolos alpendres que se atopaban no recinto do castelo e ós que eles prenderan lume, mentres Herse, subindo pola esqueira de caracol entrou correndo na torre da mordomía, sorprendendo ó mordomo e ó administrador, que, medio espidos, estaban sentados xogando e atacounos a pancadas e coiteladas, Kohlhaas botouse no castelo á busca do fidalgo Wenzel. O anxo do xuízo final baixara do ceo e o fidalgo, que, entre grandes risadas, lle estaba lendo a unha recua de amigos mozos que o rodeaban a sentenza que o tratante lle fixera chegar, aínda non ben oíra a potente voz deste no patio do castelo, cando, de pronto, pálido coma un cadáver, lles berrou ós señores: "Irmáns, fuxide!" e coa mesma desapareceu. Kohlhaas, que ó entrar na sala agarrou polo peito a un fidalgo, Hans von Tronka, co que se encontrou de fronte, proxectándoo contra unha esquina da sala con tanta violencia que os seus miolos salpicaron as pedras, mentres os serventes dominaban e dispersaban ós outros cabaleiros, que botaban man ás armas, preguntou: "Onde está o fidalgo Wenzel von Tronka?" E, como, ante a ignorancia daqueles homes atordados, rebentou a couces as portas de dúas dependencias que comunicaban coas alas laterais do castelo, non encontrando a ninguén en tódalas direccións nas que atravesou o amplo edificio, baixou xurando ó patio do castelo para facer pechar as saídas. Entre tanto, alcanzado polo lume dos alpendres, ardeu tamén o castelo con tódolos edificios laterais, proxectando cara o ceo unha forte fumareda, mentres Sternbald e outros tres dilixentes serventes arrastraban e xuntaban, botándoo entre os cabalos, como precioso botín, todo canto non estaba remachado ou cravado, caeron polo aire, entre o xúbilo de Herse, desde as fiestras da mordomía os corpos do mordomo e do administrador cos das súas mulleres e fillos. A Kohlhaas, que baixaba do castelo pola escaleira, tiróuselle diante dos pes a vella ama de chaves, desfeita pola gota, que lle gobernaba a casa ó fidalgo e á que aquel lle preguntou polo paradoiro do fidalgo Wenzel von Tronka e, como ela, con voz fraca e trémula, lle respondeu que cría que se refuxiara na capela, chamou a dous serventes con fachos,

mandou, a falta de chaves, abrir a entrada con barras e machados, envorcou altares e bancos e, con esgazante dor, tampouco alí atopou ó fidalgo. Deuse a coincidencia de que, no intre no que Kohlhaas volvía da capela, un criado novo que formaba parte da servidume do castelo dos Tronka pasaba correndo para sacar dunha ampla corte de pedra ameazada polas chamas os cabalos de guerra do fidalgo. Kohlhaas, que naquel intre viu ós seus cabalos negros nun pequeno alpendre con cuberta de palla, preguntoulle ó servente porque non salvaba ós cabalos e, como este, mentres introducía a chave na porta da corte, lle respondeu que o alpendre xa estaba ardendo, Kohlhaas, despois de arrancar violentamente a chave da porta, tirouna por encima da muralla e, a golpes da folla da súa espada, correu ó servente para dentro do alpendre, forzándoo baixo tremendas gargalladas dos alí presentes a rescatar ós cabalos. Porén, cando o servente, pálido de pánico, poucos instantes despois de que o alpendre se derrubase detrás del, apareceu levando polas rendas os cabalos, xa non atopou a Kohlhaas e, despois de dirixirse á praza do castelo e de preguntarlle ó tratante, que lle virou varias veces as costas, qué debía facer cos cabalos, este, de repente, levantou o pe nun xesto tan terrible que o couce, se o tivese dado, significaría a morte do servente e, sen responderlle, montou no seu alazán, situouse baixo o portal do castelo e, mentres os seus criados seguían facendo das súas, agardou en silencio pola chegada do día.

Ó abrir do día ardera todo o castelo. Só quedaran as pedras e ninguén permanecía nel agás Kohlhaas e os seus serventes. Kohlhaas descabalgou e á clara luz do sol rexistrou unha vez máis todo o conxunto, cada cornecho daquel lugar agora alumeado polo sol e, como, por moito que lle custase admitilo, se tiña que convencer de que a operación no castelo fora un fracaso, co peito enchido de dor e lamentacións, enviou a Herse con algúns criados a recoller información sobre a dirección que o fidalgo tomara na súa fuga. Preocupábao en especial un rico convento de monxas chamado Erlabrunn, situado á beira do Mulde e cuxa abadesa, Antonia von Tronka, era coñecida na contorna por ser unha muller caritativa e santa; en efecto, ó infeliz Kohlhaas pareceulle máis que probable que o fidalgo, despoxado como estaba do máis necesario para a vida, se refuxiase naquel convento no que a abadesa era tía carnal súa e educadora da súa máis tenra infancia. Kohlhaas, en canto se informou desta circunstancia, subiu á torre da mordomía en cuxo interior aínda había un cuarto habitable e utilizable; nela redactou un dos chamados “mandatos kohlhaasianos”, no que exhortaba ó país a non ofrecer ningún tipo de favor ó fidalgo Wenzel von Tronka co que

el estaba nunha guerra xusta e, por contra, obrigaba a todo habitante, sen excluír a parentes e amigos do citado, a entregarlle ó mesmo baixo pena de castigo corporal e morte e de incineración irrevogable de todo canto se puidese chamar propiedade súa. Espallou esta declaración por medio de viaxeiros e estraños por toda a rexión e deulle a Waldmann, servente de seu, unha copia da mesma coa misión concreta de levala á Erlabrunn ás mans da dama Antonia. Despois falou con algúns serventes do castelo dos Tronka que estaban descontentos co fidalgo e que, tentados pola perspectiva de botín, desexaban entrar ó seu servizo; armounos, ó xeito da xente de tropa, con béstas e puñais e ensinoulles a montar detrás dos serventes de a cabalo. Finalmente, despois de facer diñeiro de todo o que a partida xuntara e de repartilo entre eles, folgou unhas poucas horas debaixo do portal do castelo das súas lamentables actividades.

Contra mediodía chegou Herse e confirmoulle o que lle dixera o seu corazón, disposto sempre para as máis escuras intuicións, é dicir, que o fidalgo se atopaba no convento de Erlabrunn a carón da vella dama Antonia von Tronka, tía súa. Ó parecer escapara por unha porta que, pola parte posterior do castelo, daba directamente ó exterior e por unha esqueira de pedra, pequena e estreita, pegada á parede, que, pasando por debaixo dun telladiño, baixaba até o Elba, onde había algunhas barcas. Polo menos Herse reportou que o fidalgo, para estrañeza da xente que se xuntara a causa do incendio do castelo dos Tronka, chegara a unha aldea situada á beira do Elba contra a media noite nun pequeno bote sen leme nin remo e que continuara viaxe en dirección de Erlabrunn nunha carruaxe do lugar. Ante esta nova Kohlhaas arquexou profundamente e preguntou se os cabalos comeran e, ó lle responderen afirmativamente ordenoulle á pequena tropa que montase e tres horas máis tarde xa estaba diante de Erlabrunn. Baixo o xordo bruído dunha afastada tronada no horizonte, provisto de fachos acesos antes de chegar ó pobo, entrou no patio do convento coa súa grea. Waldmann, o seu servente, que lle saíu ó encontro, anuncioulle que o seu mandato fora debidamente entregado, cando viu aparecer pola porta do convento á abadesa e ó administrador do convento falando entre si alterados. Mentres o administrador, un home pequeno e vello con cabelos brancos coma a neve, lle dirixía a Kohlhaas olladas de xenreira, lles ordenou ós serventes que o rodeaban que lle puxesen a armadura e con voz severa lles berrou que tocasen o sino de combate, a señora do convento, levando na súa man a imaxe do crucificado, pálida coma un pano de liño, descendeu da rampla e humillouse con tódalas súas virxes diante do cabalo de Kohlhaas, o cal, mentres Herse e Sternbald inmobilizaban ó administrador,

que non empuñara aínda ningunha espada, e o levaban como prisioneiro ó espazo situado entre os cabalos, preguntoulle á abadesa onde estaba Wenzel von Tronka e, como ela, soltando do seu cinto un gran aro de chaves, lle dixo: "En Wittemberg, Kohlhaas, nobre home!" e con voz tremente engadiu "Teme a Deus e non cometas ningunha inxustiza!", Kohlhaas, precipitado de novo no inferno da vinganza insatisfeita, deulle volta ó cabalo e xa se dispuña a ordenar "poñede lume!", cando un raio tremendo caeu a terra xustamente ó seu carón. Kohlhaas, devolvéndolle á abadesa o seu cabalo, preguntoulle se recibira o seu mandato e, como a dama, cunha voz fraca e apenas audible, respondeu "Hai un intre!", el preguntou de novo "Cando?" e ela: "Hai dúas horas, así Deus me salve, despois da saída do fidalgo, meu primo" e como Waldmann, o servente, cara o que se volveu Kohlhaas con sombría mirada, confirmou esta circunstancia con voz entrecortada dicindo que as augas do Mulde, enchidas pola tormenta, lle impediran chegar antes de agora mesmo, Kohlhaas ante isto gardou silencio. Un repentino e tremendo trebón caeu con xordo bruído sobre o empedrado, afogando os fachos e apagando a dor do seu peito. Levantou o seu sombreiro ante a dama, recuou o cabalo e espetando as esporas, coas palabras "Seguídeme, irmáns; o fidalgo está en Wittemberg!", abandonou o convento.

Ó caer a noite parou nunha pousada situada á beira da estrada, na que, pola gran fatiga dos cabalos, tivo que folgar un día e, vendo claramente que cunha partida de dez homes —pois esa era a súa forza—, non podía desafiar a unha praza forte como Wittemberg, decidiu redactar un novo mandato, no que, despois dunha breve relación do que lle pasara no país exhortaba a "todo bo cristián", en expresión moi característica, e "baixo a promesa dunha paga e doutras avantaxes de guerra", a "abrazar a súa causa contra o fidalgo con Tronka, inimigo público de tódolos cristiáns". Noutra orde publicada pouco despois denominábase a si mesmo un "señor libre ante o emperador e ante o mundo, sometido só a Deus": unha exaltación enfermiza e monstruosa que, malia isto e en consideración do son do seu diñeiro e da esperanza de botín, lle proporcionou unha adhesión masiva de entre a chusma que a paz con Polonia deixara sen pan, de tal maneira que contaba con trinta e moitos homes cando volveu á banda dereita do Elba co obxectivo de reducir Wittemberg a cinzas. Acampou con cabalos e serventes ó abrigo do teito dunha vella telleira en ruínas, na soidade dun tenebroso bosque que rodeaba aquel lugar; ademais, apenas soubo por Sternbald, ó que mandara disfrazado á cidade co mandato, que este xa se coñecía alí, saíu de inmediato coa súa banda a noite santa

antes da Pentecoste e prendeulle lume á praza en varios puntos ó mesmo tempo mentres os seus habitantes aínda estaban no máis profundo do seu sono. E mentres os seus serventes saqueaban os arrabaldes aproveitou a ocasión para fixar nun piar da porta dunha igrexa un papel con este contido: El, Kohlhaas, prendeulle lume á cidade e se non se lle entrega o fidalgo, ha de a reducir a cinzas de tal xeito que el "non vai ter que mirar detrás de ningunha parede para atopalo". O espanto dos habitantes de cidade ante este crime inaudito era indescritible. A chama que nunha noite de verán por sorte moi tranquila non destruíra máis que dezanove casas, entre as que, con todo, se encontraba tamén unha igrexa, aínda non acabara de ser domeada ó abrir do día, cando o vello gobernador, Otto von Gorgas, ordenou que saíse unha pequena bandeira de cincuenta homes para acabar con aquel espantoso tirano, mais o capitán que a guiaba, chamado Gerstenberg, dirixiu tan mal a operación, que toda aquela expedición, en vez de derribar a Kohlhaas, contribuíu a darlle unha moi perigosa sona militar, pois, ó dividir o capitán a súa tropa en varias seccións para así rodear e esmagar a Kohlhaas, foi el quen foi atacado en varios puntos por Kohlhaas, que mantivera as súas forzas unidas, e derrotado de tal maneira que xa á noite do día seguinte ningún home de toda a partida sobre a que repousaba a esperanza do país lle facía fronte a Kohlhaas no campo de batalla. Este último, que perdera algúns homes nestes combates, púxolle lume unha vez máis á cidade na mañá do día seguinte e as súas criminais medidas eran tan boas que unha vez máis foi reducido a cinzas un número importante de casas e case tódalas granxas do arrabalde. De novo expuxo o coñecido mandato, desta vez nas esquinas da mesma casa do consello, incluíndo unha nota sobre o destino do capitán von Gerstenberg, enviado polo gobernador e aniquilado por el. O gobernador, profundamente indignado por esta teimosía, púxose en persoa, acompañado por moitos cabaleiros, á cabeza dunha tropa de cento cincuenta homes. Por petición escrita do fidalgo Wenzel von Tronka, púxoselle a este unha garda para protexelo do pobo, que simplemente o quería ver lonxe da cidade e despois de colocar gardas en tódolos pobos da redonda e sentinelas na muralla que rodeaba a cidade, para protexela dun asalto, saíu el mesmo, o día de San Xervasio, co obxectivo de cazar o dragón que arrasaba o país. O tratante foi intelixente dabondo como para evitar esta tropa. Despois de atraer por medio de hábiles marchas ó gobernador até unha distancia de cinco leguas fóra da cidade e grazas a diversas medidas que tomara e que levaran ó gobernador a concibir a tola idea de que Kohlhaas, forzado pola esmagadora superioridade do gobernador, se botaría no territorio brandeburgués, de pronto, á caída da terceira noite, deu media volta e cunha cabalgada

forzada regresou a Wittemberg prendéndolle lume á cidade por terceira vez. Herse, que se introducira disfrazado na cidade, executou esta obra de habilidade e a voracidade do lume foi tan aniquiladora, debido ó forte vento que sopraba do norte, e tan expansiva que en menos de tres horas foron reducidas a cascallos e cinza corenta e dúas casas, vinte e unha igrexas, varios conventos e escolas e o mesmo edificio do gobernador do elector. O gobernador, que á mañanciña cría que os seus inimigos estaban en territorio brandeburgués, ó ser informado do sucedido regresou en marchas forzadas e precipitadas atopando a cidade nunha revolta total. O pobo congregárase a milleiros diante da casa do fidalgo, completamente rodeada por unha protección de vigas e postes de madeira, esixindo con berros desaforados que aquel fose sacado fóra da cidade. Dous burgomestres de nome Jenkens e Otto, que coas súas vestimentas oficiais estaban presentes á cabeza de todo o consello municipal, esforzáronse sen éxito en demostrar que só había que esperar a chegada dun correo urxente que fora enviado ó presidente da chancelaría do Estado para obter o permiso de levar ó fidalgo a Dresde, para onde el mesmo desexa saír por moitas razóns. Aquela turba armada con chuzos e pancas non deu creto ningún a aquelas palabras e xa estaban a piques de asaltar a casa na que se atopaba o fidalgo, maltratando a algúns maxistrados que esixían tomar medidas fortes para reducila a po, cando o gobernador Otto von Gorgas, á cabeza da súa partida de soldados fixo acto de presenza na cidade. Este nobre señor, afeito a infundir temor e obediencia ó pobo pola súa soa presenza, conseguira, a modo de sucedáneo da súa fracasada empresa da que retornaba, capturar directamente diante das portas da cidade a tres serventes demorados da banda do asasino e incendiario e como, mentres estes individuos eran cargados con cadeas á vista do pobo, lle asegurou ó consello, nunha intelixente alocución, que en breve esperaba traer encadeado ó mesmo Kohlhaas ó que xa estaba seguindo a pista de preto, deste xeito, grazas a todas estas circunstancias tranquilizadoras, logrou desarmar o medo do pobo alí congregado e dalgunha maneira tranquilizalos até o regreso do correo de Dresde. En compañía dalgúns cabaleiros descabalgou e, despois de seren apartados os cercados das vigas e os postes, dirixiuse á casa na que se atopou o fidalgo, que caía dun desmaio noutro, nas mans de dous médicos que con esencias e excitantes trataban de volvelo á vida. E, como o señor Otto von Gorgas, por mor do comportamento do que se sentía culpable, notaba que aquel non era o momento de intercambiar co fidalgo unhas palabras, de modo que se limitou a dicirlle cunha mirada de silencioso desprezo que fixese o favor de vestirse e, para a súa propia seguridade, o siga ás dependencias dos cabaleiros. Cando, despois de lle vestiren

unha e lle poñeren un casco e co peito a medio cubrir pola falta de aire, apareceu o fidalgo na rúa sosténdose nos brazos do gobernador e do seu cuñado, o conde de Gerschau, eleváronse ó ceo as maldicións blasfemas e espantosas contra el. O pobo, só con moito esforzo contido polos lansquenetes, chamouno sambesuga, miserable depredador do país, torturador de homes, a maldición da cidade de Wittemberg e a ruína de Saxonia. Despois dunha penosa marcha a través da cidade en ruínas, no curso da cal perdeu, sen botalo de menos, o casco que un cabaleiro lle volveu a colocar por detrás, chegaron finalmente ó cárcere; alí desapareceu no interior dunha torre, posto baixo a protección dunha forte garda. No entanto o retorno do correo urxente portador da resolución do príncipe elector, puxo unha vez máis á cidade en estado de intranquilidade, pois o goberno do país, ante o que os burgueses de Dresde presentaran directamente unha súplica urxente, non quería, antes da inmobilización do asasino incendiario, saber nada dunha estadía do fidalgo na residencia, senón que, polo contrario, obrigaba ó gobernador a protexelo alí onde se encontrase coa forza da que dispuxese, pois nalgún sitio tiña que estar. En compensación e para a súa tranquilidade anunciáballe á boa cidade de Wittemberg que xa estaba en camiño un corpo de exército de cincocentos homes baixo o mando do príncipe Friedrich de Meissen para protexelos contra ulteriores molestias de parte do mesmo asasino. O gobernador vía perfectamente que unha resolución así de ningunha maneira podía calmar o pobo, xa que non se trataba só de que algunhas pequenas posicións vantaxosas que o tratante gañara en diferentes puntos diante da cidade contribuían a propagar rumores extremadamente preocupantes sobre o volume de forza que entre tanto fora acadando. A guerra que el facía na escuridade da noite, valéndose de xentalla disfrazada, levando piche, palla e pólvora e tendo en conta o personaxe inaudito e nunca antes visto que el era, podería render inútil mesmo a protección de maior entidade, como aquela coa que se ía achegando o príncipe de Meissen. Despois de pensalo brevemente, o gobernador, decidiu manter en absoluto secreto a resolución que recibira. Limitouse a publicar, expoñéndoa nas esquinas da cidade, unha carta na que o príncipe de Meissen anunciaba a súa chegada. Unha carruaxe cuberta, que abandonou o patio da torre señorial, custodiada por catro homes fortemente armados, saíu pola estrada de Leipzig, pois os soldados dixeron dun xeito pouco claro que se dirixían a Pleissenburg. E como o pobo estaba tan calmado con respecto ó desgraciado fidalgo a cuxa existencia ían xunguidos lume e guerra, el mesmo, cunha tropa de trescentos homes, saíu da cidade para unirse ó príncipe de Meissen. Entre tanto, efectivamente, Kohlhaas engrosara o seu grupo até cento nove

homes garzas á posición especial que collera no mundo e como tamén se apoderara en Jessen dun almacén de armas coas que fornecera do xeito máis completo a súa banda, informado da dobre treboada que lle viña encima, tomou a decisión de saírlle ó encontro coa velocidade do vendaval antes de que caese sobre el. Así, uns días despois, nun golpe de man nocturno, atacou ó príncipe de Meissen preto de Mühlberg. Neste combate perdeu con gran dor ó Herse, caído ó seu lado xa despois dos primeiros tiros. Amargado por esta perda, nunha pelexa de tres horas deixou tan malparado ó príncipe, incapaz de xuntar naquel lugar as súas forzas, de tal xeito que a causa das feridas recibidas e da desorganización total da súa xente, ó abrente viuse obrigado a coller o camiño da retirada cara Dresde. Animado e excitado por esta avantaxe, Kohlhaas volveuse contra o gobernador antes de que este puidese ser informado do acontecido, caeu sobre el preto do lugar de Damerow en pleno mediodía e en campo aberto e o combate, que lle custou certamente moitas e cruentas perdas mais as mesmas avantaxes, prolongouse até a entrada da noite. Con seguridade volvería a atacar no outro día ó gobernador, que se refuxiara no adro da igrexa de Damerow co resto das súas forzas, se este non recibira por informadores a nova da derrota do príncipe preto de Mühlberg o que o moveu tamén a considerar máis prudente, a espera dunha ocasión mellor, retornar a Wittemberg. Cinco días despois de esnaquizar a estes dous grupos estaba Kohlhaas ante Leipzig e prendeulle lume á cidade por tres lados. Nun mandato que espallou nesta ocasión denominábase a si mesmo "representante do arcanxo Miguel, que viría a castigar con lume a e espada na persoa de todos aqueles nesta disputa tomasen o partido do fidalgo a maldade sedutora na que todo o mundo tería caído. Desde o castelo de Lützen proclamou que el fora atropelado alí onde se establecera e invitou ó pobo a unirse a el para estableceren unha mellor orde das cousas; este mandato ía asinado, cunha especie de trastorno, da seguinte maneira: "Dado na sede do noso provisorio goberno do Mundo, o castelo señorial de Lützen". Por fortuna para os habitantes de Leipzig, a causa dunha persistente choiva que caeu do ceo, o lume non se propagou, de xeito que, grazas á rapidez dos servizos de extinción, só unhas tendiñas situadas arredor da Pleissemburg foran pasto das chamas. Anda así, a consternación era indescritible na cidade, pola presenza do desaforado incendiario asasino e da tola idea fixa que o dominaba de que o fidalgo estaba en Leipzig. Como que unha partida de cento oitenta soldados que foron mandados contra el volveran derrotados, ó consello municipal, que non quería poñer en perigo a riqueza da cidade, non lle quedou outra opción máis que pechar completamente as portas da mesma, obrigando ós habitantes a facer gardas día e

noite fóra das murallas. O consello ordenou sen ningún resultado positivo pegar proclamas nos pobos circundantes nas que se aseguraba positivamente que o fidalgo non se atopaba no castelo da Pleissemburg; o tratante insistía en follas semellantes en que aquel estaba na Pleissemburg, expoñendo que, se non se atopaba alí, el, polo menos actuaría como se así fose até que lle desen o nome do seu paradoiro". O príncipe elector, informado por un correo da emerxencia na que a cidade se encontraba, explicou que xa estaba xuntando un exército de dous mil homes, e que el mesmo se poñería ó se mando, para capturar a Kohlhaas. Fixo unha dura crítica do señor Otto von Gorgas pola dubidosa e imprudente estratexia por el empregada para acabar con incendiario asasino da comarca de Wittemberg e foi indescritible a confusión que se apoderou de toda Saxonia cando se soubo que nos pobos que circundaban a Leipzig fora exposta, non se sabía por quen, unha declaración con este contido: "Wenzel, o fidalgo, atópase na casa dos seus curmáns Hinz e Kunz en Dresde".

Ante estas circunstancias o doutor Martiño Lutero, co poder de palabras de sosego e apoiado polo respecto que lle outorgaba a súa posición no mundo, asumiu a tarefa de devolver a Kohlhaas á disciplina da orde humana e, apoiándose nun elemento positivo presente no peito do incendiario asasino, publicou un aviso dirixido a Kohlhaas que foi colgado en tódalas cidades e pobos do principado, co seguinte contido:

> Kohlhaas, que te presentas como un enviado para empuñar a espada da xustiza, que pretendes ti, temerario, coa tolería da paixón cega, ti que estás impregnado da mesma inxustiza da cabeza até os pés? Porque o soberano do país, do que ti es súbdito, che negou o teu dereito na dispu– ta dun ben carente de valor, érgueste, desgraciado, con fogo e espada e, coma o lobo do deserto, irrompes na pacífica comunidade que el ampara. Ti, que seduces á xente con esa denuncia chea de falsidade e de malicia, pretendes, pecador, saír airoso así ante Deus o día no que El mirará nas pregas de tódolos corazóns? Como podes dicir que che foi negado o teu dereito ti, anxo irado, cuxo peito excitado pola comichón dunha vil vin– ganza pola propia man, despois dos primeiros frívolos intentos abando– nou por completo o esforzo por procurarcho? O teu superior é un banco cheo de servidores da xustiza e de alguacís que ocultan unha carta que deben entregar? Terei que dicirche a ti, esquecido de Deus, que o teu

soberano non está informado disto? —que digo? que o soberano do teu país, contra o que te ergues, tampouco coñece o teu nome? De modo que cando no seu día comparezas ante o trono de Deus coa idea de denun–cialo, El , con cara de ledicia, poderá dicir: Señor eu non lle fixen nin–gunha inxustiza a este home, pois a súa existencia elle estraña á miña al–ma. Que saibas que a espada que empuñas é a espada do roubo e da sede de sangue; ti es un rebelde e non un guerreiro do Deus xusto e a túa fin na terra son a roda e a forca e na outra vida a condenación que pende sobre o crime e a impiedade"

Wittemberg, etc. Martiño Lutero

Kohlhaas estaba dando voltas no seu desconcertado peito a un novo plan para reducir Leipzig a cinzas, pois non atribuía ningún valor á noticia publicada nos pobos de que o fidalgo Wenzel estivese en Dresde, porque non ía asinada por ninguén e moito menos polo consello, como el esixira, cando, no mesmo intre, Sternbald e Waldmann, descubriron, con gran consternación, o cartel que fora fixado no camiño do portal do castelo. Durante varios esperaron inutilmente que Kohlhaas, ó que, por esta razón, non se achegaban de boa gana, o vise. "Tenebroso" e ensimesmado, mais só para dar as súas breves ordes, sen ver nada. De modo que, unha mañá na que el quería mandar desabotoar a un par de serventes que, contra a súa vontade, estiveran saqueando por aquela zona, eles decidiron atraer a súa atención sobre o cartel. Volvía el do lugar do castigo, mentres a xente se apartaba ós lados con temor, co cerimonial que era habitual despois do seu último mandato: unha gran espada de querubín sobre un coxín vermello decorado con borlas de ouro era portada diante del e seguíano doce serventes levando fachos prendidos; os dous homes presentáronse, coas súas espadas debaixo do brazo, dando voltas arredor do piar no que estaba fixado o cartel, de modo que a el lle tivese que chamar a atención. Kohlhaas, que ía levando as mans xuntas detrás do lombo enfrascado nos seus pensamentos, ó cruzar a porta levantou a vista e quedou perplexo. Ó velo, os serventes arredáronse e el, véndoos desconcertados, cuns pasos rápidos achegouse ó piar. Mais quen describe o que pasou na súa alma cando na folla cuxo contido o acusaba de inxustiza, viu que estaba asinada polo máis prezado e máis venerable nome que el coñecía, polo nome de Martiño Lutero! Un escuro rubor subiulle pola cara; sacando o helmo, leuno dúas veces do principio até a fin. Deu a volta e, con

olladas que revelaban o seu desconcerto, regresou ó medio dos serventes como se quixese dicir algo, mais non dixo nada. Arrancou a folla da parede, leuna toda outra vez e berrou: "Waldmann!; que me enselen o cabalo" e, de seguido: "Sternbald!; ségueme ó castelo!", e desapareceu. Non foron precisas máis palabras que estas poucas para, de pronto, expoñelo alí, inerme, en toda a depravación na que se atopaba. Vestiuse coas roupas dun arrendador de terras turinxio. A Sternbald díxolle que un asunto de significativa importancia o obrigaba a viaxar a Wittemberg; en presenza dalgúns dos seus máis excelentes serventes transmitiulle o mando da tropa que quedaba en Lützen e asegurándolles que estaría de volta no espazo de tres días, prazo no que temía un ataque, saíu para Wittemberg.

Baixo un nome alleo parou nunha pousada, da que, á caída da noite, cuberto coa súa capa e provisto cun par de pistolas que collera no castelo dos Tronka, entrou no cuarto de Lutero. Este, que estaba sentado á súa mesa de traballo entre escritos e libros, vendo a aquel estraño e singular home abrir a porta e trancala por dentro, preguntoulle quen era e que quería e o home, que, en sinal de respecto, levaba o sombreiro na man, despois de agardar un pouco no temeroso presentimento do susto que iría causar, respondeu que era Michael Kohlhaas, o tratante de cabalos. Oíndo isto, Lutero dixo. "Estate aí, lonxe de min", ergueuse do escritorio e correu a botar man dunha espada, engadindo: "O teu alento é peste e a túa proximidade perdición!". Kohlhaas, sen moverse do sitio e sacando a súa pistola, dixo: "Moi honorable Señor, se vostede toca a espada, esta pistola tombarame sen vida ós seus pés. Sente e escóiteme. Entre os anxos, cuxos salmos vostede escribe, non está máis seguro que comigo". Lutero, sentando, preguntou: "Que queres?" Kohlhaas respondeu: "Refutar a súa opinión sobre min de que eu sexa home inxusto. Vostede dicíame no seu cartel que o meu soberano non sabe nada da miña causa; pois ben, consígame un salvoconduto e vou a Dresde e preséntolla". "Ou home monstruoso e arrepiante!", levantou a voz Lutero, confundido e ó mesmo tranquilizado por estas palabras, "Quen che deu a ti o dereito de asaltar ó fidalgo von Tronka, seguindo sentenzas arbitrarias e, ó non o atopar no seu castelo, a castigar a lume e espada a toda a comunidade que o protexe?"; Kohlhaas respondeu: "Moi honorable señor, ninguén, por agora! Unha información que recibín de Dresde enganoume e seduciume. A guerra que eu fado á humanidade foi un crime até que eu, como vostede me asegurou, non fun excluído dela!"; "Excluído!", berrou Lutero, mirándoo; "Que delirio de ideas te prende? Quén sería o que te expulsaría da

comunidade do Estado no que vivías? Si; onde se deu, desde que os estados existen un caso no que alguén, quen queira que sexa, fose expulsado del?"; "Excluído", dixo Kohlhaas, apertando o puño, "chamo eu a aquel ó que lle é negada a protección das leis; e esta protección éme necesaria a min para o exercicio da miña pacífica profesión; si isto é aquilo para o que eu, co conxunto do que adquirín, busco protección nesta comunidade; e quen ma negue bótame fóra, ás feras do deserto; ela ponme na man, como vostede non negaría, a estaca que me protexe a min mesmo". "Quen te privou da protección das leis?", dixo Lutero. Non che dixen no escrito que a demanda que ti presentaches lle é descoñecida ó soberano ante o que a presentaches? Se servidores do Estado, ás súas costas, fan desaparecer procesos e, por outra parte, desprezan o seu nome, que, se non Deus, pode pedirlle contas pola escolla de tales servidores? E ti, home condenado e espantoso, estás autorizado por iso a xulgalo?. "Ben;", retrucou Kohlhaas, "se o señor do país non me rexeita, entón eu reincorpórome á comunidade que el protexe. Consígame, insisto unha vez máis, un salvoconduto para ir a Dresde e eu disolverei a tropa que teño reunida no castelo de Lützen e presentarei de novo ante o tribunal do país a demanda coa que fun rexeitado"; Lutero, poñendo cara de enfado, tirou uns por enriba dos outros os papeis que tiña sobre o escritorio, e calou. A posición irredutible que aquel home tomara no Estado poñíao furioso e pensaba na sentenza que aquel emitira desde Kohlhaasenbrück referida ó fidalgo; preguntoulle que cousa esixía do tribunal de Dresde. Kohlhaas respondeu: "Castigo do fidalgo, segundo as leis; recuperación dos cabalos no seu estado anterior e reparación do prexuízo que tanto eu como o meu servente Herse sufrimos pola violencia que se cometeu connosco". Lutero dixo, erguendo a voz: "Reparación do dano; tomaches para a execución da túa vinganza persoal sumas en milleiros ante xudeus e cristiáns en cambios e empeños. Tamén poñerás este valor na conta cando chegue a hora da reclamación?"; "Non o queira Deus!", dixo Kohlhaas. Non esixo que me devolvan a casa e a granxa que eu posuía e tampouco os custes do enterro da miña do. A vella nai de Herse presentará unha avaliación dos gastos dos gastos da curación del, acompañándoa coa especificación do que o seu fillo sufriu no castelo dos Tronka e o prexuízo que eu sufrín por non vender os cabalos negros poderao facer avaliar o goberno por un perito". Ante isto, mirando para el, Lutero dixo: "Fanático, incomprensible e espantoso home. Despois de que a túa espada tomase sobre o fidalgo a vinganza máis rabiosa que é posible concibir, que cousa te puxa a impoñerte sobre el nun xuízo, cuxa condena, se finalmente lle chega a caerlle encima, o afectaría cun peso tan pouco considerable?". Kohlhaas, mentres unha bágoa

lle escorría pola meixela, contestou: “moi honorable señor, custoume a miña dona; Kohlhaas quérelle mostrar ó mundo que ela non morreu por ter incorrido en ningunha acción inxusta. Nestes puntos sométase vostede á miña vontade e deixemos que se pronuncie a corte de xustiza; en todo o demais que poida ser discutible, sométome eu a vostede”. Lutero dixo: “Mira, o que ti esixes é xusto, aínda sendo as circunstancias distintas do que a xente di e, se antes de dar o paso de tomar a xustiza pola túa man, tiveses sabido presentalo á decisión do soberano, a túa esixencia —diso non teño ningunha dúbida— sería satisfeita punto por punto. Porén, non terías procedido mellor, despois de sopesalo todo ben, se, polo amor do teu Salvador, polo menos lle perdoases ó fidalgo, colleses coa túa man os cabalos, fracos e debilitados como estaban, e, montando neles, os levases á túa corte de Kohlhaasenbrück?”. Kohlhaas respondeu: “Pode ser”; achegándose á fiestra, “mais tamén pode ser que non. Se soubese que os tería que recuperar coa sangue do corazón da miña amada muller, pode que faría como dixo vostede, honorable señor, e non aforraría un ferrado de avea. Con todo, posto que un día me acabaron custando tan alto prezo, deixemos, penso eu, que a cousa siga o seu curso, deixemos que sexa pronunciada a sentenza tal como me veña e deixemos que o fidalgo lles de comer ós cabalos”. Lutero, dándolles voltas a varias ideas mentres colleu de novo os seus papeis, dixo que quería falar de novo co príncipe por mor del e que, mentres tanto, el se permanecese quieto no castelo de Lützen; se o soberano lle ofrecese un salvoconduto faríaselle saber por medio de carteis expostos en lugares públicos e, como Kohlhaas se inclinou para bicarlle a man, seguiu dicindo que “non sei se o elector quere conceder graza por dereito, pois, polo que eu oín, el xuntou un exército e ten a intención de acabar contigo no castelo de Lützen. Entre tanto, como xa che dixen, dos meus esforzos non ha de depender”. E dito isto, ergueuse e fixo aceno de despedilo. Kohlhaas dixo que a súa intercesión o tranquilizaba por completo sobre este punto. Despois Lutero saudouno coa man; mais, de pronto Kohlhaas puxo un xeonllo en terra ante el, dicindo que aínda tiña unha súplica no seu corazón: por Pentecoste, adoitaba acudir á mesa do Señor, mais desta vez non puidera ir á igrexa a causa das súas empresas bélicas; tería el a amabilidade de escoitalo en confesión, sen outra preparación e, en troque, podería administrarlle o alivio do Santo Sacramento?. Lutero, despois dun breve momento de reflexión e dirixíndolle unha penetrante mirada, dixo: “Si, Kohlhaas, iso quero facer eu, mais o Señor, cuxo corpo desexas, perdoou ó seu inimigo”. E, como viu que Kohlhaas o miraba desconcertado, continuou: “E, do mesmo, xeito queres ti tamén perdoar ó fidalgo que te ofendeu, ir ó castelo dos Tronka, montar os teus cabalos

negros e levalos de volta a Kohlhaasenbrück para a súa mantenza?”. Kohlhaas, coa cara acesa, agarrándolle a man —que faría agora?— dixo: “Moi honorable señor, tampouco o Señor perdoou a tódolos seus inimigos. Permítame que lle perdoe ó elector, ós meus dous señores, o mordomo do castelo e o administrador, ós señores Hinz e Kunz e a todos cantos me poidan ter ofendido neste asunto, mais o fidalgo que, se for posible, quero que sexa obrigado a que me engorde os cabalos”. Ante estas palabras, Lutero, cunha ollada de descontento, viroulle as costas e tirou do pequeno sino. Mentres un fámulo, chamado polo sino, se anunciou na antecámara, Kohlhaas, preocupado, erguíase do chan ó tempo que se secaba os ollos e como o fámulo puxaba inutilmente contra a porta, que tiña o ferrollo botado, e Lutero se volvera a sentar a carón dos seus papeis, Kohlhaas abriulle a porta ó home. Lutero, cunha breve mirada de lado en dirección do home estraño, díxolle á fámulo: “Alumbra!”, co que este, un pouco estrañado de ver a aquel visitante colleu da parede a chave da casa e, esperando a que este saíse, retirouse a entreaberta porta do cuarto. Kohlhaas, collendo conmovido o sombreiro entre as dúas mans, dixo: “Entón, moi honorable señor, non podo tomar parte no favor que vos supliquei de ser reconciliado?”. Lutero respondeu con brevidade: “co Salvador non. Co soberano do país, queda pendente dunha tentativa, como eu che prometín”. Dito isto, fixo un aceno ó fámulo para que conclúa sen demora o traballo que lle encomendara. Kohlhaas, cunha expresión de dorido sentimento, poñendo ámbalas dúas mans sobre o peito, saíu detrás do home que lle ía alumeando o camiño mentres baixaban pola escaleira e desapareceu.

Á mañá seguinte Lutero remitiu unha carta ó príncipe elector de Saxonia, na que, despois dun acedo excurso sobre os señores do seu entorno Hinz e Kunz, respectivamente camareiro e copeiro von Tronka, que, como era xeralmente recoñecido, ocultaran a queixa, lle expoñía ó soberano coa franqueza que lle era propia, que ante circunstancias tan desagradables non cabía outra solución máis que aceptar a proposta do tratante de cabalos e, a causa do acontecido e en vista da continuación do seu proceso, concederlle amnistía. Observaba que a opinión pública estaría, dun xeito altamente perigoso, da parte deste home, até tal punto que mesmo no Wittemberg que el calcinara tres veces, unha voz falaba en favor seu e que como, na hipótese de que, se a súa súplica fose rexeitada, el a faría chegar ó coñecemento do pobo con comentarios hostís, sería posible que este último fose facilmente seducido de tal modo que coa forza da autoridade xa non fose posible organizar nada en contra súa. Concluía dicindo que

neste caso fóra do común había que deixar a un lado os reparos relativos ó feito de entrar en negociacións cun cidadán que recorrera ó emprego das armas; dicía aínda que, de feito, este, pola actitude que se observa en contra del, en certo sentido fora excluído da comunidade do Estado e concluía dicindo que, para saír do conflito, o había que considerar máis como unha forza allea que caera sobre o país que como un rebelde que se virara contra o trono, situación para a que, por ser un estranxeiro, tamén está até certo punto cualificado.

O elector recibiu esta carta nun momento no que estaban presentes no palacio o príncipe Christiern von Meissen, xeneralísimo do Imperio, tío do príncipe Friedrich von Meissen derrotado preto de Mühlberg e que aínda gardaba cama a causa das súas feridas, o gran chanceler do Tribunal, conde Wrede, o conde Kallheim, presidente da chancelaría do Estado e os dous señores Hinz e Kunz von Tronka, camareiro este e copeiro aquel, amigos de mocidade e confidentes do soberano. O camareiro señor Kunz, que, na súa calidade de conselleiro secreto, se ocupaba da correspondencia secreta do soberano co privilexio de servirse do seu e selo, tomou en primeiro lugar a palabra e, despois de expoñer unha vez máis polo largo e polo miúdo que el nunca tería rexeitado por unha decisión arbitraria de seu a queixa que o tratante presentara ante o tribunal contra o fidalgo seu curmán, se, enganado por informacións falsas, non a tivera considerado unha molestia inútil e carente de fundamento, pasou a falar da situación actual. Observou que nin segundo leis humanas nin segundo leis divinas, o tratante de cabalos estaría autorizado por causa deste erro a exercer unha vinganza pola súa propia man tan monstruosa como a que el se permitira; describiu a fama que, por graza dunha negociación con el como autoridade militar de dereito, recaería sobre a súa maldita cabeza e a ignominia que, pola mesma virtude, recaería de rebote sobre a sagrada persoa do príncipe elector, cousa que lle pareceu tan insoportable que, no calor da súa elocuencia, antes que ver aceptada a proposta do doutor Lutero, prefería sufrir o extremo de ver cumprida a sentenza do desaforado rebelde e ó fidalgo seu curmán levado a Kohlhaasenbrück a engordar os cabalos negros. O gran chanceler do Tribunal, conde Wrede, medio volvéndose cara o camareiro, expresou o seu pesar polo feito de que amose tan delicado coidade na solución deste asunto certamente desagradable polo que toca á fama do soberano, mentres non o mostrara na primeira ocasión. Presentoulle ó elector o seu reparo en recorrer á autoridade do Estado para impoñer unha represión evidentemente ilegal; observou, cunha significativa consideración da adhesión que o

tratante encontraba con ritmo crecente no país, que o fío dos crimes ameaza con seguir a se enmadeixar até o infinito e expuxo que só a sinxela práctica da xustiza, reparando inmediatamente e con consideracións o erro cometido por propia culpa, podería rachar aquel fío e sacar felizmente ó goberno daquela fea faena. O príncipe Christiern von Meissen, á pregunta do soberano sobre a súa opinión a este respecto, expuxo, dirixíndose ó gran chanceler e disentindo respectuosamente del, que o modo de pensar que revelaba lle merece, desde logo, o máximo respecto, porén, en canto quere axudar a Kohlhaas a obter a súa xustiza, esquece que prexudica a Wittemberg, a Leipzig e a todo o país maltratado por Kohlhaas na súa xusta aspiración a indemnización polos danos sufridos e ou polo menos a castigo. Por virtude deste home, a orde do Estado ficou tan profundamente desconxuntada que dificilmente vai ser posible volvela a encaixar valéndose dun principio extraído da ciencia xurídica. Por isto, seguindo a opinión do camareiro, é partidario de poñer en acción o instrumento previsto para estas situacións, é dicir, reunir un exército dunha dimensión suficiente para poder derrotar ou afogar ó tratante de cabalos que está instalado en Lützen. O camareiro, collendo cadeiras da parede para o príncipe de Meissen e para o elector e colocándoas na sala dun xeito solícito dixo que el se alegraba de que un home da súa sensibilidade coincida con el sobre medios para suprimir aquel caso de dubidosas características. O príncipe, suxeitando coa man a cadeira en vez de sentarse nela, e mirándoo, aseguroulle que non tiña ningún motivo para alegrarse por iso, pois a medida preventiva correspondente sería antes de nada e de toda necesidade a de publicar unha orde de detención en contra súa e de facerlle un proceso por abuso do nome do elector, pois, se a necesidade esixe correr un velo ante o trono da xustiza polo que fai referencia a unha serie de crimes dunha expansión potencial imprevisible que faría que non se encontrase xa modo de que comparezan ante aquela, con todo, isto non vale para os seus primeiros causantes; e, en primeiro lugar, a súa demanda da pena capital podería autorizar ó Estado para esmagar ó tratante de cabalos, cuxa causa, como era sabido era moi xusta e ó que o mesmo Estado lle puxera na man a espada que levaba nela. O elector, ó que fidalgo viu moi afectado por estas palabras, deu a volta coa cara toda corada e achegouse á fiestra. O conde Kallheim, despois dunha pausa embarazosa para todos, dixo que de seguir así non se sairía do circulo vicioso no que se encontraban collidos. Co mesmo dereito se lle podería facer un proceso ó seu sobriño o príncipe Friedrich, pois nunha expedición de características moi particulares que emprendera contra Kohlhaas tamén transgredira a súa instrución en mais dun punto que, se se preguntase polo amplo grupo daqueles que

causaran a situación delicada na que se encontraban naquel momento, tamén este tería que ser mencionado e o príncipe elector lle tería que reclamar responsabilidade polo sucedido preto de Mühlberg. O copeiro, señor Hinz von Tronka, mentres o elector, cunha mirada dubitativa, se achegaba á súa mesa, tomou a palabra para dicir que non comprendía como a decisión de Estado que se debía tomar podía estar tan lonxe do alcance de homes de tanta sabedoría coma os alí reunidos. Polo que el sabía, o tratante de cabalos prometera, a cambio dun simple salvoconduto até Dresde e dunha nova investigación do seu caso, disolver a tropa coa que asolara o país. Con todo, diso non se seguía que se lle tivese que conceder unha amnistía por aquela criminal vinganza persoal: dous conceptos xurídicos que tanto o doutor Lutero como o conselleiro de Estado parecían confundir. E —continuou, apoiando o dedo no nariz— se no tribunal de Dresde, é indiferente de que maneira, fora fallada unha sentenza sobre os cabalos, nada impedía que se procesase a Kohlhaas sobre a base dos seus incendios mortíferos e roubos: un xiro de picardía estatal que reunía as avantaxes dos puntos de vista dos dous homes de estado e que tería garantido o aplauso do mundo de entón e o do futuro. O elector, vendo que tanto o príncipe de Meissen como o Gran Chanceler responderan ó copeiro, señor Hinz, oída a súa intervención, cunha simple mirada e así a deliberación parecía estar concluída, dixo que reflexionaría sobre as diferentes opinións que lle foran presentadas até a seguinte xuntanza do Consello de Estado. Deu a impresión de que a medida preventiva preliminar na que o príncipe elector pensara, lle arrebata ó seu moi sensible corazón a gana de levar adiante a expedición militar contra Kohlhaas, para que xa todo estaba disposto. Polo menos retivo consigo ó Gran Chanceler, conde Wrede, cuxa opinión lle pareceu ser a máis práctica e, como este lle amosou cartas das que se deducía que o tratante de feito xa crecera até o volume duns catrocentos homes e que, tamén polo descontento xeral que reinaba no país ante as barbaridades do camareiro, se podería contar en breve cunha forza dupla ou tripla. Ante isto, o príncipe elector decidiu aceptar, sen máis xestións, a proposta que lle fixera o doutor Lutero. En consecuencia, puxo nas mans do conde Wrede a dirección de todo o asunto Kohlhaas. Xa ós poucos días foi publicado un anuncio que nós, recollendo o principal do seu contido, damos a coñecer como segue:

> “Nós, etc., etc., príncipe elector de Saxonia, en consideración especial–
> mente graciosa da intercesión que nos chegou de parte do doutor Mar–
> tiño Lutero, concedemos a Michael Kohlhaas, tratante de cabalos, na–

tural do país de Brandenburgo, baixo a condición de que no prazo de tres días despois de ler este comunicado depoña a s armas que empu– ñou como instrumento para a prosecución da investigación do seu caso; de modo que, se o mesmo, cousa que non é de esperar, obtivese un rexeitamento da súa demanda referida ós cabalos negros presentada ante o tribunal de Dresde , se debería proceder contra el con todo o rigor da lei polo seu arbitrario intento de obter xustiza pola propia man; porén, no caso contrario, se lle deberán conceder a el e a toda a súa tropa clemencia e amnistía total polos actos violentos perpetrados en Saxonia."

Aínda ben non recibira Kohlhaas, por intermedio do doutor Lutero, un exemplar deste cartel exposto en tódalas prazas do país, cando xa el, malia o tono condicional que tiña a linguaxe empregada nel, xa mandou despedir toda a tropa con agasallos, agradecemento se consellos prácticos. Todo o botín que podía ter acumulado en diñeiro, armas e máquinas depositouno, como propiedade do elector, ante o tribunal de Lützen e, despois de enviar a Waldmann a Kohlhaasenbrück con cartas para o funcionario co obxectivo de recomprar a súa granxa e a Sternbald a Schwerin para que recollese ós seus fillos, que desexaba volver a ter consigo, abandonou o castelo de Lützen e co que lle quedaba da súa pequena fortuna, que levou consigo en papel, dirixiuse sen ser recoñecido a Dresde.

O día estaba abrindo e toda a cidade aínda durmía cando el petaba á porta da pequena propiedade situada en Pirna arrabalde de Dresde que seguira sendo súa grazas á actitude do funcionario e a Thomas, o vello gardián que abriu a porta sorprendido e consternado, díxolle que fixese o favor de comunicarlle ó príncipe de Meissen, na sede do goberno, que Kohlhaas, o tratante de cabalos, estaba alí. Ante este aviso, o príncipe de Meissen considerou conveniente informarse de inmediato por si mesmo do estado das cousas en relación con aquel home, cando pouco despois se presentou nas rúas que levaban á casa de Kohlhaas cun séquito formado por cabaleiros e criados de bagaxe encontrou que xa se concentrara alí unha inconmensurable masa de xente. A nova de que o anxo exterminador, o que perseguía a lume e espada ós opresores do pobo, estaba alí puxera en pe a todo Dresde, centro e periferia. Foi preciso poñerlle o ferrollo á porta para protexerse da presión da masa curiosa e os pícaros agancharon até as fiestras para

contemplaren ó incendiario asasino que alí almorzaba. Unha vez que o príncipe, axudado pola garda que lle ía abrindo paso, penetrou na casa e entrou no cuarto de Kohlhaas, preguntoulle a este, que, medio despido, estaba de pé diante dunha mesa, se el era Kohlhaas, o tratante de cabalos. ó que Kohlhaas, collendo do seu cinto unha carteira que contiña papeis que trataban sobre a súa persoa e entregándolla con respecto, respondeu: "Si", engadindo que se encontraba en Dresde, unha vez licenciado o seu exército, de acordo coa liberdade que o príncipe elector lle outorgara, para presentar ante o tribunal a súa queixa referente ós cabalos contra o fidalgo Wenzel von Tronka. O príncipe, despois dunha rápida ollada coa que lle pasou revista da cabeza ós pés, foi pasando os papeis contidos na carteira, pediulle a Kohlhaas que lle explicara o billete estendido polo xulgado de Lützen que encontrara na carteira sobre a deposición feita en beneficio do tesouro do Estado. E despois de investigar o modo de ser do home con preguntas de todo tipo sobre os seus fillos, sobre a súa fortuna e sobre o modo de vida que levaba, devolveulle os papeis da carteira, dicíndolle que non había ningún obstáculo para o seu proceso, dicíndolle que para poñelo en marcha se tiña que dirixir el mesmo directamente ó gran chanceler. "Entre tanto —dixo o príncipe, despois dunha pausa, achegándose á fiestra e contemplando con ollos coma pratos á xente concentrada diante da casa— vas ter que aceptar para os primeiros días unha garda que te protexa tanto na túa casa como cando saias fóra. Kohlhaas, preocupado, mirou arredor de si e calou. O príncipe, deixando a fiestra, dixo: "Tanto ten. O que resulte disto gañáchelo ti mesmo" e con isto volveuse de novo cara a porta coa intención de abandonar a casa. Kohlhaas, que recuperara a serenidade, dixo: "Gracioso señor, facede o que queirades! Dádeme a vosa palabra de retirar a garda en canto eu o desexe; sendo así, eu non teño ningún reparo que facer contra esta medida". O príncipe respondeu: "Isto nin que dicirse ten e despois, deulle a tres lansquenetes que presentara para este fin deulles a entender que o home en cuxa casa quedaban era libre e que, cando saíse, só o deberían seguir para a súa seguridade, saudou ó tratante de cabalos cun movemento de condescendencia da man e foise.

Contra mediodía Kohlhaas, acompañado polos seus lansquenetes, e seguido por unha multitude incalculable que non lle fixo ningún mal por ter sido avisada pola policía, dirixiuse a xunta do gran chanceler do tribunal, o conde Wrede, que o recibiu con dozura e amabilidade na súa antecámara, conversou con el durante dúas horas e despois de facerse relatar todo a evolución do caso desde o principio até a fin,

remitiuno, para redacción e presentación inmediata da demanda a un célebre avogado da cidade acreditado ante o xulgado. Sin máis demora, Kohlhaas accedeu á vivenda deste e, despois de que a demanda concordante en todo coa primeira que fora presentada, esixía o castigo do fidalgo segundo as leis, a recuperación dos cabalos no estado no que se encontraban previamente e a reparación tanto do dano sufrido por el como tamén o que sufrira o seu servente caído preto de Mühlberg, en beneficio da súa vella nai. Púxose de novo en camiño de volta á casa acompañado pola xente que aínda seguía cos ollos postos nel, resolto a non abandonar a casa máis que cando o reclamasen asuntos da máxima importancia.

Entre tanto tamén o fidalgo fora liberado da súa detención en Wittemberg e, unha vez curado dunha perigosa rosa que lle inflamara un pé, o tribunal púxolle a obriga, baixo condicións perentorias, de presentarse en Dresde para responder da queixa presentada contra el polo tratante de cabalos Kohlhaas a propósito duns cabalos negros que lle foran ilegalmente retidos e despois botados a perder.

Os irmáns camareiro e copeiro von Tronka, curmáns do fidalgo, en cuxa casa el se aloxou, recibírono co máis forte enfado e desprezo; chamárono miserable e indigno, reprocháronlle que botaba vergoña e deshonra sobre toda a familia e anunciáronlle que perdería sen remisión o seu proceso, esixíndolle que se puxese de inmediato ó traballo de facer traer os cabalos, a cuxa engorda el, para maior risa e desprezo do mundo, ía ser condenado. Dixo con voz feble e trémula que era o home máis digno de compaixón do mundo. Xurou que só soubera pouco de todo aquel desafortunado asunto que o precipitara na desgraza e que o mordomo e o administrador tiveran a culpa de todo, porque, sen que el estivese en absoluto informado e contra a súa vontade empregaran os cabalos negros na seitura e, obrigándoos a faceren esforzos desproporcionados, en parte nos seus propios campos, os esgotaran completamente. Dito isto, tomou asento, suplicando que non o volvesen de novo coas súas acusacións e insultos á situación desgraciada da que viña de saír. O día seguinte, os señores Hinz e Kunz, que tiñan propiedades na zona do queimado castelo dos Tronka, e por solicitude do seu curmán, porque xa non lle quedaba outra posibilidade, escribíronlles ós administradores e caseiros que tiñan alí para obteren información sobre os cabalos perdidos de vista e desde entón desaparecidos sen deixar rastro. Mais todo o que puideron pescudar ante a masacre de case tódolos habitantes, foi que un servente que fora corrido a golpes de

folla da espada polo incendiario asasino os rescatara da cabana en chamas na que estaban e despois, á pregunta sobre ónde os debería levar e sobre o que debería facer con eles, recibira como resposta un couce do malencarado e furioso home. A vella e gotosa ama de chaves do fidalgo, que se refuxiara en Meissen aseguroulle ó mesmo, respondendo a unha pregunta por escrito, que o servente, na mañá daquela espantosa noite se dirixira cara a fronteira de Brandemburgo, para tódalas pescudas que alí se fixeron foron infrutuosas, de modo que perecía que esta información se baseaba nun erro, pois o fidalgo non tiña ningún servente que procedese de Brandemburgo ou daquela dirección. Uns homes de Dresde que estiveron en Wildsruf pouco despois do incendio do castelo dos Tronka declararon que nas mencionadas datas un servente con dous cavalos que levaba polas rendas chegara a aquel lugar e que como os animais estarían en moi mal estado, non puideran seguir e el os deixara na corte dun pastor que polo visto os quería recuperar. Por moitas razóns era probable que estes fosen os cabalos negros que eran obxecto daquela investigación; mais, segundo o pastor de Wilsdruf xa os vendera de novo a alguén, segundo dicía xente que viña de alí e un terceiro rumor, cuxo autor quedou sen descubrir, chegou mesmo a dicir que os cabalos xa estarían con Deus e estarían enterrados no foxo dos ósos de Wilsdruf. Os señores Hinz e Kunz, para os que, como é doado comprender, este xiro das cousas era o máis desexable, xa que así, por carecer de cortes propias o seu curmán o fidalgo, estarían liberados da forzosa obriga de manter os cabalos nas súas, con todo, por mor dunha seguridade absoluta, desexaban verificar esta circunstancia. Por esta razón o señor Wenzel von Tronka, como señor hereditario, feudal e xudicial, remitiu un escrito ós xulgados de Wilsdruf no que, despois dunha ampla descrición dos cabalos que, como el dicía, se lle confiaran e por un accidente os perdera, lles requiría coa maior amabilidade oficial que investigasen o paradoiro actual dos mesmos e que, contra unha xenerosa compensación de tódolos custos, obrigasen a entregalos nas cortes do camareiro señor Kunz. Como consecuencia disto, poucos días despois, o home ó que o pastor de Wilsdruf lle vendera os cabalos negros apareceu realmente e levounos, fracos e vacilantes, atados a un pau do carro ó mercado da cidade. Mais o infortunio do señor Wenzel e aínda máis do honrado Kohlhaas quixo que este home fose o esfolador de Döbbeln.

En canto o señor Wenzel oíu en presenza do camareiro, seu primo, por un rumor impreciso, que un home con dous cabalos negros escapados do incendio do castelo dos

Tronka chegara á cidade, dirixíronse os dous acompañados por algúns serventes da casa xuntados á présa, á praza do palacio, onde estaban, para recollelos a cambio da paga correspondente, sempre que se tratase dos que pertencían a Kohlhaas, e levalos á casa. Mais qué decepcionados quedaron os cabaleiros vendo un grupo de xente que non paraba de aumentar, que, atraídos polo espectáculo, se concentraban arredor do carro de dúas rodas ó que estaban atados os animais e que se berraban uns ós outros, entre inmensas gargalladas, que aqueles cabalos por mor dos cales abanea o Estado xa foran ós esfolador! O fidalgo, que xa dera unha volta arredor do carro e contemplara aqueles animais dignos de compaixón e que parecían querer morrer dun momento ó outro, dixo, confuso, que aqueles non eran os cabalos que el lle collera a Kohlhaas. Aínda así, o señor Kunz, o camareiro, dirixíndolle unha mirada cargada de calada xenreira que, de ser ferro, o tería esnaquizado, achegouse ó esfolador botando para atrás a súa capa e deixando visibles as condecoracións e a cadea e preguntoulle se aqueles eran os cabalos negros que o pastor de Wilsdruf lle trouxera e o fidalgo Wenzel von Tronka, ó que pertencían, requirira ante o xulgado daquel praza. O esfolador, que, cun caldeiro que sostiña da man, lle estaba dando de beber a un cabalo gordo e corpulento que tiraba do seu carro, dixo: “os negros?”, pousou o caldeiro no chan, tiroulle o freo da boca ó faco e dixo que os cabalos que estarían atados ó estadullo llos vendera o porqueiro de Hainichen; non tiña idea de onde este os sacara nin tampouco sabía se viñeran do pastor de Wilsdruf. Polo visto, a el —dixo, volvendo a coller o caldeiro, que colocou axustado entre o temón do carro e o seu xeonllo— o xulgado de Wilsdruf dixéralle que os tiña que levar a Dresde a cás dos von Tronka, mais o fidalgo ó que o remitiran chámase Kunz. Dito isto, deu volta co resto da auga que o faco deixara no caldeiro e tirouna sobre o empedrado da rúa. O camareiro, no centro das miradas da multitude, que ría ás gargalladas, vendo que non era quen de facer que mirase para el aquel suxeito que seguía, indiferente, ocupado nos seus asuntos, dixo que el era o camareiro Kunz von Tronka, mais que os cabalos que lle debía traer tiñan que pertencer ó fidalgo, curmán seu, foran salvados por un servente do castelo dos Tronka que estaba ardendo, chegaran ás mans do pastor de Wilsdruf e foran orixinalmente dous cabalos propiedade do tratante Kohlhaas. Preguntoulle ó suxeito, que estaba alí diante del de pernas abertas, tirando do pantalón para arriba, se non sabía nada disto; mais tamén lle preguntou se non sabía se, ó mellor, o porqueiro de Hainichen —circunstancia da que depende todo— non llos compraría ó pastor ou a un terceiro que, á súa vez, os compraría do mesmo? O esfolador, que entre tanto se arrimara ó seu carro e tirara a súa auga dixo que

el fora mandado a Dresde cos seus cabalos negros para recibir na casa dos von Tronka os seus cartos por eles e que non comprendía o que estaba facendo e que tanto lle daba que tivesen sido do porqueiro de Hainichen, de Xan ou de Pedro, xa que non foran roubados. E dito isto, co vergallo atravesándolle o seu largo lombo, foi cara a unha taberna que había na praza coa intención de almorzar para matar a fame que tiña. O camareiro, que non tiña a menor idea do que podería facer cos cabalos que o porqueiro de Hainichen lle vendera ó esfolador en Döbbeln, no caso de que non fosen aqueles sobre os que o demo cabalgaba en Saxonia, esixiulle ó fidalgo que falase, mais, como este respondeu, con labios lívidos e trementes, que o máis prudente sería mercar os cabalos con independencia de que pertencesen ó Kohlhaas ou non, o camareiro, maldicindo ó pai e á nai que o trouxeran ó mundo, botando para atrás a súa capa e sen saber en absoluto o que debía facer ou deixar de facer, saíu do medio da masa de xente. Chamou a pé de si ó barón de Wenk, un coñecido seu que estaba pasando a cabalo pola praza e, resistíndose a abandonar a praza precisamente porque a populacho o estaba observando con aire de burla e, con panos diante da boca, só parecía estar esperando o momento de rebentar en gargalladas, pediulle que fose falar co gran chanceler, o conde Wrede, para, pola súa intervención, traeren a Kohlhaas a examinar os morcelos.

Deuse a coincidencia de que o mesmo Kohlhaas, chamado por un correo do xulgado, estaba presente no gabinete do gran chanceler por mor de certas explicacións que se requirían del en referencia coa deposición que fixera en Lützen, cando o barón entrou no cuarto co propósito que acabamos de mencionar e, mentres o gran chanceler se ergueu da cadeira de brazos con cara de xenreira, deixando a un lado cos papeis que tiña na man ó tratante, cuxa persoa era descoñecida para o barón, este presentoulle ó gran chanceler o compromiso no que se atopaba o señor von Tronka: que, polo visto, o esfolador de Döbbeln, erradamente requirido polos xulgados de Wilsdruf, se presentara con cabalos nun estado tan desastrado que o fidalgo Wenzel se ve forzado a dubidar de recoñecelos como os pertencentes a Kohlhaas, de maneira que, se, malia iso, llos collesen ó esfolador para facer o intento de recuperalos nas cortes dos cabaleiros, sería precisa unha inspección ocular previa de Kohlhaas para eliminar as dúbidas sobre aquel particular; que teña, xa que logo, a bondade de mandar recoller ó tratante por unha garda na súa casa para despois levalo á praza na que están os cabalos. O gran chanceler, sacando as lentes do seu nariz, díxolle que se atopaba nun dobre erro: que, primeiro, cría que a mencionada circunstancia non se pode aclarar máis que por medio dunha

inspección ocular de Kohlhaas e que, en segundo lugar, se imaxina que el, o chanceler, está autorizado para mandar levar por unha garda a Kohlhaas a onde lle pete ó fidalgo. Coa mesma presentoulle a Kohlhaas, que estaba detrás del e, sentando e poñéndose de novo as lentes, pediulle que nesta cuestión se dirixa ó mesmo interesado. Kohlhaas, que, por ningún xesto deixou translucir o que pasaba na súa alma, dixo que el estaría disposto a seguilo ó mercado para examinar os morcelos que o esfolador trouxera á cidade. Mentres o barón, conmovido, se volvía na súa dirección, el achegouse de novo á mesa do gran chanceler e, despois de darlle aínda a este, dos papeis que levaba na súa carteira, un certo número de informacións relativas á súa deposición de Lützen, despediuse del. O barón, que, coa cara completamente ruborizada, se achegara á fiestra, tamén lle presentou os seus respectos e ámbolos dous, acompañados polos tres lansquenetes postos á seu servizo polo príncipe de Meissen, dirixíronse á praza do palacio no medio dunha multitude de xente. O camareiro, señor Kunz, que, entre tanto, a despeito das advertencias de moitos amigos que foran a xuntarse con el, mantivera o seu posto de fronte ó esfolador de Döbbeln, en canto apareceu o barón co tratante, dirixiuse a este e, mantendo con orgullo e autoridade unha espada debaixo do brazo, preguntoulle se os cabalos que estaban detrás do carro eran os seus. O tratante de cabalos, despois de volverse con contención cara o señor que lle dirixía a pregunta e que lle era descoñecido e, sen darlle resposta, acompañado por tódolos cabaleiros, dirixiuse ó carro do esfolador e cara ós animais que alí estaban coas patas vacilantes, as cabezas abaixadas cara a terra, negándose a probar o feo que o esfolador lles puxera diante: contemplounos fugazmente desde unha distancia de doce pasos á que permaneceu parado. “Señor!” —dixo, volvéndose novamente cara o camareiro— O esfolador tiña toda a razón; os cabalos que están atados ó seu carro son meus!”. E, coa mesma, botando unha ollada a todo o grupo de señores, moveu o sombreiro unha vez máis e foise acompañado pola súa garda, saíndo da praza. Oíndo estas palabras, o camareiro, cun paso rápido que facía sacudir o penacho do seu helmo, dirixiuse ó esfolador, ó que lle lanzou unha bolsa con diñeiro. Mentres este, coa bolsa na man, se peiteaba por encima os cabelos cun peite de chumbo ó tempo que botaba unha ollada ós cartos, o camareiro ordenoulle a un criado que ceibase os cabalos e os levase para a casa. O criado, que, á chamada do amo, abandonara un grupo de amigos e familiares que tiña entre a xente, pisou tamén, colorándose un pouco na cara, un charco de xurro que se formara ós seus pés, dirixiuse cara os cabalos, mais aínda non puxera a man nas rendas para desatalas, cando xa o mestre Himboldt, curmán seu, o agarrou polo brazo e o

arrombou lonxe do carro, dicindo: “Ti non tocas esa prea de facos” e, mentres con pasos inseguros por enriba da poza de xurro se volvía cara o camareiro, que ante este incidente estaba alí de pé sen dicir palabra, engadiu que “tiña que buscar un criado esfolador para que lle fixese un servizo coma a aquel”. O camareiro, que, babándose de xenio, observara un momento ó mestre, deu volta e por enriba das cabezas dos cabaleiros que o rodeaban berrou chamando á garda e, en canto, chamado polo barón von Wenk, se presentou un oficial acompañado por algúns gardas do príncipe elector, esixiulle, despois dunha breve descrición da vergoñosa rebeldía que se permitiran os burgueses da cidade, que prendese ó instigador, mestre Himboldt e, agarrando ó mestre polo peito, acusouno de ter arrombado con violencia e maltratado ó seu servente que por orden súa estaba desatando ós morcelos do carro. O mestre soltándose cun hábil movemento do camareiro, rexeitouno dicindo: “Señor, amosarlle a un rapaz de vinte anos o que ten que facer non é o mesmo que incitalo á revolta. Preguntádelle se, malia a procedencia e o decoro dos cabalos quere ocuparse dos cabalos que están atados ó carro; se, despois do que eu dixen, o quere facer, sexa! Por min xa os pode descarnar e esfolar”. Ante estas palabras o camareiro virouse cara o servente e preguntoulle se tiña algún reparo en executar a súa orde de soltar os cabalos que pertencían a Kohlhaas e levalos para a casa; mais, como este, con timidez e mesturándose coa xente, respondeu: “Os cabalos tiñan que ser aseados antes de esixirlle a el unha cousa así”. Oíndo isto, o camareiro foi detrás del, arrancoulle da cabeza o sombreiro, que ía adornado coa marca da casa e, despois de pisalo ós pés, desenfundou a espada e con furiosos golpes botouno ó momento da praza e do seu servizo. Mestre Himboldt berrou: “Botade xa esa furia ó chan!” E mentres os cidadáns escandalizados por esta escena se xuntaron e correron á garda, el, vindo por detrás, botou a terra ó camareiro, arrancoulle capa, gola e helmo, sacoulle a espada da man, arrebolándoa lonxe, cun xesto irado, moito máis aló da praza. O fidalgo Wenzel, fuxindo do tumulto, berroulles infrutuosamente ós cabaleiros que acudisen en axuda do seu curmán; antes de que estes desen nin sequera un paso xa foron espallados pola acometida do pobo, de maneira que o camareiro, que se ferira na cabeza ó caer, estaba á mercé da multitude. Nada puido salvar ó camareiro máis que a aparición dunha tropa de lansquenetes a cabalo que atravesaban casualmente a praza chamados en axuda polo oficial dos albardeiros do elector. O oficial, unha vez botada a multitude, inmobilizou ó furioso mestre e, mentres este era levado ó cárcere por algúns soldados, dous amigos levantaron do chan ó infeliz e ensanguentado camareiro e levárono á súa casa.

Este foi o desgraciado final que tivo o ben intencionado e serio intento de obter satisfacción para o tratante de cabalos pola inxustiza que sufrira. O esfolador de Döbbeln, que xa arranxara o seu negocio e que non quería perder máis tempo esperando alí, vendo que a xente empezaba a dispersarse, atou os cabalos ó fuste dun farol, onde quedaron todo o día sen que ninguén mirase por eles, para diversión dos pícaros da rúa e dos ladróns, de modo que, por falta de calquera clase de coidado e mantemento, a policía tivo que facerse cargo deles e contra a caída da tarde mandou vir ó esfolador de Dresde para que os coidase, até nova disposición, no esfoladoiro da cidade.

Malia a pouca responsabilidade que o tratante tivera neste incidente, con todo espertou mesmo entre os moderados e os mellores do país unha atmosfera moi perigosa para a conclusión da súa querela. Circulou a opinión de que a súa relación co Estado era intolerable e nas casas e nas prazas públicas xurdiu a opinión de que será mellor perpetrar unha inxustiza manifesta e arquivar de novo toda a causa que outorgar unha xustiza conseguida por medio de actos de violencia a unha causa de tan nula importancia, unicamente para satisfacción da súa tola obstinación. Para perdición total do pobre Kohlhaas tamén o mesmo gran chanceler co seu excesivo sentido da xustiza e unha conseguinte aversión contra a familia von Tronka tivo que contribuír a consolidar e propagar polo país aquela perigosa atmosfera. Era moi altamente improbable que os cabalos, que agora coidaba o esfolador de Dresde, puidesen ser recuperados nun estado coma o que tiñan cando saíron da corte de Kohlhaasenbrück; porén, supoñendo que por arte e atencións continuas isto fose posible, a ignominia que, como consecuencia das circunstancias existentes, caía sobre a familia do fidalgo era tan grande que, en consideración do peso social e político que esta familia tiña no país por ser unha das primeiras e máis nobres, nada parecía máis desexable e natural que proceder a unha compensación económica polos cabalos. Con todo, en reacción a unha carta na que o presidente, conde Kallheim, no nome do camareiro, retido pola súa doenza, lle presentaba uns días máis tarde esta mesma proposta ó gran chanceler, este, por un lado, remitiulle a Kohlhaas un escrito no que lle recomendaba non rexeitar unha proposición coma aquela, no caso de que lle fose feita mentres, por outro, ó presidente mesmo pediulle nunha breve e pouco informal contestación que non o importunase con encargos particulares nesta causa e intimou ó camareiro a que se dirixise ó mesmo Kohlhaas, ó que describía como un home moi disposto e sinxelo. O tratante, de feito

afectado na súa vontade polo incidente que tivera lugar no mercado, á súa vez estaba esperando, seguindo o consello do gran chanceler, un primeiro paso de achegamento por parte do fidalgo ou dos seus parentes para corresponderlles con total boa vontade e co perdón de todo o sucedido. Porén, este primeiro paso era algo moi delicado de facer para os orgullosos cabaleiros, que, gravemente irritados pola resposta que recibiran do gran chanceler, amosáronlla ó príncipe elector, que na mañá do día seguinte visitou ó enfermo camareiro aínda convalecente das súas feridas. O camareiro, cunha voz feble e conmovedora, debida ó seu estado, preguntoulle se, despois de poñer en xogo a súa vida para, segundo os desexos do chanceler, poñer remate a aquel asunto e expoñer ademais a súa honra ás críticas do mundo, mentres suplicaba perdón e xenerosidade, aínda debería comparecer ante un home que trouxera todo o ridículo e vergoña imaxinables sobre a súa familia. O elector, despois de ler a carta, preguntoulle con cara de preocupación ó conde Kallheim se o tribunal non tiña capacidade para, sen que fosen precisas máis consultas co Kohlhaas, basearse na circunstancia de que os cabalos xa non serían recuperables e, en consecuencia, redactar a sentenza do mesmo xeito que se estivesen mortos no sentido dunha simple indemnización polos mesmos en diñeiro. O conde respondeu: “Señor, *están* mortos, están mortos no sentido do dereito de Estado, porque carecen de todo valor e estarano fisicamente antes de que sexan levados do esfoladoiro ás cortes dos cabaleiros”. Ó que o príncipe elector, gardando a carta, respondeu que quería falar diso co gran chanceler en persoa, tranquilizou ó camareiro que medio se erguera e lle agarrou a man agradecido e, recomendándolle que coidase a súa saúde, con grandes mostras de afección ergueuse da súa cadeira de brazos e abandonou o cuarto.

Así estaban as cousas en Dresde cando sobre o pobre Kohlhaas caeu outra treboada, aínda máis forte, esta vez desde Lützen e os cabaleiros eran hábiles dabondo como para dirixir o seu raio sobre a desgraciada cabeza daquel. Johannes Nagelschmidt, un dos serventes reunidos polo tratante e licenciados despois da publicación da amnistía polo elector, considerou cousa boa, unhas semanas máis tarde, volver a xuntar na raia de Bohemia unha parte daquela chusma disposta a todo tipo de accións delituosas, continuado pola súa propia man o oficio por cuxo camiño os levara Kohlhaas. Este inútil individuo chamábase a si mesmo lugartenente de Kohlhaas, en parte para infundirlles pánico ós buscadores que o perseguían e en parte para inducir ó pobo da maneira habitual a participar nas súas malfeitorías. Cunha picardía aprendida do seu

amo, propagou que a amnistía non se aplicaba a moitos serventes que volveran tranquilamente á súa terra, chegando a dicir que o mesmo Kohlhaas, vítima dun incumprimento de palabra que clamaba ó ceo, á súa chegada a Dresde fora detido e entregado a unha garda. Deste xeito, en carteis moi similares ós de Kohlhaas, a súa banda de incendiarios asasinos aparecía como unha tropa de guerreiros renacido para a gloria de Deus, destinado a vixiar sobre o cumprimento da amnistía que lles prometera o príncipe elector; todo isto, como xa se dixo, de ningún xeito estaba concibido para a gloria de Deus e tampouco en seguimento de Kohlhaas, cuxo destino lles era completamente indiferente, senón para poder queimar, arrasar e matar con impunidade aínda maior baixo a protección daquelas aparencias. En canto estas novas chegaron a Dresde, os cabaleiros non podían reprimir a súa ledicia por este acontecemento que lle confería ó caso unha forma diferente. Con miradas de lado que expresaban sabia prudencia e descontento polo erro que se cometera concedéndolle amnistía a Kohlhaas a pesar das urxentes e repetidas advertencias en contra, coma se tivese o propósito de dar así a malvados de toda ralea un sinal para que o seguisen polo seu camiño e, non satisfeitos con dar creto a Nagelschmidt cando afirmaba que collera as armas simplemente para manter en vida e garantir a seguridade do seu oprimido señor, manifestaron mesmo a firme convicción de que toda a aparición daquel home non era máis que unha empresa urdida polo Kohlhaas para amedrentar ó goberno e impoñer así e acelerando o fallo da sentenza de acordo punto por punto coa súa tola teimosía. Si; o copeiro, señor Hinz, foi tan lonxe, que ,ante algúns fidalgos e cortesáns que despois dunha comida se reuniran na antesala do príncipe elector, chegou mesmo a presentar a disolución da partida de ladróns de Lützen como unha maldita pantasmada; e facendo moita mofa do amor do gran chanceler pola xustiza, demostrou, a partir de varias circunstancias unidas con sentido do humor, que a banda seguía, coma sempre, estando presente nos bosques do electorado, á espera unicamente dun sinal do tratante para irromper de novo a fogo e espada.

O príncipe Christiern von Meissen, moi aborrecido por esta versión dos acontecementos, que ameazaba con manchar máis profundamente a fama do seu señor, dirixiuse de inmediato a xunto deste ó palacio; e descubrindo claramente o interese dos cabaleiros en acabar con Kohlhaas, se fose posible, sobre a base de novos crimes, solicitou do elector o permiso para interrogar a Kohlhaas sen máis tardar. O tratante, non sen sorpresa pola súa parte, conducido á sede do goberno por un alguacil,

presentouse levando no brazo os seus dous fillos pequenos, Heinrich e Leopold, pois o seu servente Sternbald chegara uns días antes traendo os seus cinco fillos de Mecklemburgo, onde permaneceran até entón; pensamentos moi diversos, que sería moi longo expoñer, movérono a tomar a decisión de levar consigo ós nenos, que, vendo que saía, lle pediron entre choros que os collese nos brazos e os levase consigo ó interrogatorio. Despois de observar con pracer ós nenos que Kohlhaas sentara ó seu carón e de preguntarlles con amabilidade cantos anos tiñan e como se chamaban, o príncipe expúxolle a Kohlhaas as liberdades que Nagelschmidt, o seu antigo servente, se permitía nos vales dos Montes Metálicos e, pasándolle os chamados mandatos do mesmo, esixiulle que presentase contra isto o que estivese na súa man. O tratante, aínda que de feito se asustou moito a causa destes papeis vergoñentos e traizoeiros, con todo non se tivo que esforzar moito ante un home tan íntegro como era o príncipe para demostrar a carencia de fundamento das acusacións postas en circulación na súa contra. Non se trataba só de que el, a consecuencia da observación que viña de facer, non precisaba ningunha clase de axuda dun terceiro para a solución da súa querela, que se atopaba progresando da mellor maneira: por algunha correspondencia que levaba consigo e que lle amosou ó príncipe concluíase mesmo unha improbabilidade moi particular de que o corazón de Nagelschmidt estivese disposto a aportarlle unha axuda daquela clase, xa que el o quixera facer aforcar en, pouco antes da disolución da banda, por unha violación cometida na terra chá e algunhas outras malfeitos, de tal modo que só a descuberta da amnistía do lector, ó suprimir toda aquela relación, o salvara e ámbolos dous se separaran uns días máis tarde como inimigos mortais. A proposta súa aceptada polo príncipe, Kohlhaas sentou e redactou un escrito dirixido a Nagelschmidt no que cualificaba de invención vergoñenta a perversa pretensión daquel de que se levantara en armas para defender a amnistía quebrada para el e para a súa banda; dicíalle que á súa chegada a Dresde non fora preso nin entregado a unha garda e que tamén a súa causa xudicial avanzaba exactamente segundo os seus desexos e que a el o entregaba á plenitude da vinganza das leis polos seus malfeitos asasinos e incendiario perpetrados nos Montes Metálicos posteriormente á publicación da amnistía como advertencia para toda a chusma xuntada ó seu redor. A isto engadiulle algúns fragmentos da vista que o tratante fixera celebrar no castelo de Lützen sobre os arriba mencionados actos infamantes para instrución do pobo sobre aquel suxeito xa entón destinado á forca e, como xa se dixo, só salvado pola patente que publicou o príncipe elector. En consecuencia, o príncipe tranquilizou a Kohlhaas con respecto á sospeita que

foi preciso expresarlle naquel interrogatorio, imposta polas circunstancias, asegurándolle que mentres *el* estivese en Dresde non sería posible romper de ningunha maneira a amnistía concedida; deulles unha vez máis a man ós nenos, agasallándoos con froita que había sobre a súa mesa, saudou a Kohlhaas e despediuno.

O chanceler, que, con todo, recoñeceu o perigo que planaba sobre Kohlhaas, fixo o máis que puido para levar á conclusión a causa deste antes de que fose complicada e confundida por novos acontecementos. Mais isto era xustamente o que desexaban e perseguían os diplomáticos e arteiros cabaleiros, que, en vez de, coma anteriormente, limitar a súa resistencia á unha sentenza clemente que cun recoñecemento silencioso da culpa, agora empezaron a negar mesmo esta culpa con expresións de corte malicioso. Nunha ocasión afirmaban que os morcelos de Kohlhaas foran retidos no castelo dos Tronka por un proceder arbitrario do mordomo e do administrador, do que o fidalgo non chegaría a saber nada ou unicamente cousas soltas; outras veces aseguraban que xa a súa chegada alí os animais padecerían unha forte e perigosa tose, facendo referencia a testemuñas que se comprometeron a traer e, cando con estes argumentos e despois de longas investigacións e discusións se viron derrotados, aportaron mesmo un edicto do elector no que, a causa dunha epidemia do gando vacún, se prohibía de feito a importación de cabalos do territorio brandeburgués ó saxón como proba relucente coma o sol non só da capacidade senón mesmo da obriga do fidalgo de deter ós cabalos pasados pola fronteira.

Kohlhaas, que entre tanto lle recomprara ó honrado funcionario de Kohlhaasenbrück a súa granxa a cambio dunha pequena compensación do prexuízo que este sufrira, desexaba abandonar Dresde durante uns días e viaxar á súa terra, como parece, por mor dos trámites xudiciais deste negocio. Unha decisión, con todo, na que, do que nós non dubidamos, pesaba menos o citado negocio, por moi urxente que puidese ser, en razón da sementeira do grao de outono, que o propósito de comprobar a súa situación baixo tan estrañas e preocupantes circunstancias. Por encima disto quizais aínda actuaban razóns doutro tipo, que nós queremos deixar adiviñar a calquera que coñeza o seu corazón. De modo que, deixando a garda que lle estaba atribuída, dirixiuse a xunto do gran chanceler, ó que, coas cartas do funcionario na man, lle expuxo que quería, no caso de que non o necesitasen ineludiblemente a súa persoa no tribunal, como parecía ser o caso, abandonar a cidade para ir a territorio brandemburgués durante un

tempo de entre dez e doce días e que prometía estar de volta ó remate deste prazo. O gran chanceler, mirando ó chan con cara de desgusto e preocupación, contestou que tiña que confesar que a súa presenza neste preciso momento sería máis necesaria que nunca, pois o tribunal, a causa das arteiras e sofísticas obxeccións da parte contraria, precisaba as súas declaracións e explicacións en milleiros de casos imposibles de prever e, como Kohlhaas se referiu ó seu avogado, que estaba ben informado sobre o caso e, insistindo con moita discreción e prometendo contentarse con oito días, mantivo con teimuda firmeza a súa solicitude, o gran chanceler, despois dunha pausa, dixo brevemente, despedíndoo, que esperaba que para iso solicitaría pasaportes ante o príncipe de Meissen. Kohlhaas, que sabía ler moi ben na cara do gran chanceler, reforzado máis aínda na súa decisión, volveuse a sentar, sen dar ningunha explicación do seu motivo, e redactou unha solicitude dirixida ó príncipe de Meissen como xefe da administración, pedíndolle pasaportes cunha validez de oito días para ir e vir a Kohlhaasenbrück. En resposta a este escrito recibiu unha resolución gobernativa asinada polo barón Siegfried von Wenk co seguinte contido: a súa súplica de pasaportes para Kohlhaasenbrück sería presentada á súa señoría o príncipe elector para a súa altísima autorización e en canto lle chegasen os pasaportes seríanlle remitidos". Consultado o seu avogado sobre como era posible que a resolución gobernativa fose asinada por un certo barón Siegfried von Wenk e non polo príncipe Christiern von Meissen, ó que el se dirixira, recibiu esta resposta: que o príncipe saíra de viaxe cara ás súas posesións había tres días e que os asuntos do goberno lle foran confiados durante a súa ausencia ó capitán de palacio Siegfried von Wenk, curmán do máis arriba citado señor do mesmo nome. Kohlhaas, ó que o corazón, antes todos estes inconvenientes, lle empezou a bater intranquilo, esperou pacientemente varios días a solución sobre a súa solicitude sometida á persoas do soberano cunha parsimonia que lle estrañaba; e pasou unha e pasaron máis semanas sen que non chegase aquela decisión nin tampouco que a sentenza, malia a seguridade con que llo anunciaran, fose fallada por parte do tribunal: de xeito que, ó décimo segundo día, firmemente decidido a tratar da actitude do goberno en contra súa, fose esta a que fose, sentou e pediulle de novo ó goberno, cunha presentación de urxencia, os xa solicitados pasaportes. Mais, cal sería a súa decepción cando á tardiña do día seguinte, que tamén transcorrera sen novas, ocupado en consideracións sobre a súa situación e en especial sobre a amnistía que lle obtivera o doutor Lutero, nun paso que deu até a fiestra da súa saliña posterior non viu no edificio de servizos que había no patio e que el lle asignara como vivenda á garda que puxera o príncipe de Meissen.

Thomas, o vello administrador, ó que chamou e lle preguntou que significaba aquilo, respondeulle entre suspiros: "Señor, non todo é como deberías ser; os lansquenetes, que hoxe son máis numerosos do habitual, tomaron posicións ó redor de toda a casa á caída da tarde: dous armados con escudo e pica están aos lados da porta dianteira na estrada; dous na porta de atrás, na horta e outros dous están tombados na entrada enriba dun feixe de palla e din que van durmir alí. Kohlhaas, demudado, dixo: "Tanto daba, se só estivesen alí; que, en canto saia ó corredor, faga o favor de poñerlles unha luz ós lansquenetes para que poidan ver". Despois de abrir a fiestra da fachada co pretexto de librar un recipiente persuadiuse da realidade da situación que o vello lle describira, pois nese preciso momento procedérase a cambiar a garda sen facer ruído, medida na que aínda ninguén pensara desde que esta fora posta; así foi a cama, por certo con pouca gaña de durmir e de inmediato tomou unha decisión para o día seguinte pois nada lle tomaba tan a mal ó goberno co que se tiña que enfrontar como a aparencia de xustiza mentres de feito para el se acababa para el a amnistía que se lle prometera: se el debía ser realmente un prisioneiro, cousa da que xa non tiña ningunha dúbida, tamén quería forzar a declaración precisa e clara de que así era. En consecuencia, ó abrente ordenoulle a Sternbald, o seu servente, enganchase e trouxese a carruaxe para, segundo dixo, ir a xunto do administrador a Lockewitz, o cal, como vello coñecido seu, o abordara e convidara uns días antes, en Dresde, a facerlle unha visita nalgunha ocasión cos seus fillos. Os lansquenetes, que, coas cabezas xuntas, observaban os movementos que aquilo orixinaba na casa, mandaron secretamente a un deles á cidade, de modo que poucos minutos máis tarde apareceu un oficial do goberno á cabeza de varios alguacís e, como tiña alí un negocio, dirixiuse á casa de en fronte. Kohlhaas, mentres se ocupaba en vestir ós nenos, tamén percibiu aqueles movementos e fixera adrede agardar á carruaxe diante da casa máis tempo do necesario e en canto viu que a policía rematara cos seus preparativos sen tomalos en consideración. E, mentres ó pasar lles dicía ó feixe de lansquenetes que estaban na porta que non era necesario que o seguisen, levantou do chan ós pequenos, poñéndoos na carruaxe e bicou e consolou ás nenas, que estaban chorando e, segundo orde súa, debían quedar coa filla do vello gardián. Apenas acababa de subir á carruaxe cando o oficial do goberno, seguido polo seu séquito de alguacís, saíu da casa de en fronte de se lle presentou diante preguntándolle ónde quería ir. Ante a resposta de Kohlhaas de que quería ir a Lockewitz a cas do seu amigo o administrador, que uns días antes o invitara á súa casa cos seus dous rapaces o oficial de goberno respondeu que neste caso tiña que esperar un breve instante para que uns lansquenetes a

cabalo o acompañasen, seguindo ordes do príncipe de Meissen. Kohlhaas, desde o alto da carruaxe, preguntou sorrindo "se el cría que a súa persoas non estaría segura na casa dun amigo que se ofrecera a acollelo durante un día á súa mesa". O oficial contestou dun xeito divertido e agradable que, en efecto, o perigo non era grande, engadindo que tampouco os serventes en ningún caso lle deberían ser unha carga. Kohlhaas retrucou en ton serio que, cando chegara a Dresde, o príncipe de Meissen deixara á súa libre elección se quería servirse da garda ou non. Como o oficial se estrañou deste particular e se referiu con expresións cautelosas ó seu emprego durante todo o tempo da súa presenza, o tratante relatoulle o incidente que causara a instalación da garda na súa casa. O oficial aseguroulle que as ordes do que naquel intre era o capitán de palacio, barón von Wenk, lle impoñían o deber de protexer en todo momento a súa persoa e pedirlle, no caso de que non quixese tolerar a súa compaña, que fose persoalmente ó goberno para corrixir o erro que tiña que haber. Kohlhaas, dirixíndolle ó oficial unha elocuente mirada, decidido a torcer ou a rachar aquel asunto, dixo que "iso quería facer". Co corazón baténdolle forte, baixou da carruaxe, ordenoulle ó gardián que levase os nenos para o corredor e, mentres o servente seguía coa carruaxe parado diante da casa, dirixiuse á sede do goberno en compañía do oficial e da súa garda. Deuse a coincidencia de que o capitán do palacio, barón von Wenk, estaba ocupado co recoñecemento dunha partida de serventes de Nagelschmidt levados alí a noite anterior e que foran capturados na zona de Leipzig; aqueles suxeitos estaban sendo interrogados polos cabaleiros que estaban con eles sobre unhas cantas cousas das que se tiña boa gaña que falasen, cando o tratante entrou na sala e dirixiu a el. O barón, ó ver o tratante, dirixiuse dereito a el, momento no que os cabaleiros de pronto calaron, interrompendo o interrogatorio dos serventes, e preguntoulle que quería e, despois de que o tratante lle expuxese respectuosamente o seu propósito de ir xanta a cas do administrador en Lockewitz e o desexo de , a ser posible, deixar en Dresde os innecesarios lansquenetes, o barón, cambiándolle de cor a faciana, respondeu. de tal xeito que parecía estar tragando outro discurso, que, "faría ben quedando na casa e tamén deixando a un lado o banquete co administrador". Naquel punto, cortando toda a conversa, volveuse cara o oficial subalterno seu que "coa orde que lle dera con respecto a este home xa tiña o seu obxectivo claro, que non era outro que impedir que o mesmo non abandonase a cidade máis que en compañía de seis lansquenetes a cabalo". Kohlhaas preguntou se el era un preso ou se debería crer que a amnistía que se lle concedera solemnemente diante de todo o mundo fora infrinxida. Ante isto o barón, virando de pronto vermello en toda a

cara, volveuse cara a el, achegándoselle moi preto e mirándoo directamente ós ollos, respondeu "Ha, ha, ha!" e, virándolle as costas, deixouno quedar, dirixíndose de novo cara os serventes de Nagelschmidt. Despois disto Kohlhaas saíu da sala e, mesmo recoñecendo que cos pasos que dera rendera moi máis difícil o único medio de salvación que lle restaba, a fuga, aínda así, aprobou o seu proceder, xa que agora tamén se vía liberado da obriga de respectar as cláusulas da amnistía. Ó chegar á casa mandou desenganchar os cabalos e dirixiuse moi triste e conmovido ó seu cuarto en compañía do subalterno do goberno e, mentres este, dun xeito que ó tratante lle daba noxo, aseguraba que todo aquilo só se podía deber a un malentendido que se aclararía en breve, os alguacís pecharon con ferrollos tódalas saídas da casa que daban ó patio e o subalterno daba garantías de que a porta principal seguía como sempre aberta para o que el quixese facer.

Entre tanto o Nagelschmidt viuse sometido a unha presión tan forte nos bosques dos Montes Metálicos que, en vista da carencia total de recursos para levar adiante un papel como o que el asumira, ocorréuselle a idea de espertar realmente o interese de Kohlhaas. Como fora informado con moita precisión da situación do contencioso que este mantiña en Dresde por un viaxeiro que pasara pola estrada, creu, malia a inimizade manifesta que existía entre eles, que podía empurrar ó tratante a entrar de novo en sociedade con el; xa que logo, mandoulle un servente cun escrito redactado nun alemán apenas lexible que tiña o seguinte contido: "se que ir á rexión de Altenburg e recuperar o comando do grupo que alí se xuntou a partir dos restos do que fora disolvido, neste caso el estaría disposto a axudarlle a fuxir da súa prisión en Dresde con cabalos, xente e diñeiro; prometíalle tamén que no futuro sería máis obediente, ordenado e mellor que antes, comprometéndose a achegarse en persoa á zona de Dresde para levar adiante a súa liberación do seu cárcere". Mais aconteceu que o suxeito encargado de levar esta carta tivo a desgraza de ser vítima ás portas de Dresde dun ataque de convulsións dun tipo malo que viña sufrindo desde a súa mocidade e nesa circunstancia a carta que levaba no peto do peito foi atopada pola xente que lle acudiu en axuda e el mesmo, en canto se recuperou, foi detido e levado á sede do goberno por unha garda seguido por moita xente. Unha vez lida a carta, o capitán do palacio, von Wenk, dirixiuse inmediatamente ó palacio a xunto do príncipe elector; alí encontrou ós señores Kunz e Hinz, o primeiro deles xa curado das súas feridas, e ó presidente da chancelaría do Estado, conde Kallheim. As señorías expresaron a opinión de que Kohlhaas tiña que ser

detido sen máis e ser procesado sobre a base de acordos secretos con Nagelschmidt, xa que demostraron que unha carta como aquela non podía ser escrita sen que a precederan outras de parte do tratante e, en calquera caso, sen que fose necesario que existise entre eles unha asociación criminal para forxar novos terrores. O elector negouse con firmeza a rachar sobre a única base desta carta a liberdade de movemento que lle ofrecera a Kohlhaas. Era máis ben da opinión de que da carta de Nagelschmidt se deducía máis ben unha especie de probabilidade de que entre eles non existira ningunha relación previa. Así, para sacar algo en limpo sobre esta cuestión e baixo proposta do presidente, malia que tomou a decisión despois dun longo momento de dúbida, o único polo que se decidiu foi deixar que lle entregase a Kohlhaas a carta o servente mandado por Nagelschmidt, facendo como se este seguise estando libre, para comprobar se aquel lle daba resposta. De acordo con este plan, o servente, que fora encarcerado, na mañá seguinte foi levado á gobernación onde o xefe do palacio lle devolveu a carta coa promesa de que quedaría libre e a pena que merecera lle debería ser condonada, esixiulle que entregase o escrito ó tratante coma se non tivese pasado nada. O home prestouse sen máis para ser usado para esta astucia e, dun xeito aparentemente misterioso, baixo o pretexto de que tiña cangrexos para vender, cos que xa o provera un subalterno gobernativo no mercado, entrou no cuarto de Kohlhaas. Este, que, mentres os nenos xogaban cos cangrexos, leu a carta, noutras circunstancias con certeza o tería agarrado polo pescozo e o tería entregado ós lansquenetes que estaban diante da súa porta; mais, no seu actual estado de ánimo non era quen de dar este paso nin de pensar con calma; ademais, convencérase de que nada no mundo o podía salvar da situación na que estaba envolto, mirou ó suxeito cunha mirada triste, a aquela cara para el ben coñecida; preguntoulle onde vivía e díxolle que volvese a xunto del unhas poucas horas máis tarde, pois queríalle comunicar unha decisión en relación co seu xefe. A Sternbald, que casualmente entrou na porta, ordenoulle que lle comprase a aquel home tódolos cangrexos e, concluído o negocio, e unha vez que ámbolos dous, sen se recoñeceren, se afastaran, sentou a escribir unha carta dirixida a Nagelschmidt, co seguinte contido: “Que, como primeira cousa, aceptaba o que se refería ó comando xeral da súa banda na rexión de Altenberg; que, polo tanto, lle tiña que mandar unha carruaxe con dous cabalos a Neustadt de Dresde, para a súa liberación da prisión na que se atopa cos seus cinco fillos; que, ademais, para avanzar con rapidez necesita tamén un tiro de dous cabalos na estrada de Wittemberg, rodeo que, por razóns que sería moi longo expoñer, é o único camiño que pode coller para chegar a xunto del; que cre poder gañar para si por

medio do suborno ós lansquenetes que o vixían, mais, para o caso de que fose necesario facer recurso á forza, que estivesen en Neustadt de Dresde un par de serventes aguerridos, valentes e ben armados; que para afrontar os custos relacionados con todas estas xestións lle remite polo servente un rolo de vinte coroas de ouro sobre cuxo emprego quere facer as contas con el unha vez concluído todo; que, desde logo, lle prohibe, por innecesaria, a súa presenza persoal en Dresde na súa liberación e que, de modo especial, lle da a orde especial de permanecer na zona de Altenburg para levar persoalmente a dirección da banda no entretempo, pois non pode estar sen comandante". Cando, contra a noite, volveu o servente, entregoulle esta carta, fíxolle un agasallo xeneroso, insistíndolle en que tivese o máximo coidado con el. A súa intención era ir a Hamburgo cos seus cinco fillos para embarcar alí para o Levante, para as Indias Orientais ou para onde o ceo fose azul sobre a cabeza doutros homes distintos dos que el coñecía, pois a súa alma, moi oprimida pola tristeza, independentemente de facer causa común con Nagelschmidt por este motivo, renunciara ó engorde dos morcelos.

Apenas levara aquel suxeito esta resposta ó capitán do palacio, xa o gran chanceler foi cesado, o presidente, conde Kallheim, nomeado no seu lugar xefe do tribunal e Kohlhaas arrestado por unha orde do gabinete do elector e, cargado con pesadas cadeas, levado ás torres da cidade. Baseándose nesta carta, que fora exposta en tódalas esquinas da cidade, fíxoselle o proceso e, como diante da barra do tribunal, á pregunta sobre se tiña algo que alegar na súa defensa, baixando a vista á terra, como resposta dixo "non!", en consecuencia foi condenado a ser esfolado con tenaces quentes ó roxo vivo e cuarteado polos verdugos e o seu corpo a ser queimado entre a roda e a forca.

Esta era a situación do pobre Kohlhaas en Dresde cando o príncipe elector de Brandemburgo apareceu para a súa salvación de entre as mans do poder absoluto e da arbitrariedade e , nunha nota entregada na chancelería do Estado naquela mesma cidade, reclamouno na súa condición de súbdito brandeburgués. De feito, o honrado capitán da cidade, o señor Heinrich von Geusau, nun paseo polas beiras do Spree, informárao da historia deste home particular e non inmoral; naquela ocasión, forzado polas preguntas do escandalizado señor, non puido deixar de mencionar a culpa que, polas irregularidades do seu gran chanceler, o conde Siegfried von Kallheim, pesaba sobre a súa propia persoa: profundamente irado por isto, o príncipe elector, despois de

interrogar ó gran chanceler e de comprobar que o seu parentesco coa casa von Tronka era o culpable de todo, sen máis trámite e con varios signos da súa antipatía, cesouno, nomeando para o mesmo cargo ó señor Heinrich von Geusau.

Máis aconteceu que, precisamente naquel momento, a coroa de Polonia, non sabemos por que razón, se encontraba en conflito coa casa de Saxonia e en repetidos e urxentes puntos de vista interesáballe ó príncipe elector de Brandemburgo unirse a ela en materia de interese común contra a casa de Saxonia; así, o gran chanceler, señor Geusau, que nestes asuntos non era torpe, podía moi ben esperar dar satisfacción ó desexo do seu señor de obter xustiza, custase o que custase, para Kohlhaas, sen poñer en xogo a seguridade do todo dunha maneira máis desagradable do que o permitía o respecto dun individuo. En consecuencia, non só o gran chanceler esixiu, baseándose na total arbitrariedade daquel procedemento, repugnante ante Deus e ante os homes, a entrega inmediata e incondicional de Kohlhaas para xulgalo, no caso de que pesase sobre el unha culpa segundo as leis de Brandemburgo, baixo artigo de súplica que, xa que logo, a corte de Dresde podería presentar en Berlín a través dun avogado, senón que o gran chanceler desexaba tamén pasaporte para un avogado que o príncipe elector quería enviar a Dresde para obter xustiza para Kohlhaas contra o fidalgo Wenzel von Tronka a causa dos morcelos que lle foran quitados en territorio saxón e doutros malos tratos e actos de violencia. O camareiro, señor Kunz, que, polos cambios nas institucións do Estado, fora nomeado presidente da chancelería do estado e que por moi variadas razóns, na situación da apuro na que se atopaba, non quería ferir á corte de Berlín, respondeu en nome do seu señor que estaba moi abatido pola nota que se recibira: “que se estrañan da falta de amabilidade e da inxustiza coa que se lle nega á corte de Dresde o dereito de xulgar a Kohlhaas segundo a lei por crimes cometidos no país, pois é algo sabido en todo o mundo que aquel posúe na capital unha considerable propiedade e que el mesmo non oculta a súa condición de cidadán de Saxonia”. Porén, como a coroa de Polonia xuntara na fronteira de Saxonia un exército de cinco mil homes para a consecución das súas reivindicacións e o gran chanceler, señor Heinrich von Geusau declarara “que Kohlhaasenbrück, o lugar do que Kohlhaas leva o nome, está situado en territorio brandeburgués e como se consideraría a execución da sentenza de pena capital como unha violación do dereito internacional, o elector de Saxonia, por consello do camareiro, señor Kunz en persoa, que desexaba distanciarse desta negociación, chamou a xunto de si ó príncipe Christiern von Meissen, que se encontraba

nas súas posesións e, despois dunhas poucas palabras deste señor tomou a decisión de entregar a Kohlhaas á corte berlinesa tal como esta o esixía. O príncipe, que, aínda estando insatisfeito coas inconveniencias que ocorreran, tivo que asumir a dirección da causa de Kohlhaas por desexo do seu apurado señor, preguntoulle a este por que motivo quería entón que se acusase ó tratante ante o tribunal de Berlín; o elector, non podendo apelar á triste carta de Kohlhaas a Nagelschmidt, por mor das dubidosas e pouco claras circunstancias baixo as que fora escrita e tampouco podía facer mencións dos saqueos e queimas anteriores a causa do anuncio de que foran perdoadas, decidiu presentar ante a súa maxestade o emperador de Viena un informe sobre a invasión armada de Kohlhaas e elevar queixa sobre a quebra da paz pública no país, pedíndolle á súa maxestade, que non estaba impedida por ningunha amnistía que esixise responsabilidades por aquilo a Kohlhaas ante o tribunal supremo de Berlín a través dun acusador imperial. Oito días máis tarde o tratante foi introducido nunha carruaxe polo cabaleiro Friedrich von Malzahn, ó que o príncipe elector de Brandemburgo enviara a Dresde con seis soldados e, cerrado en si mesmo como el estaba, cos seus cinco fillos que, por petición súa, foran reunidos buscándoos en hospicios e orfanatos.

Aconteceu que o elector de Saxonia, por invitación do gobernador, conde Aloysius von Kallheim, que entón tiña considerables propiedades na raia de Saxonia, fora a Dahme en compañía do camareiro, señor Kunz, e da súa esposa, a dama Heloise, filla do gobernador e irmá do presidente, doutros brillantes señores e damas, fidalgos e señores da corte, fora convidado a unha grande partida de caza de cervo que se organizara para alegralo, de maneira que baixo o teito de tendas adornadas con bandeirolas e montadas cruzando a estrada, sobre un outeiro, estaba sentado todo o grupo aínda cuberto de po da caza, baixo o son dunha alegre música que saía do tronco dun carballo, servido por paxes e nenos da nobreza, cando o tratante pasou lentamente coa súa garda de soldados pola estrada que viña de Dresde.

Sucedera que a doenza dun dos pequenos e tenros fillos de Kohlhaas obrigara ó cabaleiro von Malzahn que os acompañaba a permanecer tres días en Herzberg, medida da que só era responsable ante o príncipe elector ó que servía, polo que aínda non considerara preciso informar ó goberno de Dresde. O príncipe elector, que, coa peito medio ó aire, e co gorro de plumas adornado, ó xeito dos cazadores, con pólas de abeto, estaba sentado a carón da dama Heloise, que nos tempos da súa pasada mocidade fora o

seu primeiro amor, alegrado polo encanto da festa, dixo: “Vamos aló e ofrezámoslle ó malpocado, sexa quen sexa, este vaso de viño”. A dama Heloise, lanzándolle unha tenra mirada, púxose inmediatamente en pe e, desvalixando toda a mesa, encheu unha bandexa de prata con froita, pasteis e pan e xa toda aquela compaña, saía da tenda coma un formigueiro levando refrescos de todo tipo, cando o gobernador lles veu ó encontro con cara de circunstancias, rogándolles que quedasen onde estaban. Ante a pregunta de perplexidade do príncipe elector sobre o que sucedera para que estivese tan consternado, o gobernador respondeu tatexando e volvéndose cara ó camareiro, que Kohlhaas estaba na carruaxe. Ante esta noticia inconcibible para calquera, pois todo o mundo sabía que aquel xa había seis días que se puxera en camiño, o camareiro, señor Kunz, colleu o seu vaso con viño e, virándose cara á tenda baldeirouno no chan. O elector, cada vez máis rubio pousou o seu sobre un prato que un paxe nobre lle presentou a un sinal do camareiro; e, mentres o camareiro Friedrich von Malzahn, saudando respectuosamente a aquela compañía, que lle era descoñecida, seguiu lentamente o seu camiño cara a Dahme por entre as cordas das tendas que pasaban por encima da estrada, as señorías, invitadas polo gobernador, sen prestar máis atención a isto, volveron de novo ás tendas. Unha vez que o príncipe elector tomou asento, o gobernador mandou discretamente alguén a Dahme para obter do consello municipal o traslado inmediato do tratante; mais, como, por ser xa unha hora avanzada, o cabaleiro expuxo claramente que quería pasar a noite naquel sitio, houbo que contentarse con acomodalo discretamente nunha granxa que era propiedade do consello municipal, algo separada da estrada e oculta entre arbustos.

Aconteceu que, ó cerrado da noite, como as señorías, disipadas polo viño e polo goce dunha abondosa sobremesa, esqueceran por completo o incidente, o gobernador lanzou a idea de volveren ós postos de tiro, por mor dunha manada de cervos que fora avistada, proposta que toda a compaña aceptou con alegría e, provistos de escopetas, indo de dous en dous e pasando por enriba de foxos e de sebes dirixíronse con presa cara o bosque de maneira que o elector e a dama Heloise, que, para participar no espectáculo, ía agarrada ó brazo deste, foron guiados de inmediato por un recadeiro que lles asignaran, ante a súa sorpresa, a través do patio da casa na que se atopaba Kohlhaas cos soldados brandeburgueses. Ó oír isto, a dama dixo en ton de broma: “vinde, señor, vinde!”, agachando a cadea que lle pendía do pescozo no peito de seda do seu vestido, “mentres chegan os demais instalémonos e contemplemos ó misterioso home que pasa

aquí a noite". O elector, poñéndose rubio mentres lle collía a man, dixo: "Heloise!, que idea se vos ocorre?"; mais ela, mirándoo asustada, díxolle que no traxe de cazador que levaba ninguén o recoñecería e, coa mesma, arrastrouno para dentro. Nese preciso intre un par de fidalgos que xa satisfixeran a súa curiosidade saían da casa, asegurando que grazas a un acontecemento organizado polo gobernador nin os cabaleiros nin o tratante sabían que xente era aquela que se reunira alí na rexión de Dahme. Deste xeito, o elector, sorrindo, axustouse o gorro á altura dos ollos, dicindo: "Loucura, ti gobernas o mundo e a túa morada á unha fermosa boca de muller". Acontecía que o Kohlhaas estaba sentado sobre un feixe de palla co lombo contra a parede, dándolle de comer panciños de leite ó seu fillo que enfermara en Herzberg, cando as señorías entraron na granxa para visitalo; como a dama, para iniciar unha conversa, lle preguntou quen era el e que lle pasaba e que delito cometera e ónde o levaban cunha garda de seis soldados, el, moveu o seu gorro de coiro ante ela e continuando coa súa actividade, deulle breve mais suficiente resposta a todas aquelas preguntas. O príncipe elector, de pe detrás dos fidalgos, observando que a Kohlhaas lle pendía do pescozo nun fío de seda unha caixiña de chumbo, como naquel intre non se ofrecía nada mellor como tema de conversa, preguntoulle que significado tiña e que gardaba nela. Kohlhaas respondeu: "Si, nobre señor, esta cápsula!", mentres, desprendéndoa do pescozo, a abría e, extraendo dela un papeliño selado con cola de boca, "con esta bala pasa o seguinte: haberán máis ou menos nove meses, xusto o día seguinte ó enterro da miña dona, saíra eu de Kohlhaasenbrück, como quizais vostede saberá, para capturar ó fidalgo von Tronka, que me inflixira inxustiza, cando, por mor dunha negociación que me é descoñecida, os electores de Saxonia e de Brandemburgo tiveron un encontro en Jüterbock, unha vila con mercado pola que pasaba a miña comitiva e, como á caída da tarde xa chegaran a un acordo que satisfacía os seus desexos, foron, en amigable conversa, dar unha volta polas rúas da cidade para votar unha ollada á festiva feira anual que se estaba celebrando con alegría naquel momento; foi así como se encontraron cunha xitana que, sentada nun talliño, á xente reunida ó seu redor lle facía predicións a partir do calendario, e eles, en plan de chanza, preguntáronlle se non tiña tamén para eles algunha revelación que lles gustase. Eu acababa de parar coa miña xente nunha pousada e estaba presente na praza onde isto acontecía, a carón da entrada dunha igrexa e non puiden oír o que a estraña muller lles dixo ós señores, de modo que, como a xente, entre risas se dicía cousas á orella, ela non lle comunicaba a todos o que sabía e, por mor do espectáculo que se preparaba, se empurraban moito, eu, realmente menos curioso, deixeille sitio ós

curiosos e púxenme de pe enriba dun banco que había detrás de min labrado na parede da igrexa. Cando, desde a miña posición que me permitía unha visión totalmente libre, apenas acabara de localizar cos meus ollos ás señorías e á muller, que, sentada no talliño diante deles, parecía riscar algo, ela, de pronto ergueuse apoiada nas súas muletas e, botando unha ollada sobre a xente que a rodeaba, de pronto fíxase en min, que nunca cruzara unha palabra con ela nin na miña vida me interesara pola súa ciencia, fúrase paso polo medio da espesa concorrencia de xente até onde eu estaba e di "Toma!; se o señor o quere saber, que cho pregunte a ti!" E así, honorable señor, coas súas osudas e secas mans entregoume este papel. E mentres eu, desconcertado, con toda a xente mirando para min, digo: "Naiciña, que me transmites aquí?" E, despois de moitas cousas incomprensibles, entre as que, con todo, para a miña gran estrañeza, entendín o meu nome, di: "Un amuleto, Kohlhaas, o tratante de cabalos; gárdao ben; un día salvarache a vida!"; e desapareceu. Ben; —continuou Kohlhaas, mansamente— por dicir a verdade, malia o duro que foi todo en Dresde, non me custou a vida e xa o futuro dirá como me irá en Berlín e se eu sobrevivirei tamén alí. Ante estas palabras o elector sentou nun banco e aínda que á desconcertada pregunta da dama sobre se lle pasaba algo respondeu "nada, nada en absoluto!", xa inmediatamente caeu no chan sen acordo antes de que ela tivese tan sequera tempo de acudirlle e collelo nos seus brazos. O cabaleiro von Malzahn, que naquel mesmo intre entrara na sala por mor de algo que estaba a facer, dixo: "Santo Deus!, que lle pasa ó señor?". A dama berrou: "Traede auga!". Os fidalgos levantárono e levárono a unha cama que había no cuarto veciño e a consternación chegou ó seu ápice cando o camareiro, chamado por un paxe, despois de varios intentos por volvelo á vida, dixo: "Presenta tódolos sinais de que lle deu un ataque!". O gobernador, mentres o copeiro mandaba un mensaxeiro a Luckau para que trouxese un médico, como o elector abriu os ollos, mandou que o levasen a unha carruaxe e que o levasen paso a paso ó seu castelo de caza situado na zona; mais a viaxe, despois de chegar alí, outras dúas perdas de coñecemento, de modo que non se repuxo en certa medida punto até o remate da mañá do día seguinte, cando chegou o médico de Luckau, entre, con todo, claros síntomas da próxima chegada dunha febre nerviosa. En canto recuperou o control dos sentidos ergueuse de medio corpo na cama e a súa primeira pregunta foi xa onde estaba o Kohlhaas. O camareiro, que comprendeu mal a súa pregunta, dixo, colléndolle a man, que se tranquilizase polo que se refería a aquel home, xa que, segundo as súas ordes, despois daquel estraño e incomprensible suceso, quedara na granxa de Dahme baixo o control da garda brandeburguesa.

Garantíndolle a súa a súa máis viva simpatía e afirmando solemnemente que lle fixera a súa muller os reproches máis amargos pola súa irresponsable lixeireza de levalo a onde estaba aquel home. Entón, que cousa fora a que o conmovera de forma tan marabillosa e tremenda na conversa con el? O príncipe elector dixo que lle tiña que confesar unha cousa: que a contemplación dun papeliño sen valor ningún que o home leva consigo nunha cápsula de chumbo ten a culpa de todo o desagradable contratempo que lle ocorrera. Engadiu aínda unhas cantas cousas para aclarar aquela circunstancia que o camareiro non comprendía. De pronto, collendo con forza a man del entre as súas, aseguroulle que a posesión daquel papel tiña para el a máxima importancia e pediulle que sen perder tempo enselase, cabalgase até Dahme e lle mercase a aquel home o papel sen reparar no prezo. O camareiro, que tiña dificultades para ocultar a súa turbación, aseguroulle que no caso de aquel papel tivese algún valor para el, non habería no mundo nada máis urxente que silenciarlle a Kohlhaas esta circunstancia, pois en canto este, por unha expresión imprudente, soubese disto, tódalas riquezas que el tivese non abondarían para rescatar o papel das mans daquel fero e, na súa obsesión de vinganza, insaciable suxeito. Para tranquilizalo engadiu que era preciso pensar noutro medio e que quizais sería posible acadar a posesión daquel papel que tanto lle importa pola astucia, valéndose dunha terceira persoa imparcial, pois o malvado probablemente non lle tiña realmente apego. O elector, secándose a suor, preguntoulle se para aquel obxectivo non se podería mandar a alguén a Dahme co obxectivo de deter provisionalmente o transporte do tratante até lograr facerse co papel da maneira que sexa. O camareiro, que non daba creto ós seus sentidos, respondeu que, lamentablemente, segundo tódolos cálculos de probabilidade, o tratante xa tiña que ter abandonado a Dahme e atoparse en territorio brandeburgués, no que a empresa de obstaculizar o seu transporte ou, non digamos xa, de anulalo provocaría as máis desagradables e mais amplas consecuencias, mesmo de tal dimensión que non poderían ser eliminadas. Vendo que o elector, cun xesto de total desesperación e sen dicir palabra, se deixou caer sobre a almofada, preguntoulle: “que contiña, entón, o papel?” e “Por que estraño e inexplicable azar sabe el que o seu contido o atinxe?” Mais a isto non deu resposta o príncipe elector, que lle dirixía olladas de dúbida ó camareiro, de cuxa compracencia desconfiaba neste caso. Xacía inmóbil co corazón batendo acelerado, mirando cara a punta do seu pano da man, que, ensumido nos seus pensamentos, mantiña entre as mans. De pronto pediulle que, baixo o pretexto de que tiña que tratar con el outro asunto, chamase ó seu cuarto ó fidalgo von Stein, un señor mozo, robusto e intelixente que xa o servira a miúdo en

asuntos secretos. Despois de expoñerlle a situación nos seus detalles e de informalo sobre a importancia do papel que estaba en poder de Kohlhaas, preguntoulle se quería gañar un dereito eterno á súa amizade, conseguíndolle o papel antes aínda de que aquel chegase a Berlin. Como o fidalgo, en canto se fixo até certo punto unha idea de conxunto da situación, asegurou estar ó servizo do elector con tódalas súas forzas, o príncipe encomendoulle que saíse ó galope detrás de Kohlhaas e, como a este non era probable gañalo con diñeiro, que nunha entrevista levada con intelixencia lle ofrecese polo papel a liberdade e a vida e mesmo, se el insistise niso, que lle prestase auxilio inmediato aínda que con precaución con cabalos, xente e diñeiro con para fuxir das mans dos soldados brandeburgueses que o transportaban. O fidalgo, unha vez solicitado como credencial un documento da man do príncipe, saíu inmediatamente con algúns serventes e, como non escatimou o alento dos cabalos, tivo a fortuna de atopar a Kohlhaas nun pobo da fronteirizo, no que estaba tomando en compañía do cabaleiro von Malzahn e dos seus cinco fillos un xantar disposto ó aire libre diante da porta dunha casa. O cabaleiro von Malzahn, ó que o fidalgo se presentou como un estranxeiro que, e paso por alí, desexaba ver de cerca ó estraño home que levaba consigo, rogoulle de inmediato cortesmente, presentándolle a Kohlhaas, que sentase á mesa. Como o cabaleiro, por mor dos asuntos relativos á saída, ía e viña e como os soldados tomaban a súa comida no outro lado da casa, non tardou en presentarse a oportunidade na que o fidalgo lle puido expoñer a Kohlhaas quen era el e en que misión especial viña a xunto del. Kohlhaas, que xa coñecía rango e nome do que se desmaiara na granxa de Dahme ó ver a cápsula da que se falaba de que, como culminación da vertixe na que o envolvera esta descuberta, non pensaba noutra cousa máis que en coñecer os secretos do papel que el, por moitas razóns, estaba decidido a non abrir por pura curiosidade. O tratante, recordando o trato innobre e impropio dun príncipe que tivera que sufrir en Dresde malia a súa disposición a soportar tódolos sacrificios posibles, dixo que “quere gardar o papel”. Á pregunta do fidalgo sobre que o movía a facer aquela caprichosa negativa, pois por o papel se lle ofrecía nada menos que liberdade e vida, Kohlhaas respondeu: “Nobre señor, se viñese o voso señor e dixese: eu, con todo o séquito de cantos me axudan a soster o cetro “quérome aniquilar” —aniquilar, comprendedes?—, o que, por certo, é o maior desexo que alimenta a miña alma, aínda así eu negaríalle o papel que para el á máis valioso que a existencia e diríalle: ti pódesme levar ó cadafalso, mais eu podo facerche mal e quero facelo!”. E así, diante da morte, chamou ó seu carón a un soldado e convidouno a comer un bo cacho de carne que quedara na fonte e durante o

que quedaba da hora que pasou naquel pobo, foi como inexistente para o fidalgo, que estaba sentado á mesa e cara o que se volveu, no intre de subir á carruaxe, cunha mirada que o saudaba a modo de despedida.

Ó recibir esta nova, o estado do príncipe elector empeorou de tal modo, que o médico, durante tres funestos días estivo moi preocupado pola súa vida, que estaba sando atacada ó mesmo tempo por moitas partes. Con todo, o elector recuperouse pola forza da súa saúde natural, despois de gardar cama entre sufrimentos durante algunhas semanas, polo menos de modo que puido ser introducido nunha carruaxe, ben protexido por coxíns e mantas, e ser levado de volta a Dresde ás súas ocupacións de goberno. En canto chegou a esta cidade mandou chamar ó príncipe Christiern von Meissen e preguntoulle como estaba o asunto do despacho do conselleiro xudicial Eibenmayer, ó que, como avogado na causa de Kohlhaas, decidira enviar a Viena para presentar alí á Maxestade Imperial a denuncia por perturbación da orde pública imperial. O príncipe respondeulle que o conselleiro Eibenmayer, que, segundo a orde por el deixada con ocasión da súa saída para Dahme, xa saíra para Viena inmediatamente despois da chegada do xurista Zäuner, ó que o elector de Brandemburgo mandara como avogado a Dresde para presentar ante a xustiza a demanda daquel contra o fidalgo Wenzel von Tronka relacionada cos morcelos. O príncipe elector, ruborizándose, mentres se poñía á súa mesa de traballo, estrañouse daquela precipitación, pois tiña entendido que dixera que quería facer depender a saída definitiva de Eibenmayer dunha orde máis inmediata e precisa a causa da necesidade de consulta previa co doutor Lutero, que lograra a amnistía para Kohlhaas. Pensando nisto, tirou unhas por enriba das outras algunhas carteiras e actas que había sobre a mesa coa expresión dunha indignación contida. O príncipe, despois dunha pausa na que o mirou con ollos moi abertos, replicou que o lamentaba, se non lograba obter a súa satisfacción nesta causa; entre tanto poderíalle amosar a resolución do consello de Estado na que lle fora imposto como obriga o envío do avogado no momento dito. Engadiu que no consello de Estado non se falara de ningún modo dunha consulta co doutor Lutero; que quizais nunha fase anterior posiblemente tivese sido conveniente ter en conta a este señor clérigo, pola mediación que lle concedera a Kohlhaas, mais xa non agora, cando se lle violara a amnistía ante os ollos de todo o mundo, fora arrestado e preso e entregado, para que o condenaran e executaran, ós tribunais de Brandemburgo. O elector dixo que o erro de enviar a Eibenmayer a Viena non sería verdadeiramente moi grave. De momento el quería que,

até nova orde, provisionalmente non compareza en Viena na súa calidade de acusador e pedirlle ó príncipe que ordenase o necesario para isto por medio dun correo urxente. O príncipe respondeu que lamentablemente esta orde chegaba cun día de retraso, pois, segundo un informe que entrara aquel mesmo día, xa comparecera na súa condición de avogado e actuara presentando a demanda ante a chancelaría de estado vienesa. Ante a pregunta cargada de preocupación do elector sobre como podía ser posible todo aquilo nun prazo de tempo tan curto engadiu que desde a saída daquel home xa transcorreran tres semanas e que a instrución que recibira o obrigaba a concluír aquel asunto sen dilación, inmediatamente despois da súa chegada a Viena. Un retraso, observou o príncipe, sería aínda menos soportable, porque o letrado brandeburgués, Zäuner, procede contra o fidalgo Wenzel von Tronka coa presión máis insistente e xa presentara reclamación ante a corte de xustiza da retirada provisoria dos morcelos das mans do esfolador pensando na súa futura recuperación e, deixando de lado tódalas obxecciónns da parte contraria, xa a obtivera. O elector, tirando do pequeno sino, dixo: “Tanto me ten!”, o que non significaba nada e despois de dirixirse de novo ó príncipe con preguntas de pouca importancia sobre como estaban as cousas en Dresde e que sucedera na súa ausencia, saudouno coa man, incapaz de ocultar o seu estado de ánimo máis profundo e despediuno. Aínda no mesmo día pediulle por escrito tódalas actas do caso Kohlhaas coa desculpa de que quería estudar persoalmente o caso pola súa importancia política. E como lle insoportable o pensamento de perder a aquel que era o único do que podía obter información sobre os secretos do papel, redactou de propio puño unha carta dirixida ó emperador, na que lle pedía dunha maneira afectuosa e urxente por razóns importantes que posiblemente lle expoñería polo miúdo e con máis precisión, a autorización para retirar provisoriamente a demanda que Eibenmayer presentara contra Kohlhaas. O emperador, nunha nota confeccionada pola chancelaría do estado, respondeulle que o cambio que parecía que se producira no seu corazón lle causa estrema estrañeza; que o informe que lle foi remitido pola parte saxoa convertera a causa de Kohlhaas nun asunto de todo o Santo Romano Imperio; que, xa que logo, o emperador, como cabeza do mesmo, se vira obrigado a comparecer como acusador nesta causa ante a casa de Brandemburgo, de tal modo que, como xa o asesor da corte, Franz Müller, fora a Berlín na súa condición de avogado para pedir alí responsabilidades a Kohlhaas pola ruptura da paz social, a demanda agora xa non podía de ningunha maneira ser retirada e a causa tiña que seguir o seu curso de acordo coas leis”.

Esta carta deixou totalmente abatido ó príncipe elector e, para a súa máxima tristeza, ó pouco tempo chegaron e Berlín escritos privados nos que anunciaba a incoación do proceso ante o tribunal supremo e se advertía que Kohlhaas, en desconsideración de tódolos esforzos do avogado que se lle asignara, probablemente acabaría sobre o patíbulo. Ante isto, aquel desgraciado señor decidiu facer aínda un último intento e nun escrito de propio puño suplicoulle ó elector de Brandemburgo pola vida de Kohlhaas; argumentaba que a amnistía que se lle prometera solemnemente non permitía, con razón, a execución dunha pena de morte na súa persoa; aseguráballe que, malia a severidade aparente coa que se procedera contra el, nun fora intención súa mandalo á morte e describíalle o desconsolado que estaría se a protección que se presumira quererlle facer chegar desde Berlín, á fin, nun inesperado xiro, se converte para el nun prexuízo maior do que tería se quedase en Dresde e a súa causa fose fallada segundo as leis saxoas. O príncipe elector de Brandemburgo, ó que neste asunto moitas cousas lle parecían dubidosas e escuras, respondeulle que "a insistencia coa que procedía o avogado da súa Maxestade Imperial non permitía en absoluto apartarse da severa norma das leis, en referencia ó desexo que el lle manifestara. Facía observar que a preocupación a el manifestada de feito ía lonxe de máis, pois a demanda polos crimes perdoados a Kohlhaas na amnistía non fora presentada ante o tribunal supremo de Berlín por el, que lla concedera a aquel, senón pola máxima autoridade do Imperio, que de ningún modo está obrigada a respectala. De paso, expúxolle o necesario que era, ante as continuas accións violentas de Nagelschmidt, que cunha inaudita ousadía, as estendera xa ó territorio brandeburgués, a aplicación dun castigo exemplar e pediulle, para o caso de que non quixese ter en conta todo isto, apelase el mesmo á maxestade do emperador, pois, se debese favorecer a Kohlhaas unha decisión de autoridade, esta so podería darse sobre unha declaración daquela parte". O elector, polo desgusto e a rabia que lle causaban todos aqueles intentos fracasados, caeu nunha nova doenza; unha mañá visitouno o camareiro e amosoulle as cartas que remitira ás cortes de Viena e de Berlín co obxectivo e prolongarlle a vida a Kohlhaas e, deste xeito, polo menos gañar tempo para facerse co papel que el tería. O camareiro botouse de xeonllos ante o elector, suplicándolle por todo o que lle fose santo e querido, que lle revelase o contido daquel papel. O príncipe elector falou desta maneira: que atranque a porta do cuarto e sente na cama; e, despois de collerlle a man e de cun suspiro facer presión sobre o seu corazón, empezou desta maneira: "Polo que sinto, xa a túa muller che contou que o príncipe

elector de Brandemburgo e eu, o terceiro día do encontro que celebramos en Jüterbock, encontramos unha xitana; e, como o príncipe elector, esperto como el é do seu natural, decidiu arruinar a sona daquela excéntrica muller, de cuxa arte se falara pouco antes no xantar de maneira pouco respectuosa, cunha broma á vista de todo o mundo, entón el presentouse de brazos cruzados diante da mesa dela esixíndolle, con respecto á predición que lle debería facer, un sinal da súa parte que aínda se puidese verificar naquel mesmo día, facéndolle a prevención de que doutro xeito e aínda que ela fose a sibila romana en persoa, el non crería nas súas palabras. A muller, botándonos unha rápida ollada da cabeza ós pés, dixo que o sinal sería que o gran corzo cornudo que o fillo do xardineiro coidaba no parque se cruzaría connosco no mercado no que nos atopabamos e antes de que saísemos del. Agora ben, tes que saber que aquel corzo, destinado para a cociña de Dresde, estaba gardado nun recinto cerrado cunha cerca de táboas baixo a sombra das faias do parque e con tódalas garantías de seguridade, de tal maneira que, por mor doutra caza menor e aves, xa de por si o parque e, sobre todo, o xardín que levaba a el eran mantidos coidadosamente pechados, era simplemente improbable que o animal, tendo en conta estas precaucións especiais, nos fose saír ó encontro até o lugar onde estabamos; con todo, o príncipe elector, desconfiando de que detrás daquilo se ocultase unha pillaría, despois de poñerse brevemente de acordo comigo, decidido dun xeito irrevogable a ridiculizar todo o que ela aínda presentase, mandou un mensaxeiro ó palacio con orde de que o corzo debía ser sacrificado de inmediato e preparado para o banquete nun dos dous días seguintes. A continuación volveu de novo a xunto da muller ante a que se tratara toda esta cousa e díxolle: “E logo, que tes que revelar do futuro?”. A muller, mirando a súa man, dixo. “Saúde para o meu príncipe e señor! A túa graza gobernará longamente a casa da que descendes, manterase moito tempo e a túa descendencia medrará, será espléndida e acadará o poder, ante tódolos príncipes e señores do mundo”. Despois dunha pausa, durante a que lle dirixiu á muller unha ollada de agradecemento, o príncipe dixo a media voz, dando un paso cara a min, que agora case lamentaba ter mandado un recadeiro para aniquilar a profecía. E, mentres á muller lle chovía sobre o regazo diñeiro a moreas, no medio de moita alegría, das mans dos cabaleiros que seguían ó príncipe, este, botando tamén a man ó peto e engadindo unha peza de ouro, preguntoulle se o saúdo que ela tería que revelarme a min tamén tería un son tan arxénteo coma o seu. A muller, abrindo un caixón que había ó seu carón, e despois de ordenar con calma e cerimoniosamente o diñeiro por tipos e cantidades, pechouno e protexéndose coa man do sol, como se este a

molestase, miroume e, como eu lle repetín a pregunta e, chanceando, mentres ela a estudaba, lle dixen ó príncipe: "A *min*, segundo parece, non ten nada agradable que anunciarme". Entón ela agarrou as súas muletas e, apoiándose nelas, foise erguendo pouco a pouco do seu talliño e, adiantando misteriosamente as mans cara a min, murmuroume claramente á orella: "non!" e eu, confuso, digo: "Vaia!", distanciándome un pouco daquela figura, que, cunha mirada fría e sen vida, como de ollos marmóreos, retrocede de novo para sentar no talliño que estaba detrás dela. De que parte lle ven a ameaza de perigo á miña casa? A muller, collendo na man un cacho de carbón e un papel e cruzando as pernas, preguntou se mo tiña que escribir e, como eu, de feito, desconcertado simplemente porque naquelas circunstancias non me quedaba outra posibilidade, dixen: "Sí; faino!" e ela dixo "Sexa, logo. Anótoche aquí tres cousas: o nome do derradeiro gobernante da túa casa, o ano no que perderá o seu reino e o nome do que o conquistará para si coa violencia das armas". Acordado isto ante os ollos de toda a xente, pega o papel con lacre que humedece na súa engurrada boca e preme sobre o lacre o selo dun anelo de chumbo que leva no dedo medio. E como eu, curioso, como doadamente comprendes, máis aló do que as palabras poden expresar, quero agarrar o papel e ela di: "Diso nada, alteza!", deu a volta e levantando no aire unha das súas muletas, dixo: "Daquel home, o do gorro coas plumas, o que está alí de pé, enriba do banco, detrás de toda a xente, a carón da entrada da igrexa comprarás ti o papel cando che apeteza". E antes de que poida comprender ben o que ela di, déixame quedar alí e pé, na praza, pasmado e mudo, mentres ela arma o caixón que tiña detrás e, botándoo ó lombo, mestúrase coa masa da xente que a rodeaba sen que eu puidese observar xa nada máis o que ela fixo. Mais naquel preciso instante chegou, para o meu cordial consolo, o cabaleiro que o príncipe elector mandara ó palacio e anuncioulle entre risadas que o corzo fora matado e arrastrado á cociña por dous cazadores diante dos seus propios ollos. O príncipe elector, pousando tranquilamente o seu brazo nos meus co propósito de levarme da praza, dixo: "Ala!, vamos!". De modo que a profecía era unha vulgar picardía que non valía o tempo e o diñeiro que nos custara. Porén, ben grande foi o noso asombro cando, mentres aínda resoaban estas palabras, se levantou un berro en toda a volta da praza e tódolos ollos se volveron cara a un gran can carniceiro que viña trotando desde o interior do palacio e levaba preso polo pescozo o corzo que collera na cociña como unha boa presa e, seguido por serventes e criadas, deixou caer o animal ó chan a tres pasos nos estabamos, de xeito que se cumpriu así a profecía da muller como peñor de todo o que ela afirmara e o corzo nos saíra ó encontro ó mercado, por certo, xa

morto. O raio que un día de inverno cae do ceo non pode non pode golpear con máis forza para min que esta visión e o meu primeiro esforzo en canto eu superei ó grupo no que me atopaba foi inmediatamente dar co home do gorro coa pluma que a muller me indicara; mais ningún dos meus homes enviados ó longo de tres días a investigar foi quen de aportarme nin a máis pequena información seria. E agora. Amigo Kunz, hai poucas semanas, na granxa de Dahme vin ó home cos meus propio ollos". Dito isto, soltou a man do camareiro e, mentres se sacaba a suor, deixouse caer do novo sobre o leito. O camareiro, que consideraba un esforzo inútil confrontar e corrixir o seu punto de vista sobre o incidente coa visión que do mesmo tiña o príncipe elector, pediulle a este que, malia todo, buscase aínda algún medio para facerse co papel e despois abandonar ó individuo ó seu destino. Con todo, o elector respondeu que el non vía en absoluto ningún medio para iso, aínda que a idea de ter que renunciar a el ou mesmo o coñecemento que tiña de velo desaparecer con este home o achegarían aínda máis á desolación e da desesperación. Á pregunta do amigo sobre se fixera o intento de atopar a rastro da mesma xitana o elector respondeu que o goberno, por unha orde que lle dirixira cun falso pretexto, lle segue sen éxito o rastro a esta muller até o día de hoxe en tódalas localidades do electorado de Saxonia. Ó mesmo tempo, por razóns que se negou a expoñer con máis precisión, puxo absolutamente en dúbida que puidese ser atopada en Saxonia. Mais aconteceu que o camareiro quería viaxar a Berlín polo motivo de que á súa muller lle corresponderan na Neumark varias propiedades considerables da herdanza deixada polo cesado e pouco despois falecido gran chanceler, e modo que, polo cariño que lle tiña ó príncipe elector, despois dunha breve reflexión, preguntoulle se neste asunto lle quere deixar liberade de acción e, como este, apoiando con forza en sinal de afecto a súa man sobre o seu peito, lle dixo: "penso que ti foses eu e conséguеme o papel!", entón oi camareiro, despois de transmitir os traballos que levaba, adiantou uns poucos días a súa partida e, acompañado por uns poucos serventes, saíu para Berlín.

Kohlhaas, que, entre tanto, como se dixo, xa chegara a Berlín e, por unha orde especial do príncipe elector, fora levado a un cárcere para cabaleiros que o acolleu cos cinco fillos con tódalas comodidades posibles, inmediatamente despois da chegada do avogado imperial de Viena fora chamado a render contas antes a barra do tribunal sobre a base da ruptura da paz pública do Imperio e, aínda que en referencia a súa responsabilidade se aduciu que el non podía ser acusado pola súa incursión armada

sobre Saxonia e polas accións violentas exercidas nesta nesa ocasión en virtude do acordo cerrado en Lützen co elector de Saxonia, con todo soubo, para a súa información, que a maxestade do Emperador, cuxo avogado dirixía aquí a acusación, non podía en absoluto tomar isto en consideración: fíxose expoñer tamén moi axiña a situación polo miúdo e explicáronlle que, desde Dresde, na súa demanda contra o fidalgo Wenzel von Tronka, se lle daría satisfacción completa. Segundo isto, aconteceu que, xusto o día da chegada do camareiro, a lei ditaminou sobre Kohlhaas, que foi condenado a ser levado da vida á morte pola espada, unha sentenza, porén, en cuxa execución ninguén cría, sen tomar en consideración a súa clemencia e tendo en conta o intricado estado das cousas; aínda máis, que a cidade, considerando a estima que o príncipe elector sentía por Kohlhaas, esperaba con total seguridade ver transformada por unha decisión autoritaria daquel nunha simple pena de prisión, quizais dura e longa. O camareiro, vendo que non podía perder ningún tempo, se que ría levar adiante a misión que lle confiara o seu señor, empezou o seu traballo deixándose ver na súa habitual indumentaria cortesá exactamente e con todo detalle por Kohlhaas na mañá dun día no que este estaba de pé á fiestra do cárcere contemplando tranquilamente ós pasantes e, deduciu por un movemento repentino da súa cabeza que o tratante notara a súa presenza e percibiu, sobre todo, con gran satisfacción pola súa parte, que Kohlhaas botaba instintivamente a man á parte do peito na que se atopaba a cápsula. Deste modo, interpretou o que naquel intre pasara na alma daquel como unas preparación suficiente para avanzar un paso máis cara o intento de facerse co papel. Mandou vir a xunto de si a unha vella esfarrapada que daba voltas por alí coas súas muletas e que el observara nas rúas de Berlín no medio dun grupo doutra xente de mal vivir que comerciaba con trapos e que, pola idade e vestimenta, lle pareceu coincidir perfectamente coa que o príncipe elector lle describira e supoñendo, asemade, que Kohlhaas non memorizara profundamente os trazos daquela que lle entregara o papel nunha aparición fuxitiva, tomou a decisión de introducir a dita muller no papel daquela para facerlle representar ante Kohlhaas, se era posible facelo, o papel da xitana. Segundo isto, para poñela en situación, informouna dos pormenores de todo canto sucedera en Jüterbock entre o príncipe elector e a xitana e, non sabendo até onde chegara a xitana nas revelacións que lle fixera a Kohlhaas, sen esquecer insistirlle de xeito especial sobre os tres misteriosos artigos contidos no papel e, despois de explicarlle o que ela debía deixar caer na conversa de modo incoherente e incomprensible en relación con certas medidas que foran tomadas pola corte de Saxonia para facerse co papel con picardía ou con

violencia, encargoulle que lle pedise a Kohlhaas o papel co pretexto de gardalo durante algúns días funestos, pois non estaría en seguridade no seu poder. A muller dos trapos aceptou inmediatamente o trato a cambio da promesa dunha recompensa considerable da que o camareiro lle tivo que abonar unha parte por adiantado. Como a nai do servente Herse, caído en Mühlberg, visitaba de vez en cando a Kohlhaas coa autorización do goberno e esta muller lle era coñecida desde había algunhas lúas, deste modo nun dos días seguintes e grazas a un pequeno presenta ó xefe do cárcere, conseguiu poder entrar até o tratante. Con todo, Kohlhaas, en canto veu a esta muller creu recoñecer, por un anelo con selo que ela levaba na man e por unha cadea de corais que lle pendía do pescozo, á mesma vella xitana que lle entregara o papel en Jüterbock e, como a probabilidade non sempre é compañeira da verdade, aconteceu que alí sucedeu algo que nós contamos, desde logo, máis témoslles que recoñecer a liberdade de dubidar diso a aqueles que así o prefiran: o camareiro cometera unha torpeza tremenda e na vella trapeira que recolleu nas rúas de Berlín para suplantar á xitana, atopara en verdade á mesma misteriosa xitana que quería facer suplantar. Polo menos, contaba a muller mentres lles acariñaba as meixelas ós nenos, que, impresionados pola súa estraña figura, se arrimaban ó pai, que xa había bastante tempo que ela volvera de Saxonia a Brandemburgo e, nas rúas de Berlín, ante unha imprudente e ousada pregunta do camareiro sobre a xitana que na primavera do ano anterior estivera en Jüterbock, inmediatamente se pegara a el e o animara baixo un nome falso a continuar co asunto que quería levar a cabo. O tratante de cabalos, apreciou un estraño parecido entre ela e a súa finada dona Lisbeth, de tal xeito que lle podería preguntar se non era a súa avoa e mesmo os trazos do seu rostro, as súas mans, na súa estrutura ósea aínda fermosas e de modo especial o a maneira que tiña de movelas ó falar recordábanlla do modo máis profundo. Tamén notou no seu pescozo un lunar que distinguía ó pescozo da súa muller. O tratante, mentres na súa cabeza se entrecruzaban pensamentos dun xeito estraño, obrigouna a sentar nunha cadeira e preguntoulle que diaño de negocios do camareiro a traían a xunto del. A muller, mentres o vello can de Kohlhaas lle ulía os seus xeonllos e, cando ela lle rascou a cabeza coa man, lle daba ó rabo, respondeu que “o encargo que lle dera o camareiro fora explicarlle a qué tres preguntas importantes para a casa de Saxonia daba resposta misteriosa o papel, avisalo da presenza en Berlín dun misterioso enviado que tiña a misión de facerse con el e pedirlle o papel baixo o pretexto de que non estaría en seguridade alí onde o levaba no seu peito. Porén, o propósito co que ela viñera sería informalo de que a ameaza de verse privado do papel por astucia ou

violencia era unha repugnante e valeira falacia: que el, baixo a protección do príncipe elector de Brandemburgo, en cuxa custodia se encontra, non debe ter o máis mínimo temor polo mesmo, pois a folla atópase nas súas mans moito máis segura que nas dela e que el estea a tento a non entregalo a ninguén, sexa a quen sexa e baixo calquera tipo de escusa e a non perdelo. Aínda así ela concluíu que lle parecía prudente facer do papel o uso para o que ela llo entregara na feira de Jüterbock, e de prestar oídos xordos á proposta que lle fora feita na fronteira polo fidalgo von Stein: a de entregarlle o papel, que agora a el mesmo xa non lle era de ningún proveito, a troco de liberdade e vida ó príncipe elector de Saxonia". Kohlhaas, exultante polo poder que lle era dado de ferir mortalmente o calcañar do inimigo no intre no que este o esmagaba contra o chan, respondeu: "Nin polo mundo enteiro, naiciña, nin polo mundo enteiro!"; Apertoulle a man á vella e o seu único desexo era saber que respostas habería no papel ás tremendas preguntas. A muller, mentres collía no colo ó fillo máis novo de Kohlhaas, que estaba anicado ós seus pés, dixo: "Nin polo mundo enteiro, Kohlhaas, mais sí por este fermoso rapaciño!", sorrindo, aloumiñando nel e dándolle bicos ó neno que a miraba con ollos moi abertos; despois, coas súas escuálidas mans, ofreceulle unha mazá que levaba na súa bolsa. Kohlhaas, confuso, dixo que os seus mesmos fillos, cando fosen maiores, o loarían polo seu comportamento e que el non podía facer nada que fose máis beneficioso para eles e os seus netos que conservar o papel. Aínda preguntou quen o protexería, despois da experiencia que fixera, contra un novo engano e se finalmente non sacrificaría inutilmente o papel en beneficio do príncipe elector como fixera nos ultimamente co exército que xuntara en Lützen. Dixo: con aquel que me quebrou a palabra unha vez non troco outra nunca máis. E só a túa esixencia, precisa e clara, me separa, boa naiciña, da folla de papel, pola que, dun xeito tan marabilloso, me foi dada satisfacción por todo o que sufrín". A muller, pousando o neno no chan, díxolle que el, desde máis dun punto de vista, tiña razón e que podía facer e deixar de facer o que quixese. E, coa mesma, agarrou as súas muletas coa intención de marchar. Kohlhaas volveulle a facer a súa pregunta sobre o contido do marabilloso papel; como ela respondeu que "o podía abrir, aínda que só sería por pura curiosidade", el quería obter aínda claridade sobre mil cousas máis antes de que ela o deixase: quen era ela en realidade, como acadara a ciencia que posuía, por que lle negara o papel ó elector, para que o escribira finalmente e por que, entre tantos milleiros de persoas, lle entregara a folla de papel precisamente a el, mais aconteceu que xusto naquel preciso intre se oíu o ruído que facían os alguacís da policía subindo polas escaleiras de modo que a muller,

invadida pola repentina preocupación de que a encontrasen naqueles apousentos, respondeu: "Adeus, Kohlhaas, adeus! Cando nos volvamos a ver non che ha faltar cocemento sobre todo iso". E, dirixíndose cara á porta, dixo: "Que vos vaia ben, neniños; que vos vaia ben!". Bicou a aquela xente miúda, un despois do outro, e saíu.

Entre tanto, o elector de Saxonia, preso dos seus tristes pensamentos, mandara chamar a dous astrólogos, Oldenholm e Olearius, que naquel tempo gozaban de gran sona en Saxonia, e pediulles consello en relación co contido do misterioso papel, tan importante para toda a liña dos seus descendentes e, como aqueles homes, despois dunha profunda investigación que se prolongou durante moitos días na torre do castelo de Dresde, non lograban poñerse de acordo sobre se trataba dos séculos futuros ou ó tempo presente, ou, se cadra, da coroa de Polonia, coa que as relacións seguían sendo moi belicosas, deste xeito, por esta discusión de sabios a intranquilidade e xa non digamos a desesperación na que se atopaba aquel desgraciado señor, en vez de ser eliminada, viuse acentuada e finalmente multiplicada até un grao tal, que foi totalmente insoportable para a súa alma. A isto veuse engadir que naquel momento o camareiro lle encargou á súa dona, que tiña a idea de seguilo a Berlín, de darlle a saber con discreción ó elector o difícil que estaba a situación despois do fracasado intento feito cunha muller, que acabou desaparecendo sen volver a dar sinais de vida, en relación coa obtención do papel que está en poder de Kohlhaas, xa que agora a pena de morte pronunciada contra el, despois dunha minuciosa revisión das actas, foi asinada polo príncipe elector de Brandemburgo e o día da execución foi fixado para o luns de Ramos. Ante esta noticia, o príncipe elector, co corazón esgazado de pesar e remordemento, como un que estivese irremediablemente perdido, pechouse no seu cuarto durante dous días, farto de vivir, sen tomar ningún alimento e, de pronto, no terceiro día, dando un breve aviso ó goberno de que saía de viaxe para ir cazar co príncipe de Dessau, desapareceu de Dresde. Onde foi realmente e se se dirixiu a Dessau, deixarémolo de momento a un lado, pois as crónicas, cuxa confrontación é a fonte da nosa información, nesta pasaxe contradinse e anúlanse unhas ás outras dun xeito estraño. O certo é que o príncipe de Dessau, incapacitado para cazar, naquela época estaba enfermo en Braunschweig a carón do seu tío o duque Heinrich e que, ó cerrar da noite do día seguinte, a dama Heloise, en compañía dun tal conde de Königstein co que presentou como curmán seu chegou a Berlín a xunto do camareiro, señor Kunz, marido seu. Entre tanto a Kohlhaas fóralle lida a pena de morte, retiráranselle as cadeas e fóronlle devoltos os documentos

relativos á súa fortuna, que lle foran retirados en Dresde, e, como os conselleiros que o tribunal enviara a xunto del lle preguntaron de que modo quería que se administrase o que el tiña despois da súa morte, el, coa axuda dun notario, redactou un testamento en favor dos seus fillos, poñendo como testamenteiro ó seu fiel amigo o funcionario de Kohlhaasenbrück. Unha vez feito isto, nada se podía comparar á tranquilidade e satisfacción dos seus últimos días, pois por unha rara disposición especial do elector, pouca despois tamén foi aberto o cárcere no que el se atopaba e autorizóuselles a entrada libre, de día e de noite, a tódolos seus amigos, que eran moitos os que el tiña na cidade. E tivo mesmo a gratificación de ver entrar no seu cárcere ó teólogo Jakob Freising, portador, como enviado do doutor Lutero, dunha carta de puño e letra deste, sen dúbida moi especial, mais que desgraciadamente se perdeu, e de recibir das mans deste señor clérigo en presenza de dous deáns brandeburgueses a caridade da comuñón. Despois disto, no medio dun rebulir xeral da cidade, que aínda non podía deixar de crer na esperanza dun acto de autoridade, xa chegou o fatal luns de Ramos, no que el debería reconciliarse ó mundo polo seu intento excesivamente impulsivo de querer facerse xustiza pola súa propia man. Acompañado por unha forte garda, levando ós seus nenos no brazo, favor que suplicara expresamente ante a barra do tribunal, e guiado polo teólogo Jakob Freising, xa saía pola porta da súa prisión, como polo medio dun dorido formigueiro de coñecidos que lle estreitaban a man e se despedían del, o castelán do palacio do elector, coa cara demudada, achegouse a el e deulle unha folla de papel que dixo que lle entregara en man unha muller vella para que lla dese a el. Kohlhaas, mirando estrañado cara aquel home que case lle era descoñecido, abriu o rolo, cuxo selo impreso sobre o lacre, lle recordou inmediatamente á coñecida xitana. Mais quen podería describir o abraio que o dominou ó ler naquel papel este aviso: “Kohlhaas, o elector de Saxonia está en Berlín. Achegouse a diante do patíbulo; poderalo recoñecer por un sombreiro con plumas azuis e brancas. Non é preciso que che diga con que propósito ven: el quere desenterrar a cápsula en canto ti esteas debaixo da terra e mandar abrir o papel que leva dentro. A túa Elisabeth”. Kohlhaas, profundamente confuso, volvéndose cara o castelán, preguntoulle se coñecía á extraordinaria muller que lle entregara o papel, mais, cando xa este iniciara a resposta: “Kohlhaas, a muller ...”, de pronto paralizóuselle a fala dun xeito estraño no medio da frase e Kohlhaas, arrastrado pola comitiva, que naquel intre se poñía de novo en movemento, non puido entender o que refería aquel home que parecía tremer con tódolos membros do seu corpo. Ó chegar ó lugar da execución encontrou alí ó elector de Brandemburgo con todo o seu séquito,

no que se encontraba tamén o gran chanceler, o señor Heinrich von Geusau, no medio dunha inmensa masa de xente. Alí estaban agardando dacabalo, á súa dereita o procurador imperial, señor Franz Müller, que levaba na man unha copia da sentenza de morte; a súa esquerda, co fallo do tribunal da corte de Dresde, o seu propio avogado, o xurisconsulto Anton Zäuner; no centro do semicírculo que pechaba o pobo estaba un heraldo que levaba un atado con cousas e os dous relucentes morcelos que petaban na terra cos seus cascos, pois o gran chanceler, señor Heinrich, conseguira levar adiante a demanda que presentara en Dresde en nome do seu señor punto por punto e sen a máis pequena restrición, contra o fidalgo Wenzel von Tronka, xa que os cabalos, lexitimados polo abaneo dunha bandeira sobre as súas cabezas e retirados das mans do esfolador que os alimentara, foran engordados pola xente do fidalgo e, en presenza dunha comisión creada especificamente para isto, entregados ó avogado no mercado de Dresde. A continuación, cando Kohlhaas, acompañado pola garda, se achegou ó estrado a carón do elector, este tomou a palabra dicindo: “Ben, Kohlhaas, este é o día no que se che fai xustiza; mira: aquí che devolvo todo o que perdiches de forma violenta no castelo dos Tronka e que eu, como señor teu, tiña ante ti o deber de recuperarche: morcelos, pano do pescozo, floríns do Imperio, roupa branca e mesmo os custos da cura termal do teu servente Herse, caído en Mühlberg. Estás satisfeito de min?” Kohlhaas, mentres con ollos moi abertos e escintilantes ía lendo rapidamente a conclusión da sentenza, que lle fora entregada a un sinal do gran chanceler, pousou no chan ó seu carón os seus dous nenos que levaba no brazo, e, atopando nela un artigo no que o fidalgo Wenzel von Tronka era condenado a dous anos de prisión, sen moverse de onde estaba, completamente dominado polos sentimentos, cruzando as mans sobre o peito, axeonllouse diante do elector. Despois, erguéndose, aseguroulle con ledicia ó gran chanceler, poñendo a man diante do seo, que o seu máis grande desexo na terra se cumprira e, achegándose ós cabalos, examinounos e deulles palmadas nos seus gordos pescozos. Volvendo de novo a carón do gran chanceler, manifestoulle a este cun ton sereno que “lle facía agasallo dos seus dous fillos, Heinrich e Leopold”. O chanceler, Heinrich von Geusau, inclinándose cara el en sinal de condescendencia desde o seu cabalo, prometeulle no nome do elector que a súa derradeira vontade debería ser cumprida relixiosamente ó tempo que lle pedía que dispuxese segundo a súa vontade sobre as restantes cousas que había no atado. De seguido Kohlhaas chamou ó seu carón á vella nai de Herse, que el recoñecera entre a masa da xente e, entregándolle as cousas, díxolle: “Toma, naiciña; isto é teu”, e, engadindo aínda como agasallo a suma que se

atopaba no atado coas cousas, “para o coidado e alivio da túa vellez”. O príncipe elector dixo entón: “Kohlhaas, o tratante de cabalos, ti que, deste xeito, obtiveches satisfacción, disponte a darlle pola túa parte á Maxestade Imperial, cuxo procurador está aquí presente, satisfacción pola perturbación da súa paz pública. Kohlhaas, sacando o seu sombreiro, que tirou ó chan, dixo que “estaba preparado para iso!”. Despois de erguer unha vez máis os nenos do chan e de apertalos contra o seu peito, entregoullos ó funcionario de Kohlhaasenbrück e, mentres este, entre silentes bágoas, os sacaba da praza, achegouse ó cepo. Acababa de desatar o pano do pescozo e de abrir o peito da súa camisa, cando nunha rápida pasada da vista sobre o roda que formaba a xente, distinguiu a pouca distancia, entre dous cabaleiros que medio o tapaban, ó ben coñecido home co penacho de plumas azuis e brancas. Kohlhaas, dando un paso repentino que colleu por sorpresa á garda que o rodeaba, achegouse directamente a el, ceibou a cápsula do peto, sacou dela o papel e, rompendo o selo que este levaba, percorreuno coa vista e, dirixindo a vista á cara do home do penacho azul e branco, que xa empezaba a concibir doces esperanzas, botou na boca e enguliuno. Vendo isto, o home do penacho azul e branco derrubouse sen coñecemento entre convulsións. Mais, mentres os desconcertados acompañantes deste se abaixaban e o levantaban do chan, Kohlhaas dirixiuse ó patíbulo, no que a súa cabeza caeu baixo a machada do verdugo. Aquí remata a historia de Kohlhaas.

Entre o lamento xeral do pobo, o seu corpo foi posto nun cadaleito e, mentres os portadores o levaban para darlle digna sepultura, o elector chamou a si os fillos do finado e armounos cabaleiros, dándolle a saber ó gran chanceler que tiñan que ser educados nunha escola de paxes. O elector de Saxonia retornou pouco despois en corpo e alma a Dresde, onde se ten que recoller o resto da historia. No século pasado aínda vivían na terra de Mecklemburgo, contentos e sans, algúns descendentes de Kohlhaas.

© BIVIR – Asociación de Tradutores Galegos
© da tradución, Elisabeth Schaible e Xose M.ª García